



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 103

**Sesión plenaria**  
26 de febreiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: w8jPwFko2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm, 44223, 10/PL-000012)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 431, do 14.02.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria (doc. núm. 44486, 10/PPLC-000012)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 424, do 01.02.2019

### Punto 2. Comparecencia

#### 37714 (10/PPP-000080)

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 46358 (10/MOC-000127)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43841, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

#### 3.2 46415 (10/MOC-000128)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no sistema galego de saúde. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41288, publicada no BOPG nº 397, do 13.12.2018, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 41015 (10/PNP-003097)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

### 4.2 41203 (10/PNP-003113)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

### 4.3 41848 (10/PNP-003169)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

### 4.4 44588 (10/PNP-003333)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

### 4.5 44792 (10/PNP-003349)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel e quince deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 423, do 31.01.2019

### 4.6 45617 (10/PNP-003423)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**



Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

#### **4.7 45754 (10/PNP-003436)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

#### **4.8 45756 (10/PNP-003437)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 43899 (10/INT-001440)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

#### **5.2 25183 (10/INT-000821)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

#### **5.3 44014 (10/INT-001442)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento das informacións en materia de igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

#### **5.4 44310 (10/INT-001449)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**



Sobre as medidas que debe executar e impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da formación continua do persoal dos centros de información ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

## **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **6.1 46484 (10/POPX-000130)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### **6.2 46485 (10/POPX-000131)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de afrontar a crise de natalidade que experimenta Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### **6.3 46486 (10/POPX-000132)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co exercicio por parte das mulleres do dereito á folga o día 8 de marzo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

### **7.1 46451 (10/PUP-000225)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### **7.2 45329 (10/PUP-000221)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



**7.3 46428 (10/PUP-000224)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para rectificar a cronificación da precariedade laboral, da temporalidade e da fenda salarial das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

**7.4 42110 (10/POP-004879)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Estratexia galega de convivencia-Educonvives 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

**7.5 44402 (10/POP-005302)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da educación afectivo-sexual que está a recibir a mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

**7.6 45504 (10/POP-005425)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da afectividade e da educación sexual en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

**7.7 45585 (10/POP-005435)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

**7.8 46483 (10/PUP-000226)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e sete deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

**7.9 44888 (10/POP-005358)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o aumento do número de persoas usuarias de comedores sociais ao longo de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



**7.10 45252 (10/POP-005416)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da visita a Vigo realizada pola ministra de Sanidade o día 28 de xaneiro de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

### **Alteración da orde do día**

*O señor presidente somete á consideración da Cámara a solicitude de aprazamento da primeira interpelación da orde do día. Esta alteración apróbase por asentimento. (Páx. 13.)*

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 13.)*

*Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sra. Torregrosa Sañudo (EM). (Páx. 18.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 20.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 24.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 29.)*

*Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Torregrosa Sañudo (EM). (Páx. 34.)*





**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 39.), Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 42.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 45.)

Rolda de réplica: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 48.)

**Votación dos textos lexislativos**

Votación da emenda á totalidade, con petición de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 37 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria: *aprobada por 33 votos a favor, ningún voto en contra e 37 abstencións.* (Páx. 50.)

**Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 51.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx.58.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 61.), Sra. Vázquez Veroa (EM) (Páx. 64.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 67.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 70.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. .) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 74.), a señora Blanco Rodríguez (S) (Páx. 76.), a señora Vázquez Veroa (EM) (Páx. 78.), a señora Rodríguez Arias (P) (Páx. 80.) e a señora conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 82.)

A señora Vázquez Veroa (EM) solicita a palabra por alusións ao abeiro do artigo 76. (Páx. 83.)

Tamén intervén o señor Fernández Leiceaga (S) para facer unha aclaración e para pedir a retirada dunha expresión por parte da interveniente do Grupo Parlamentario Popular no debate. (Páx. 83.) O señor presidente concédelle a palabra á señora Rodríguez Arias (P) para que se exprese sobre esta petición. (Páx. 84.)



*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos da tarde.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 87.), *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 89.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 91.)

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG)*. (Páx. 93.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 98.), *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 100.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 101.)

*Nova intervención do señor Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 103.)

***Votación das mocións***

Votación da Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 105.)

***Modificación no desenvolvemento da orde do día***

*O señor presidente somete á consideración da Cámara unha modificación na ordenación do debate das preguntas ao Goberno, por solicitude da señora conselleira do Mar. A modificación queda aprobada por asentimento*. (Páx. 106.)



**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Flora María Miranda Pena e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Miranda Pena (EM). (Páx. 107.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 108.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 111.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 113.)*

*A señora Miranda Pena (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 115.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 117.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Torregosa Sañudo (EM). (Páx. 120.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 122.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 123.)*

*O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 125.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 126.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 127.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 130.) e Sra. Rodríguez Barreira (P). (Páx. 131.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 134.)*

*A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 135.)*



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Pre-sas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada. (Punto cuarto da orde do día.).**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 137.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P). (Páx. 140.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 142.) e Sra. Quintero Araújo (EM). (Páx. 144.)*

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 146.)*

*Suspendese a sesión ás sete e trinta e oito minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia dona Eva Solla e don Alberto Núñez Feijóo —polo menos polo día de hoxe—.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** E agora tamén someto á Cámara unha información sobre a solicitude de aprazamento da interpelación 5.1 da orde do día, que é unha interpelación do Grupo Parlamentario de En Marea —páreceme que é—. ¿É de en Marea, non? Si, é de En Marea. E neste caso faise de acordo co recollido no artigo 73.1 do Regulamento. E a alteración da orde do día é para o aprazamento da interpelación.

*(Asentimento.)*

Hai asentimento. Polo tanto, perfecto.

Entón, empezamos xa co punto 1, textos legislativos.

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Traemos hoxe a esta Cámara o proxecto da que será a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, respondendo así ao compromiso adquirido por este goberno para a actual lexislatura. Calquera texto legal que se debate e se somete a votación neste Parlamento é importantísimo, pero coido que esta Lei de rehabilitación conta cun plus de relevancia, xa que é un texto pioneiro e será a primeira lei deste tipo coa que vai contar Galicia, sendo ademais das primeiras comunidades en regular especificamente e dun xeito ex-



haustivo esta materia, porque é unha lei que está concibida para axilizar a tramitación e para impulsar a recuperación de cascos históricos e tamén de núcleos rurais e porque nace co obxectivo de promover entre os galegos e as galegas a cultura da rehabilitación.

Señorías, coido que todos os grupos que temos representación nesta Cámara estamos de acordo en que Galicia necesitaba unha Lei de rehabilitación, porque non hai maior desprotección para as vivendas, para os nosos cascos antigos, para os nosos núcleos rurais que o seu abandono, e porque queremos facer unha Galicia máis atractiva para vivir, para traballar e tamén para visitar. E queremos facelo facilitando a recuperación do xa construído, fomentando a conciencia sobre a importancia da rehabilitación das vivendas e impulsando a dinamización económica, social e demográfica de Galicia.

Estamos ante unha lei que supón un paso máis da Xunta de Galicia na posta en valor do noso territorio, un eido no que levamos traballando xa dez anos e que tivo numerosos fitos. O primeiro deles, o Plan de ordenación do litoral, no ano 2011; as Directrices de ordenación do territorio, tamén do ano 2011; a Lei do solo do ano 2016; ou a Estratexia galega da paisaxe, do ano 2017; con outros dous grandes fitos como son o Plan básico autonómico e os plans básicos para os concellos de menos de cinco mil habitantes.

Este longo percorrido, loxicamente, estaría incompleto sen unha nova lei que responde á necesidade de dignificar a paisaxe e de poñer en valor a arquitectura tradicional, conseguindo ao mesmo tempo que estes espazos se recuperen e volvan ser centros de actividade económica; unha lei que se encaixa dentro da aposta da Xunta pola rehabilitación como ferramenta fundamental nas políticas de vivenda e como solución eficiente, sostible, pero tamén de futuro.

Por iso, este ano destinamos nos orzamentos un total de 36 millóns de euros, que vén ser o 38 % do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo. O noso obxectivo, en definitiva, é que a rehabilitación de vivenda resulte cada vez máis atractiva para os cidadáns e, ao mesmo tempo, cumpra con esas novas necesidades dunha sociedade moderna e avanzada, así como das medidas adoptadas nesta materia para que sexan o máis eficientes posibles.

Por iso, dende o primeiro momento fomos conscientes de que había de ser unha lei desenvolvida co máximo consenso, e así o temos demostrado. Sabemos que só deste xeito conseguiremos que cumpra o seu obxectivo e ademais que perdure a longo prazo. De feito, buscamos o consenso dende os primeiros pasos. Para a súa elaboración abrimos un proceso de participación. Mantivemos un diálogo con todos os sectores implicados e con todos os axentes sociais. Quixemos que todos aqueles que quixeran realizar achegas ao texto puideran facelo, e esa participación resultou máis que frutífera. De feito, incorporamos ao texto que hoxe lles estamos a presentar o 42 % das alegacións que nos fixeron chegar durante o trámite de consultas previas á audiencia do texto. Posteriormente, remitimos a lei ao Consello Económico e Social para a súa valoración e ditame. E neste trámite dicirlles que se aceptaron case o 74 % das alegacións recibidas.

Hoxe queremos completar este proceso. É un proceso de diálogo, é un proceso escoitando os distintos grupos políticos con representación no Parlamento. E todas aquelas observacións



que teñan como fin alimentar e retroalimentar esta lei van ser benvidas. Penso que esta lei é tan importante que vale a pena facer un esforzo extra para alcanzar o consenso. Queremos que sexa unha lei de todos os galegos e para todos os galegos e as galegas.

O que traemos hoxe aquí é un texto que responde directa e oportunamente aos tres grandes obxectivos que nos marcamos ao longo da súa elaboración: a redución e simplificación de trabas e trámites á hora de rehabilitar —é fundamental—, a creación de novas figuras de xestión que faciliten o impulso destas accións e a introdución de novas medidas de financiamento e —como non podía ser doutro xeito— tamén novas sancións.

O noso obxectivo principal é dar máis facilidades para a rehabilitación de vivendas tanto en cascos históricos como nas zonas rurais, priorizando deste xeito a rehabilitación fronte ás novas construcións, tal e como dixo o presidente da Xunta o pasado mes de xaneiro cando a lei foi remitida á Cámara. Para iso propoñemos a actuación de dous ámbitos diferentes: por un lado, a rehabilitación de inmobles, e, por outro lado, a rexeneración e tamén a renovación urbana.

Co obxectivo de reducir as posibles trabas entre as principais novidades da lei, inclúese a simplificación dos procesos e dos trámites necesarios para levar a cabo as actuacións de rehabilitación, sempre que non afecten valores protexidos. Así, no texto inclúense normas de aplicación directa que se aplicarán en todas as zonas que contén con protección nos trescentos trece concellos. Simplifícanse os trámites de intervención nas vivendas que están situadas ao carón dos camiños de Santiago. Amplíanse os supostos para a concesión de licenzas directas por parte dos concellos, por exemplo, para traballos de cambios de cuberta, para carpinterías exteriores, en fachadas ou no interior das edificacións. E simplifícase a tramitación das modificacións puntuais de planeamento, acadando unha redución no prazo que alcanza o 40 % do tempo.

Ademais, para ampliar o parque de vivendas recuperables, facilítase a adquisición de inmobles cando os seus propietarios incumpren os seus deberes de rehabilitación. Así, a Xunta e os concellos poderán expropiar edificios ruinosos ou semirruinosos por un 50 % dos dereitos da propiedade do solo. Con todo, isto non será de aplicación a aquelas persoas que non puideran rehabilitar debido a circunstancias económicas e tamén persoais.

Por último, impulsaranse as intervencións públicas para a recuperación dos ámbitos deteriorados e intensificaranse as axudas a concellos e particulares para fomentar as actuacións de rehabilitación, de renovación e de rexeneración urbana.

Créanse novas figuras de xestión. Na lei que presentamos hoxe ante o Parlamento refórzanse as figuras de xestión actuais e créanse outras novas para impulsar a rehabilitación. De feito, afiánzase a figura das áreas de rehabilitación integral (as denominadas ARI), potenciando as xa existentes e dándolles un contido máis amplo ás actuacións a realizar. Créase a rede de oficinas de rehabilitación.

Tamén se poñen en marcha as áreas Rexurbe, áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, que afectarán con carácter xeral os núcleos históricos catalogados como BIC que



se atopan especialmente degradados, ou pola súa singularidade ou pola súa deterioración, e han de precisar dunha especial actuación. Nestes ámbitos será necesario dispoñer dun plan de dinamización que fixe unha folla de ruta a seguir. Neste instrumento, que será aprobado polo Consello da Xunta, analízase a zona de actuación dende a perspectiva económica, arquitectónica, patrimonial, comercial e tamén social.

A lei tamén crea as zonas de especial necesidade de rehabilitación (as denominadas ZER), pensadas para edificios específicos ou para un conxunto deles cando sexa necesario realizar unha actuación urxente ou dotalos de equipamentos de especial relevancia.

Ademais, póñense en marcha os centros Rexurbe, que terán como obxectivo centralizar a xestión de actuacións e facilitar as intervencións tanto públicas por parte de particulares como tamén por parte dos promotores.

Pero, como xa dixen ao inicio, a lei non só se centra nas cidades e nos cascos históricos, senón que tamén impulsa a rehabilitación dos núcleos rurais, buscando sempre unha maior prosperidade para o noso rural. E faino a través de diferentes ferramentas. Por un lado, a creación por parte dos concellos dos rexistros municipais de núcleos en estado de abandono; por outro lado, facilitando as actuacións de rehabilitación, eliminando trabas; e xa, en terceiro lugar, simplificando os procedementos de compra de vivendas en ruína.

A lei tamén inclúe —como non podería ser doutro xeito— medidas de fomento ao financiamento de actuacións de rehabilitación, posibilitando a combinación de diferentes tipos de financiamento público. Por un lado, actuacións directas por parte da Xunta de Galicia, fondos estatais e europeos, programas de financiamento con entidades financeiras ou convocatorias de axudas para particulares e promotores.

Nas medidas de financiamento de rehabilitación destaca especialmente unha: o fondo Rexurbe, que consiste en préstamos sen xuros aos proxectos presentados polos concellos nos que se delimite unha zona ou unha área Rexurbe; e o canon de inmobles en estado de abandono, un tributo da Comunidade Autónoma sobre os inmobles declarados en estado de abandono dentro das áreas Rexurbe. Os ingresos obtidos por este canon destinaranse a financiar actuacións e medidas de dinamización dentro do propio ámbito no que estean incluídas. Estarán exentos aqueles cidadáns que non poidan atender as obrigas debido á falta de recursos económicos.

A través da Lei de rehabilitación tamén buscamos contribuír á loita contra o feísmo, especialmente nos nosos cascos históricos. Por primeira vez establécese un réxime sancionador específico para loitar contra aquelas pintadas, os denominados graffitis, que se produzan nas edificacións históricas e en ámbitos protexidos, incluíndo multas que irán dende 300 a 150.000 euros, dependendo de se é unha infracción leve ou é unha infracción grave. A finalidade desta novidade lexislativa en materia de pintadas vén ser, primeiro, disuasoria; primeiro debemos de previr, pero ben é certo que despois temos tamén que tipificar e sancionar. E, por outro lado, centrámonos no impacto positivo da rehabilitación.

En definitiva, esta lei ten como finalidade eliminar todo tipo de barreiras que poida haber dende o punto de vista lexislativo, administrativo e tamén de xestión, simplificando os trá-





mites, eses trámites que nos demandaban tanto os promotores como os concellos e os propietarios, e que viamos pero que ao final non dabamos o paso, cunha conciencia activa agora mesmo sobre o que vai implicar a rehabilitación das nosas vivendas.

Como a rehabilitación é unha ferramenta que se converte nun auténtico motor para o desenvolvemento do seu contorno, temos que impulsala e non pode ser doutro xeito máis que regulándoa. Dá resposta ás necesidades da vivenda da poboación, permite conservar o patrimonio construído e contribúe a minorar os impactos no noso medio, e, sen dúbida ningunha, leva ademais apareladas innumerables vantaxes, moitos beneficios.

Saben, por exemplo, que por cada millón de euros que se destine a axudas públicas a particulares, no caso da rehabilitación, son máis de 3 millóns de euros o investimento inducido. Pero tamén se crean 200 postos de traballo e, arredor de todo isto, son 1,6 millóns de euros en tributos e tamén en cotizacións. Por iso, dende a Xunta de Galicia consideramos clave contar cunha ferramenta legal que facilite e potencie a recuperación do xa construído que permita que Galicia continúe evolucionando con identidade propia e sexa un referente estatal en materia de rehabilitación.

En definitiva, señorías, somos moi conscientes da importancia que ten a Lei de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbana para a nosa comunidade, para os nosos concellos, para os promotores, para os donos dos edificios; pero tamén para aquelas persoas que deciden ir a un casco antigo. Pero hai novas necesidades e, polo tanto, hai que sacar de diante as trabas. Porque a participación é primordial, e é primordial por parte de todos os axentes —así o viñemos facendo— pero tamén por parte de todos os grupos políticos.

Agora o noso desexo, o meu desexo, é buscar e acadar o máximo consenso nesta Cámara, porque coído que a todos nos interesa conseguir o máximo acordo posible nunha lei que estará dirixida a dar un paso máis na posta en valor do noso territorio. É unha lei de futuro, é unha lei de Galicia, é unha lei de todos. É unha lei que facilitará a recuperación do patrimonio construído, daquel legado que nos deixaron. Non hai peor deterioración que o abandono. É unha lei que facilitará a recuperación do patrimonio, unha lei que busca converter os núcleos degradados en focos de vida económica e social. Xa non nos centramos só na rehabilitación a nivel urbanístico senón que tamén queremos dinamismo, queremos vida nos cascos antigos, nos núcleos rurais. É unha lei que quere recuperar a nosa identidade e a nosa prosperidade, unha lei de futuro.

Señorías, estamos convencidos de que este proxecto de lei é o que necesita a Galicia do presente pero tamén a Galicia do futuro, e de que nos axudará a sentar as bases dun futuro máis ordenado, responsable e, sobre todo, máis sostible. Polo tanto, como conselleira si lles pediría o máximo esforzo aos distintos grupos políticos, un esforzo que se fixo xa anteriormente —foron moitas as alegacións, moitas as contribucións—. Ao final, o resultado ten que ser esa Galicia fermosa onde vivir, onde estar, pero tamén a que poder visitar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Parécenos que o que este proxecto de lei transmite, a pouco que se estude, é unha falta completa de vontade, do que unha lei debe pretender, ao noso entender, que é dar forma legal á solución dunha situación na que había un baleiro regulamentario, tendo en conta o marco lexislativo previo, de forma clara e sinxela para dar un servizo á cidadanía. Nada disto aparece no proxecto de lei que estamos aquí a debater, máis ben fai xustamente o contrario; é dicir, crear unha confusión no xa caótico percorrido de leis e regulamentos que se foron sucedendo desde a Lei 2/2016, do solo de Galicia, e o seu regulamento de aplicación no Real decreto 143 do mesmo ano; unha lei que ademais tiveron a ben ir modificando tras sucesivos axustes de medidas fiscais e administrativas nas leis 2 e 9, de 2017, na Lei 3 de 2018, neste mesmo proxecto de lei e no novo regulamento que substituirá o 143, que xa está a desenvolverse de forma paralela a este mesmo proxecto de lei, e a Lei 3/2016 e a 5/2017, de proxectos públicos de urxencia e implantación de iniciativas empresariais.

Esta dispersión e confusión normativa, produto da constante improvisación cara aos intereses concretos, prexudica gravemente a seguridade xurídica e integridade patrimonial e urbanística no noso país. Como xa dixeramos, baixo unha xustificación de axilización de trámites burocráticos, ábrese a veda de sacar as normas de protección do noso patrimonio. Tampouco esta lei respecta a actual Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia, nin a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.

Tras todo este conxunto de leis, que se van modificando a medida dos seus propios intereses —xa que é evidente que o debate nesta Cámara non existe, nin a reflexión nin a autocrítica—, atopámonos con esta perla lexislativa. Desde o noso grupo parlamentario xa presentáramos na Comisión 4ª unha iniciativa sobre o anteproxecto de lei en relación co que se vía que ía pasar: que se estaba preparando unha lei na que o obxectivo básico é o de mobilizar, mesmo con medidas forzosas, cara á xestión privada o patrimonio construído, que lles lembramos que pertence ao conxunto dos galegos e das galegas. E a súa obriga, como goberno, é protexelo e non facer negocio con el degradándoo e vendéndoo ao mellor ofertante.

Acaba de dicir que están moi interesados en escoitar as recomendacións e que ten que ser unha lei de consenso. É verdade. Entón xa expomos o noso rexeitamento ante un ataque frontal á pervivencia do patrimonio arquitectónico nos centros históricos, onde non se respecta a ordenación e permítese a ocupación do solo público e do subsolo, permítese alteracións da estrutura urbana, definida por un aumento de edificabilidade e do volume, contravindo nos centros históricos a necesidade do plan especial de actuación contemplado na Lei 5/2016.

A norma de aplicación directa do réxime dos edificios protexidos propón determinacións que serán de aplicación aos edificios incluídos no ámbito territorial nas categorías de bens



definidos na Lei de patrimonio de Galicia, dos seus contornos de protección ou onde sexa obrigatorio establecer plans especiais de protección que prevalecen sobre o planeamento xeral, PXOM ou plan básico autonómico ou de desenvolvemento, inclusive os PEPRI xa aprobados. Só se exclúen das ditas NAD os BIC individuais e os de nivel de protección integral.

Proporcionalmente, quero dicirlle, señora conselleira, que pouco ou nada, respecto do que vai pasar, teñen importancia as pintadas. Por pór un exemplo, en lugar de fomentar o tráfico peonil, o aparcadoiro disuasorio gratuito e o transporte público, preténdese permitir o uso do subsolo nos centros históricos, cando na maior parte dos conxuntos históricos de Galicia xa se conseguiu suprimir o tráfico rodado.

Naquel momento, na comisión, xa pedimos reflexión e responsabilidade ante o que se estaba a propor, unha auténtica barbaridade. A resposta da súa voceira foi que era un anteproxecto e que xa se levaría a debate a pleno. ¿De verdade? Oxalá aproveiten algo do que se expón na emenda para modificar iso que propoñen.

E a modo de resumo da mesma, é unha lei que beneficia o investimento privado, con medidas que permiten saltar as leis de protección do patrimonio para facer máis atractiva aínda a oferta; unha lei que non regula os mecanismos de participación cidadá orientados a acadar o maior consenso posible para as operacións de rexeneración e renovación urbanas; unha lei na que o abandono dos centros históricos non é razón para fomentar políticas de vivenda cara á cidadanía, algo que absolutamente non contemplan os seus orzamentos executados.

Nin concepto de vivenda baleira nin realoxamento dos veciños que poidan saír afectados nin plans de alugueiro social nin axudas para a rehabilitación ou adecuación para colectivos sociais que, aínda querendo quedar, non poden facer fronte ao custo da actualización de vivendas. Non hai ningún tipo de protección para os habitantes actuais. Unhas expropiacións que poden rebaixar o prezo de venda dos inmobles ao 50 % do seu valor, que se poden executar forzosas aínda sen que haxa mala conservación da vivenda, e nos que a propia Administración pública, no lugar de ter unha posición de igualdade ou privilexio, cando menos, na posibilidade de adquisición do dito inmovible para uso colectivo e social, déixaa relegada privilexiando o investimento privado, e, nos casos de vendas forzosas, só podendo adquirir o inmovible tras dúas poxas, tras a oferta á metade de prezo, na que teñen privilexios as empresas e o investimento privado.

Non hai un traballo profundo para regular a situación dos núcleos rurais máis alá da venda do patrimonio construído á iniciativa privada. Como vostede ben dixo, eliminar trabas, vender, vender, vender...

Só con ánimo de ilustrar, acudo —xa que ultimamente nos sentimos tan unidos ao noso referente estatal— á lei base, á Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, onde se especifica, entre outras cousas, a obriga, conforme a Constitución, das administracións de garantir a conservación do patrimonio histórico español, así como de promover o enriquecemento do mesmo e fomentar e tutelar o acceso de todos os cidadáns —en diferentes artigos—. «As administracións do Estado» —engade— «protexerán os devanditos bens fronte á explotación ilícita e á espoliación».



Parécenos, polo tanto, que este proxecto de lei non é só completamente insensible ao valor histórico e cultural do rico, diverso e xa fraxilizado patrimonio arquitectónico galego, e máis que unha lei de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana de Galicia parece unha posta a punto para saír ao mercado dos bens. Como xa dixemos, señores do Goberno, e xa que son vostedes conservadores, polo menos deberían demostrar e asumir a súa responsabilidade con feitos que non deixen máis desgrazas ás xeracións por vir. Dálles igual a quen van vender Galicia, só manexan estatísticas falsas. É fundamental unha única lexislación e que en ningún caso esta lei —tal e como presentamos na nosa emenda á totalidade— pode facer invisible a protección do patrimonio.

A vida nas cidades fana as persoas; nós, os investimentos estranxeiros e os grupos financeiros. A xente que xa vive nas cidades é a que ten que recibir as axudas para poder seguir vivindo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Rolda dos outros grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día, señora conselleira.

Este debate de totalidade parécenos que é unha boa oportunidade para un debate de fondo sobre a situación na que estamos e sobre a oportunidade ou a necesidade desta lei.

Para o BNG, o primeiro que temos que facer é constatar o fracaso das políticas económicas, urbanísticas e de ordenación do territorio en Galiza. Vostede falounos aquí de moitas leis, e a maioría están sen desenvolver; por exemplo, as directrices de ordenación do territorio e a estratexia da paisaxe están sen efectivizar, e son normas que levan moitos anos xa aprobadas.

Todo isto, este baleiro legal, este incumprimento da lei e estas políticas de fondo o que levaron é ao abandono do territorio, á despoboación das zonas rurais, á degradación de centros urbanos e dos centros históricos. E isto produciuse por políticas concretas que foron potenciadas e promocionadas, políticas especulativas, políticas excluíntes e discriminatorias, políticas disgregadoras e desestruturantes, coa proliferación do modelo de cidades e áreas urbanas difusas fronte ás compactas. Estas políticas levaron á expulsión da xente dos centros das cidades. Pero foron decisións de política económica e de política urbanística que desenvolveron gobernos, na maior parte dos casos, do Partido Popular.

Isto ten moito que ver, por exemplo, coa proliferación e coa promoción de grandes centros comerciais, que debilitan o comercio local e o comercio tradicional. Iso foi apoiado por políticas do Partido Popular. E son, ademais, actuacións como as das cidades dormitorio, como as dos barrios dormitorio, como as das grandes urbanizacións, que crean grandes impactos na paisaxe, no territorio e na mobilidade. Este é o modelo ao que se foi, e agora quéixanse



da situación. Isto foi promovido e ten unhas responsabilidades. Vostedes teñen moito que ver con iso, igual que co do abandono do rural, coa perda de servizos nas zonas rurais ou co desmantelamento de sectores económicos básicos da economía rural; todo iso, ademais, incentivado, promocionado, con leis como a «Lei de depredación».

A segunda cuestión deste debate de fondo que queremos traer aquí é o fracaso das políticas urbanísticas e da vivenda, políticas especulativas que puxeron por diante o negocio privado sobre o interese público e os dereitos das persoas. Curiosamente para isto non aplican a súa sacrosanta Constitución. Foron políticas especulativas que teñen como consecuencia un incremento excesivo, abusivo, desmesurado e artificial do prezo da vivenda, tanto en venda como en alugueiro. Agora estamos asistindo a esa burbulla do alugueiro que está sendo potenciada e promocionada por políticas concretas, incluído o plan estatal de vivenda. Estamos asistindo, asistimos nestes anos, ao grande festín da banca e dos fondos de investimentos arredor da especulación coa vivenda. En lugar de intervir no mercado desde os poderes públicos e desde a Xunta de Galiza, pois non se fai nada. E aí está a situación das vivendas baleiras, co fracaso do Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galiza. Aínda que vostedes lles botan a culpa aos concellos, é un fallo de fondo no plantexamento e na propia idea do programa.

Vimos nestes anos como se reduciu o gasto público en vivendas no Estado —en Galiza estamos á cola de Europa— ou como se reduciu o investimento en vivendas de promoción pública ou a baixa execución orzamentaria dos programas de rehabilitación e calidade da vivenda. E, claro, agora, na memoria do proxecto de lei, fálase do esgotamento dese modelo, das limitacións da construción de vivenda nova, da prioridade de intervir sobre o construído fronte á construción nova, da importancia da rexeneración dos espazos urbanos e rurais e da rehabilitación de edificios antigos. Pero, claro, todo isto está sen facer porque non o fixeron. Levan moitos anos gobernando e agora véñennos con ese mantra da rehabilitación e da rexeneración urbana, que xa estaba nos plans de vivenda do 2013 —nos estatais— e tamén no Plan galego de vivenda 2015-2020. En principio, falaban aí do eixo 2 —rehabilitación de vivendas e reordenación urbana—, con este mesmo obxectivo, con 133,82 millóns de euros que non vemos na realidade por ningún lado.

O problema é que teñen unha visión absolutamente reduccionista e limitada tamén na lei, ao priorizar as actuacións no medio urbano, as situacións urbanísticas, e non as actuacións integrais desde o punto de vista urbanístico, social, económico e ambiental. E aí están tamén os exemplos e os modelos que podemos comparar. Está tamén o modelo que levou a cabo o BNG nas cidades onde goberna, o modelo de Allariz, unha vila de pequeno tamaño cun grande centro histórico. Está o modelo de Pontevedra, unha cidade cun centro histórico de tamaño grande. Aí están os resultados con vilas e con centros históricos dinámicos, vivos, con actividade, con comercio tradicional, con actividades de lecer, con actividades culturais, con dinamismo, con vitalidade, porque se apostou polos centros urbanos, pola súa vitalidade e polo seu dinamismo. E fronte a iso está o modelo das grandes superficies comerciais, das grandes urbanizacións na periferia das cidades.

E, claro, vostedes chegan aquí tamén con este proxecto de lei e cun programa do Partido Popular que ten numerosas promesas incumpridas, porque vostedes falaban nese programa



do Plan Rexurbe coa previsión de actuar en 500 edificios con intervención pública directa do Instituto Galego da Vivenda e Solo, en 1.500 vivendas e en 350 locais comerciais. E falaban vostedes no ano 2016 da rehabilitación de 10.000 vivendas en cascos históricos do rural — ¡10.000 vivendas en cascos históricos do rural nesta lexislatura! —. Estamos en 2019, ¿onde está o balance?, ¿onde está o resultado? Vostedes anunciaron que estaban actuando en 16 vivendas nos cascos históricos de Betanzos, de Lugo, de Mondoñedo e de Ourense. Non nos cadran as cifras, os resultados son pírricos, son pobres. E isto por non falar da utilización partidista que están facendo. Vostede ten moita escola nesta cuestión, no traballo previo na súa Consellería do Medio Rural, a respecto do trato de favor, do trato preferente, a gobernos e concellos do Partido Popular.

Neste contexto xorde esta lei, sen ningunha diagnose e estudo previo. E neste sentido, señora conselleira, recoméndolle que polo menos miren para algunha comunidade veciña, porque aquí ao lado Castela-León fixo os deberes e fixo as cousas antes. Fixo unha lei no 2014, fixo un plan estratéxico, a comunidade ten unha estratexia de rehabilitación e de rexeneración urbana. Vostedes aquí o que estiveron facendo nestes tres ou catro anos pasados foi pelexar. Foi pelexar na Xunta de Galicia a ver quen controlaba esta cuestión. E houbo unha confrontación, houbo unha batalla moi dura. Porque, claro, o señor Feixóo díxonos no ano 2016 que estaba medio goberno traballando nesta lei. Bastante lles custou sacala adiante con todas esas confrontacións e esas pelexas. Porque a Consellería de Cultura, que ten as competencias en patrimonio, no ano 2016 anunciou, e fixo despois, un plan estratéxico de dinamización dos cascos históricos de Galiza. Ía ser a solución para esta cuestión e quedou no camiño porque nin sequera participaba a Consellería de Vivenda na definición dese plan. E agora o que se demostrou con este proceso é que a Consellería de Vivenda colleu as rendas, colleu o control desta cuestión, pasando por riba da Consellería de Cultura, da Dirección Xeral de Patrimonio e mesmo da Dirección Xeral de Urbanismo, porque o que fai esta norma é pisar e pasar por riba da lexislación en materia de solo e en materia de patrimonio cultural, que fica arrasada e anulada cunha inseguridade xurídica que xa veremos a onde leva.

Esperemos que paren este despropósito, que reflexionen sobre todas estas cuestións e que eviten a desfeita que pode acontecer se realmente vai adiante este modelo que vostedes plantexan nesta lei; unha lei na que prevalecen os intereses economicistas sobre os sociais, que deixa aberta a porta ao negocio especulativo da vivenda a través da rehabilitación e da rexeneración urbana. Isto a verdade é que non é nada novo porque xa estaba recollido na lei estatal que fixo o Partido Popular e que leva a un risco certo de expulsión de residentes e de actividades tradicionais cos procesos de xentrificación que estamos vendo, porque non presta a suficiente e necesaria atención aos factores sociais, aos factores que teñen que ver coa exclusión, coa pobreza, coa vulnerabilidade social, á diferenza doutras normas que se teñen aprobado no Estado. Por exemplo, vostedes prevén medidas de retorno e de realoxo que son potestativas, que non son obrigatorias. Deberían ser esas medidas obrigatorias. E optan por medidas punitivas e sancionadoras fronte a medidas de estímulo positivo, prevendo a expropiación forzosa —¿onde está aquel Partido Popular que alarmaba sobre o banco de terras que lle ía roubar as terras á xente do rural?— e con medidas, teño que dicirillo, señora conselleira, de dubidosa eficacia, como o canon de edificios en estado de abandono en zonas rexurbe que vai ter moitas dificultades de xestión e que ten unha previsión de ingresos absolutamente ridícula —puxérona vostedes na memoria, está escrita aí—. ¿Sabe canto pre-



vén ingresar vostedes nos primeiros anos —porque prevén a declaración de dez áreas rexurbe nos primeiros anos—? Prevén 83.000 euros, que, descontando as bonificacións, e xa non lle digo os gastos de xestión —porque este canon vai ter máis gastos de xestión que ingresos—, entón ao final quedaríamos en 78.000 euros. Non sei se para esa viaxe son necesarias estas alforxas.

E imos ao núcleo duro da lei, que é o que prevé a privatización de espazos públicos coa escusa de resolver necesidades de accesibilidade e eficiencia enerxética; que é o que prevé a ocupación de espazos públicos para este tipo de actuacións e tamén, por certo, que é contradictorio coa Lei do solo e coa Lei de patrimonio, que exclúen esta posibilidade así, como norma xeral, ten que estar previsto nun plan especial de actuación e nos catálogos dos centros históricos e dos espazos que teñen especial protección. Polo tanto, ¿como van resolver vostedes a contradición entre dúas leis —ou entre tres leis, neste caso—?

Miren, establece que calquera modificación sobre ámbitos de especial protección, como conxuntos históricos e núcleos de interese etnográfico e rural, debe realizarse unicamente a través de figuras de planeamento. E vostedes pasan por riba da normativa do patrimonio cultural e da Lei do solo e queren facelo por esta vía de impoñer estas actuacións.

E tamén, no que ten que ver coa desprotección en xeral do patrimonio cultural, deixan a porta aberta á destrución do patrimonio, rebaixando os estándares de protección do patrimonio construído e tamén a posibilidade de alteración do parcelario, excluindo o criterio de mantemento da trama urbana, que é un elemento fundamental da memoria histórica, do patrimonio histórico, das cidades. Non sei se se dá conta da gravidade que ten este feito. Non sei se se dá conta vostede, e se leu, por exemplo, as alegacións. Porque vostede fala aquí de consenso e de que recolleron non sei que porcentaxe de alegacións. Pero houbo moitas entidades moi representativas que ían precisamente a este núcleo duro da lei e que vostedes non lles fixeron nin caso. Por non facer nin caso, vostedes non lle fixeron caso á propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Non aparece por ningún lado o seu informe, curiosamente. Nunha lei que altera de maneira substancial elementos fundamentais da Lei de patrimonio cultural, ¿a Dirección Xeral de Patrimonio non ten nada que dicir? ¿E non ten nada que dicir tampouco o Consello da Cultura Galega? É curioso isto, ¿non?

Esperemos, desde logo, que no proceso da tramitación da lei, na tramitación parlamentaria da lei, teñamos oportunidade de escoitar a toda esta xente, a ver se vostedes de verdade, agora, con esta lei, se deciden a abrir as portas deste Parlamento, que é un procedemento que prevé o Regulamento, e escoitan a todos eses sectores que lles dixeron, igual que moitos representantes de concellos, que así non podía ser, que isto era moi perigoso para a destrución e para a conservación do patrimonio. Aquí, desde logo, vostedes non son nada conservacionistas.

Mire, esta lei, ademais, como lle dixemos, ten un déficit importante de participación social. E non me estou referindo só a isto que acabo de dicir, no sentido de que non tiveron en conta opinións moi fundamentadas de sectores que teñen moito que ver co ámbito da vivenda, do patrimonio, da protección e da conservación do patrimonio. E, ademais, no seu desenvolvemento, na súa planificación e na xestión que prevé, a lei ten un importante déficit de par-



ticipación e implicación social. Estoume referindo ás medidas que prevé a lei. Vostedes céntranse na coordinación administrativa e tamén na axilización administrativa. Para a axilización administrativa vale calquera cousa Podemos pasar por riba dos plans municipais, polos plans de protección, polos plans básicos autonómicos, aplicar a lei exprés, se fai falta, para trincar o que faga falta; incluso para facer apartamentos privados nos centros históricos. Demencial cando as cidades están avanzando na dirección contraria e hai, ademais, solucións e medidas alternativas para ese tema.

Desde logo, o BNG defende a necesidade dun cambio de tendencia, non destas medidas parciais, cosméticas e superficiais. Pensamos que a lei crea atallos para a privatización do espazo público, especulación e destrución de patrimonio....

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que contravén a lexislación —que é moi recente, ademais, de dous anos— de carácter sectorial, que é unha lei que non conta coa poboación residente, deficiente, insuficiente, sesgada, sen ese consenso que lle dixemos, que necesita unha profunda revisión. E, polo tanto, o BNG vai votar a favor da emenda de devolución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Para progresar non basta actuar, hai que saber en que sentido actuar. Isto dicíao o psicólogo francés Gustave Le Bon e coincide moito co sentir que hoxe como grupo queremos traer a esta Cámara. Porque, se nos preguntan se é precisa unha lei que poña en marcha medidas que permitan a mellora das tramitacións e a axilización da rehabilitación do patrimonio, nós contestarémolles que si. Pero, se nos preguntan se concordamos co enfoque actual deste proxecto de lei, sereilles franca e contestareilles que non. Porque, a pesar de compartir a motivación, a formalización desta lei, cremos que é moi mellorable e que precisa encauzar o seu sentido no que estendemos que debería reorientarse.

É un proxecto de lei que en ningún momento, en ningún momento, na súa exposición de motivos reflexiona sobre a repercusión e incidencia das políticas levadas a cabo ata o momento. E non é unha cuestión menor, porque é obvio que de ter sido exitosas deberían ter evitado a redacción mesma desta lei.

E non queremos centrar o debate nos reproches, pero si é moi importante recoñecer debidamente as responsabilidades. Porque esta lei fala, e moito, das responsabilidades dos galegos e das galegas, pero pouco das responsabilidades políticas. Por iso mesmo é importante sinalar





aquí que ao parecer esta lei aparece para cubrir un baleiro totalmente inexistente, e non é así. Porque é unha lei que nace ou debera nacer para complementar e non negar ou contradicir outras leis que xa existen, como son a Lei do solo, a do patrimonio cultural ou a da vivenda de Galicia. Leis, por certo, que se amosaron incapaces para amparar máis e mellor o noso patrimonio. E tanto o é que esta Lei de rehabilitación lles afecta e cabalga literalmente sobre moitos puntos delas, complexizando a súa aplicación e engadindo ademais confusión ao proceso de tramitación das licenzas e de actuacións sobre os inmobles ou espazos públicos.

Pero aclaremos tamén que se as leis actuais se viron incapaces de regular suficiente e eficazmente as actuacións urbanas e rurais sobre o noso patrimonio non foi tanto por non contar cos mecanismos precisos, senón pola falta de vontade política en facelos cumprir. Un exemplo é precisamente o funcionamento dos servizos provinciais de Patrimonio. O caso da provincia de Pontevedra é talvez o máis grave, onde os informes se demoraron meses, incluso máis dun ano, e que provocaron o desestímulo de moitas e moitos galegos, que vían como a estas demoras se engadían á súa vez os tempos de tramitación nas administracións locais, xa de por si longos.

E a resposta a este problema podía ter dúas vías: ou dotar de máis persoal e medios estes servizos, ou liberar de carga e competencias aos mesmos, e optouse polo segundo. Os concellos recuperan así o control directo para outorgar licenzas sobre inmobles protexidos ou en ámbitos de protección. E esta decisión non ten que ser en si mesma mala, pero, sen dúbida, debería ir acompañada de partidas económicas para dotar de máis medios e persoal que permita afrontar a nova carga de traballo. *(Aplausos.)* Unha vez máis, vemos como a Xunta de Galicia convida e os concellos pagan. E non o dicimos nós, dio o propio señor Feijóo, quen recoñeceu e estimou que esta lei permitiría rebaixar nun 30 ou 40 por cento os expedientes que terá que informar a Administración autonómica; porcentaxe que será a que derive aos servizos municipais e que acrecentará esa sobrecarga de traballo.

Porque aquí hai que deixar ademais clara unha cousa: que un expediente non vaia a Patrimonio non significa en ningún caso que non se emita informe desde os concellos con base na súa protección específica. Dicar ou facer crer isto é mal informar a cidadanía. Como tamén é mal informar non ter en conta que moitas das cuestións que aparecen nesta lei, como son as ARI, os informes de avaliación enerxética, as áreas Rexurbe, o Rexistro de Soares, o fondo de cooperación e moitas máis cousas, xa existen, con máis ou menos éxito pero xa existen. En todo caso, esta lei tan só as plasma e recolle nun documento común.

E por cuestións como esta e outras moitas, desde o noso grupo parlamentario vémonos na obriga de tildar esta lei tal e como hoxe se presenta dunha lei covarde. E sei que pode parecer un adxectivo duro, pero asegúrolles que é meramente descritivo. Unha lei covarde porque, por un lado, abandona á súa sorte o labor de vixía constante da protección do patrimonio e, por outro lado, á propia cidadanía, á que veladamente — e pensamos que equivocadamente — se culpabiliza en moitos dos seus artigos do estado actual do patrimonio construído e incluso do estado de desleixo de moitos espazos públicos. Unha lei que, polo tanto, dá as costas tanto á cidadanía como ao propio patrimonio.

E non só iso, senón que a súa redacción está pragada dunha inxenuidade preocupante, especialmente cando o estado de abandono do patrimonio está moi xeneralizado. Non pode ser



entendido como unha anécdota e froito da actitude despreocupada duns poucos, é un síntoma de algo moito máis grande. Hai rúas completas en vilas e cidades cun grao de abandono moi agudo. Pero pensar que isto é porque hai dez ou vinte propietarios que se foron animando mutuamente ao abandono deliberado é inxenuo, moi inxenuo. Póñolles un exemplo: en certas rúas do casco vello, por exemplo, de Pontevedra —esa cidade que, por outro lado, é merecedora de premios— a degradación é máxima. ¿E que está a fallar logo? Pois que o uso neste caso para o ocio nocturno desa área levou a moitas das súas rúas a ser consideradas territorio hostil para as familias. Moitas tiveron que marchar porque as súas vivendas eran invivibles. ¿E cal é a solución que aporta esta lei? Sancionalos e incluso expropiarlles. Non parece que isto sexa un exercicio demasiado empático coa cidadanía galega.

Señoras e señores deputados, as áreas ou edificacións degradadas estano pola inacción de anos, estano por unha crise que provocou a falla de interese e capacidade financeira para a súa rehabilitación, estano pola perda de calidade urbana e de servizos, estano pola falla de axudas contundentes á súa rehabilitación, estano pola necesaria marcha na procura de oportunidades, estano polas dificultades para tramitar as licenzas e tamén o alto investimento das mesmas.

Esta lei ten, polo tanto, unha mirada claramente empañada dunha Galicia que, sexamos claros, nunca fixo o que non se lle permitise; unha Galicia que agrediu a paisaxe e o territorio alí onde se lle deixou; unha Galicia que non sempre protexeu o propio, certo, alí onde non se valorou; unha Galicia que marcha e abandona o rural porque as oportunidades tamén de alí marcharon. (*Aplausos.*) Unha Galicia, en definitiva, que non pode nin debe ser culpabilizada, senón entendida e apoiada. Ese é o gran matiz que esta lei, ao noso entender, ten que recoller e redirixir. Unha lei que entenda que é imprescindible mediar un acordo entre Patrimonio e cidadanía, pero que como en todo acordo todos gañen e ninguén sinta que perde, porque no momento que iso aconteza esta lei estará condenada ao fracaso, tanto como outras leis o estiveron antes.

E isto, señores e señoras deputadas, é un dos debates nos que deberíamos centrar hoxe o noso esforzo parlamentario. E témolo que facer porque esta lei ten unha carga sancionadora e culpabilizadora desde o noso punto de vista moi controvertida, tanto que de non resolverse cremos que francamente tinguirá esta lei —como tratei de explicar antes— de pura hipocrísia política.

Porque a implicación e o compromiso da cidadanía non se conquira a golpe de sanción. As sancións imprimen medo, limitan e condicionan, pero o que nunca conseguirán é superar as incapacidades. E moita da xente que non rehabilita é sinxelamente porque nin pode nin entende facelo a fondo perdido en zonas que perderon todo o seu atractivo para habitalas con calidade de vida. É aí onde a administración ten que implicarse e chegar a acordos que restauren non só as edificacións senón a vida nestas áreas.

E as axudas que existen no día de hoxe tampouco contribúen especialmente a impulsar esta cuestión. Porque moitas edificacións precisan de rehabilitacións integrais, e as axudas máximas que se conceden no día de hoxe son de 12.800 euros; o que nalgúns casos pode ser, como moito, un 10 por cento e en moitos outros casos, en alto estado de degradación, non



suporían nin o 3 por cento do total. Por iso talvez os datos de execución dos orzamentos dos últimos anos en materia de rehabilitación foron tan pobres, con preto dun vinte por cento de inexecución.

Plantexar canons sancionadores como medida de incentivo, polo tanto, non parece ser o máis axeitado para motivar a cidadanía. E se estes ademais non se pensan con equidade, o perigo de alimentar a desigualdade é máximo. E nese punto este Partido Socialista nunca se vai posicionar a favor. Non entendemos que se poida castigar de feito a uns propietarios polo estado de abandono das súas propiedades e non a outros, por estar en áreas consideradas menos estratéxicas ou de interese.

Desde o noso grupo cremos máis en medidas de carácter positivo e de incentivos, máxime cando xa existen ademais mecanismos legais para exixir a reposición da seguridade estrutural e o mantemento das edificacións. Polo tanto, sexamos conscientes de que existe unha realidade social que ten pasado moitas dificultades nos últimos anos e incluso imposibilidade para vender tamén as súas propiedades, ao non existir sequera demanda, e á que hai que prestar atención e acompañar, pero nunca afogar.

E por iso é tan importante perseguir a balanza da equidade mantendo, por un lado, o patrimonio urbano e rural de Galicia, que é o obxecto último desta regulación, pero sen esquecer que este o sustenta unha cidadanía galega que non é homoxénea e con realidades moi distintas, pero que globalmente entendemos que non pode ser considerada —insisto— culpable de nada. Son axentes moitas veces indirectos do proceso urbanístico, afectados e condicionados de modo determinante polas políticas pouco acertadas que provocaron o abandono dos centros históricos e de todo o noso patrimonio.

Certo é que esta lei xa pouco pode dicir en concellos nos que esas malas políticas aniquilaron practicamente todo o patrimonio, pero outros moitos que si se viron acompañados no tempo de boas planificacións están a tempo de preservar e conservar o seu rico legado patrimonial. Este goberno terá e ten que decidir por que modelo aposta, se quere deixar legados como o do señor Telmo Martín en Sanxenxo ou se aposta máis ben polo legado do señor Xerardo Estévez en Santiago de Compostela.

Este é o momento de comprometerse tamén a transmitirle á cidadanía o importante de apreciar e valorar o patrimonio. Nada se recolle nesta lei ao respecto, e parece que debера ser tido en conta. É preciso sensibilizar sobre o patrimonio e a importancia de mantelo e conservalo como un ben cultural de especial valor máis alá do económico.

E neste sentido preocúpanos, e moito, a mensaxe que lanza esta lei, porque nós compartimos que é preciso desenvolver ferramentas que permitan a axilización dos expedientes de obras que afectan o patrimonio, pero —insisto— sempre coa máxima das cautelas. E esta lei adoce da perigosa interpretación de moitos artigos, que parecen deseñados só para rebaixar as cautelas; unha cuestión que deixa a implicación da Xunta de Galicia moi en entredito.

Quero destacar como moi grave o que se explicita no artigo 40, no que di, por un lado, que as determinacións que afectan ás edificacións encadradas na sección 1ª do capítulo V pre-



valecerán sobre as que establezan os PXOM, o plan básico autonómico, o planeamento de desenvolvemento e os catálogos aprobados con anterioridade á entrada en vigor da lei. E tamén di: «os plans especiais de protección que se tramiten con posterioridade á entrada en vigor desta lei, con carácter excepcional, poderán excluír da aplicación dalgunha destas normas as actuacións sobre determinados inmobles, parcelas ou rueiros, sempre que se xustifique detalladamente a súa necesidade por motivos específicos de protección do patrimonio cultural». Isto que di este artigo é tanto como afirmar que esta nova lei pode ser que desprotexa moitos bens culturais, e sabémolo. O que é a todas luces un verdadeiro despropósito, porque estase a recoñecer a vulnerabilidade na que quedarán moitos inmobles protexidos. É a constatación de que esta lei abre unha porta á desprotección que talvez sexa moi difícil de pechar. (*Aplausos.*) É máis, se nos pomos no caso, de aplicarse esta opción, ¿canto tempo pasaría entre a situación de exposición á perda dos seus valores culturais dun inmovble, parcela e rueiro e a redacción dun plan especial? Pois non pasarían menos de dous anos no mellor dos casos. E iso significa que en dous anos poden ocorrer moitas cousas; basta con obter unha licenza previa con base nesta nova lei ou ben xa quedaría suxeito á mesma e, polo tanto, as consecuencias poderían ser xa irreversibles.

Unha lei que —como dicía antes— non mira cara a atrás, que considera desde o principio o patrimonio como un freo para a actividade, e esquece que máis alá de certas flexibilizacións ten que primar, en todo caso, a conservación dos valores que lles outorga a certas edificacións ou espazos ser considerados patrimonio cultural. Galicia ten que ter claro que o seu patrimonio tan diferenciado e singular ten que ser posto nesa balanza, en igualdade de condicións coas necesidades da cidadanía, pero nunca por debaixo. Isto sería un erro que futuras xeracións nunca nos perdoarían, porque perder patrimonio é perder identidade.

E mentres gran parte da estratexia deste proxecto de lei pasa polo rebaixe do concepto de protección dos inmobles, tamén rebaixa, e moito, o seu valor. Nas diferentes fórmulas expropiatorias parte dun suposto de rebaixa que pode chegar ata o 50 por cento menos do valor de taxación. Algo que desde o noso grupo consideramos excesivo. Non parece moi xustifico nin sequera nos casos en que se asuman gastos de xestión rebaixar ata tal punto o valor das propiedades. É un claro camiño aberto para moitos investidores privados, que sinxelamente poderían facerse con estas propiedades tan sensibles a baixo prezo, rozando case o concepto de incautación do ben inmobiliario.

E, xa para rematar, cremos que esta lei ten deixado de lado dúas cuestións que son e deberían estar moito máis presentes. Por un lado, e como xa vaticinaba a crítica urbanista Jane Jacobs alá polos anos sesenta, non existe intervención urbana que no día de hoxe poida facerse á marxe da perspectiva de xénero. (*Pausa de catorce minutos motivada pola interrupción da subministración da enerxía eléctrica.*) (*Murmurios.*) Son malos tempos para a igualdade e a perspectiva de xénero, está claro. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Dicía que non existe intervención urbana que no día de hoxe poida facerse á marxe da perspectiva de xénero, máxime cando falamos da rexeneración urbana. É precisamente nas operacións de renovación e rexeneración das cidades onde debemos apostar pola aposta por un urbanismo con perspectiva de xénero. Pero non só desde o financiamento de actividades que garantan a presenza de mulleres ou medidas de conciliación, senón tamén na modificación e adaptación daqueles elementos urbanos que teñen condicionado a mobilidade e os modos de uso das cidades e vilas; non só das mulleres, senón tamén de todo o colectivo dependente tradicionalmente...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...delas, como son as persoas dependentes, os nenos ou as nenas.

E, por último, tendo en conta que esta lei debe recoller dun modo menos accesorio e moito máis contundente as políticas de rexeneración no rural, unha introdución que parece feita con calzador e que debera aportar moitas máis solucións que a mera compra e venda colectiva de vivendas en núcleos abandonados, tamén aquí é preciso impulsar medidas transversais para conquistar fixar poboación no rural e, de modo gradual, ir reocupando e contribuíndo a unha recuperación sustentable e non traumática nin forzada do patrimonio rural galego.

O Partido Socialista, polo tanto, consciente da importancia que ten esta lei para complementar outras que se demostraron incapaces no tempo, non se vai opoñer á súa tramitación, aínda que o faga desde a abstención a esta emenda de devolución, convencidos de que é preciso, iso si, reorientar esta lei; reorientala para, principalmente, abandonar a covardía coa que naceu e mirar atrás con humildade para aprender dos erros, corrixilos e evitalos nun futuro. Agardamos que isto sexa posible, pois significará que os dereitos da cidadanía e os valores culturais representados no patrimonio construído poden entenderse, especialmente nunha Galicia que precisa, e moito, de ambos os dous.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días. Bos días aos invitados e ás invitadas das bancadas.

Señora Pierres, empezo por vostede porque foi a última en falar. Eu non sei se é que o que leu foi o *Manual de resistencia* dun tal Pedro Sánchez, porque, desde logo... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...vén co mantra de sempre, é dicir, fala... (*Murmurios.*) Tranquilos, home, que non pasa nada. Hai que falar de todo, e estamos a debater, precisamente. Fala do nivel de execución dos orzamentos en materia de vivenda da Xunta: sempre vén co mesmo mantra do vinte por cento, e non se enterou aínda de que é o oitenta e catro por cento. Mire: do vinte ao oitenta e catro vai un sesenta e catro por cento, un sesenta e catro por cento a maiores. Polo tanto, algo están lendo mal, porque non se enteran, despois de repetírllelo moitas veces; están equivocados.

Comparar Sanxenxo con Santiago é como comparar Roma con Lugo.

(*O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben debido a un corte eléctrico.*) ...cando aplaudiron antes, aplaudíronlle cando se foi a luz, antes dificilmente o tivo. (*Risos.*) (*Murmurios.*) É dicir, é o mesmo.



E mire: con todo o respecto llo digo cara ao señor ex-alcalde Xerardo Estévez, pero con diñeiro *a espuertas* como houbo para rehabilitar o casco histórico e mandando os xoves para os concellos perimetrais, así calquera fai políticas de vivenda. Por certo, as mesmas que están a facer en Vigo. Mire cantos xoves están no centro, tanto de Santiago como de Vigo, a ver que opina, se esas son as políticas do Partido Socialista. (*Murmurios.*) Pero ben, é o mesmo.

Eu quería empezar, sinceramente, por indicar que o 7 de novembro do ano 2017 se aprobou, con cincuenta e nove votos dos grupos do BNG, do Partido Socialista e do Partido Popular, unha iniciativa, por proposta do Grupo Popular e con emendas tanto do Partido Socialista como do BNG, para que se trouxera a este parlamento unha lei de rehabilitación. E o curioso é que agora vén a Lei de rehabilitación, ademais, nas directrices que aquí se marcaban, fundamentalmente na emenda do Partido Socialista, e agora criticase que se traía unha lei de rehabilitación a este parlamento.

Ben, incluso daquela En Marea se abstivera. Na súa alegación —porque realmente é a única emenda que hai á totalidade— falan dunha lei liberalizadora, privatizadora, que subordina o público ao interese privado etc. Esperaba máis, incluso; despois de como actúan e do populismo dos señores de En Marea, sinceramente, pensaba que ía ser incluso máis. Pero hai que dicir que isto non é certo. Eu non sei se están pensando en pasar de Vallecas a Galapagar ou en que están pensando, se iso é especulación, privatización e cousas desas; pero, desde logo, non é o que trae e plantexa esta Lei de rehabilitación.

O proxecto que hoxe empezamos a debater aquí facilita as intervencións en materia de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas. Outórgalles a planificación e o impulso das mesmas ás administracións públicas —non aos entes privados, ás administracións públicas—, establecendo a tutela sobre cando actúan as empresas privadas ou calquera particular. Hai unha tutela da propia Administración pública, co cal non é, nin moito menos, o que vostedes están dicindo. E, nese sentido, o título I da lei recolle claramente a quen corresponde a iniciativa das actuacións e, en todo caso, a dirección do proceso, que é aos entes públicos. E, por suposto, ademais, protexe de xeito especial os propietarios incluídos nos ámbitos que se delimiten. ¿De que me están falando vostedes? ¿De desprotección, de especulación? ¿Onde? Se gran parte da lei dedícase, precisamente, a protexer os residentes e propietarios dos ámbitos que se delimiten; e falarei despois sobre a quen corresponde a iniciativa etc. Polo tanto, non sei de que falan.

«Desprotexe, desregula e engade confusión». Eu creo que a confusión realmente está nos grupos das bancadas da oposición, especialmente nas de En Marea; teñen tal confusión que non saben a que atender. E incluso os do PSOE non saben se atenden ao norte ou ao sur; non se aclaran. Pero, claro, esa é a confusión que teñen, e pensan que en todos os grupos e en todos os sitios hai a mesma confusión. Non, mire: isto o que trae é unha coordinación exquisita entre as direccións xerais de Urbanismo e de Patrimonio e o Instituto Galego da Vivenda e Solo; coordinación exquisita, e é o froito deste proxecto de lei.

Miren: eu voules ler, porque creo que non é, nin moito menos, de dudar a participación, a ampla participación que tivo este proxecto de lei para chegar aquí. Por exemplo, o Colexio



de Arquitectos —que supoño que tanto a señora Julia Torregrosa como a señora Pierres coñecen ben—, nas súas alegacións que fai, inicia os seus comentarios dicindo: «Logo de valorar positivamente o anteproxecto, fai unha serie de consideracións». Por certo, consideracións que, a gran maioría, foron admitidas e incluídas no proxecto. E ao dito colectivo, igual que ao resto dos que fixeron aportacións a esta lei, desde aquí, desde o Grupo Parlamentario Popular, agradecemoslles ese traballo intenso pero, loxicamente, importante. Ou á Fegamp, porque se falou dos concellos, pero a Fegamp tamén manifesta —o primeiro que di— que o anteproxecto é merecente do parecer favorable. ¡Se están aplaudindo esta lei tanto os concellos como os colexios profesionais ou colectivos implicados! ¿De que están falando? Por iso, é que leron outra cousa, como eu lles dicía, posiblemente *Manual de resistencia*. Entón, levounos polo camiño equivocado.

Falan —como dicía— de que desprotexe e da confusión normativa. Miren: non existe para nada ningún tipo de confusión normativa. Esta lei vén culminar o desenvolvemento normativo en materia de intervencións no territorio. Xunto coas outras lexislacións, culmina e cerra —por así dicilo— o círculo —que isto, ao mellor, aos señores de En Marea e Podemos lles gusta—; é así, é dicir, cerra ese círculo, dalgunha maneira, de normativa nas intervencións no territorio. Regula de xeito detallado as actuacións sobre o patrimonio construído, complementando a outra normativa e poñendo, ademais, de manifesto a importancia que se lle outorga a unha materia tan sensible e específica como é a rehabilitación. Si, facémolo cunha lei específica, porque para o Grupo Parlamentario Popular, para o Goberno da Xunta e para o Partido Popular a rehabilitación é un tema de especial sensibilidade e específico e merece unha lei específica para iso; por certo, como dixen, aplaudida por moitos colectivos, tanto de profesionais como de diversa índole, ou polos concellos.

Falan da situación de indefensión dos propietarios, de que non se fala do realoxamento e de que non se regula a participación cidadá. Eu diríalles que é totalmente falso. A lei —como dixen antes— fai especial referencia e establece as garantías e medidas de protección tanto para o conxunto dos residentes nun ámbito delimitado como, especialmente, para os que non teñen recursos para acometer as actuacións de rehabilitación. Quedan exentos de calquera tipo de canon e de calquera obriga os propietarios que non teñen medios para poder acometer unha rehabilitación. Entón, eu non sei que leron vostedes, porque están claramente especificados eses temas. Estamos falando de proxectos de lei totalmente diferentes.

Loxicamente, iso especificarase con máis detalle cando se faga por parte dos concellos, que son os que teñen que levar a iniciativa das áreas de rehabilitación, das delimitacións ou das áreas Rexurbe; teñen que especificar con maior detalle cada actuación que aí se vaia realizar e, polo tanto, a situación económica e social dos propietarios que aí son afectados. Iso tense que incluír nese plan, que se debe de aportar nas delimitacións.

Falan e créalles un gran problema o artigo 15.4, da privatización —din— do espazo público, é dicir, de xerar aparcadoiros no subsolo de zonas de equipamentos. Miren: esa é unha necesidade moi demandada, precisamente, polos usuarios e residentes nas zonas dos cascos históricos. Para vivir nos cascos históricos necesítanse servizos: servizos de acceso ás novas tecnoloxías, de dotacións, culturais... Servizos de todo tipo, pero tamén aparcadoiros, que tamén son servizos. ¿Estanme dicindo que para rehabilitar os cascos históricos non hai que



dotalos de servizos? ¿Ese é un problema? Dotar de calidade de vida os residentes que viven nos cascos históricos, ¿ese é un problema? Non, se queremos realmente rexenerar e revitalizar os cascos históricos hai que dotalos de todo tipo de servizos. E, ademais, ten que ser regulado polo planeamento, si, señora Torregrosa, non hai ningún tipo de contradición; e señor Bará, que falaba antes, ningún tipo de contradición entre a Lei do solo e esta lei. Ten que ir incluído no planeamento e para casos puntuais onde non haxa outra alternativa. Creo que hai que ler as cousas, ou dicilas, porque ler seguro que as leron, pero, loxicamente, din o que lles interesa para manipular.

Fálase e incluso se chegou a dicir que ataca a autonomía municipal, que invade competencias municipais. Por un lado, piden que os concellos teñan máis dilixencia nas licenzas, que se lles dean máis competencias en licenzas, e, por outro, critican que se lles dean. Creo que hai que ser claros. Na propia proposición que se aprobaba en novembro de 2017 era unha das cuestións que se pedían, precisamente: transferir aos concellos máis competencias, e aquí transfírense; non se invaden competencias dos concellos, todo o contrario, dáselles máis competencias. Porque os concellos, para o Partido Popular, desde logo, e para o Grupo Popular, son maiores de idade, e os técnicos dos concellos non son menos que os técnicos da Xunta. ¿Ou é que para vostedes son diferentes e teñen menos capacidade? Porque dá esa sensación. Pois mire: non, non invade competencias dos concellos nin ataca para nada a autonomía municipal. De feito, nin a Fegamp nin os distintos concellos que fixeron alegacións ao proxecto e aportacións —como o de Lugo, Santiago, Ferrol ou Vigo, ningún deles— mencionan que se invadan competencias municipais nin que se estea atacando a competencia municipal. ¡Que casualidade que vostedes vexan o que no ven todos os concellos! Home, eu creo que, polo menos, poñeríao en dúbida.

Das áreas de rehabilitación —as áreas Rexurbe—, loxicamente, critican que se controlen desde a Xunta. Oia: as áreas Rexurbe —creo que isto merece un apartado especial, porque é a creación dunha figura importantísima para a rehabilitación dos cascos históricos— son propostas polos concellos e aprobadas polo Consello da Xunta, como non pode ser doutra maneira, porque levan financiamento de fondos públicos —financiamento da Xunta— e, polo tanto, teñen que ser aprobadas, porque é un gasto. E, loxicamente, ten que haber unha comisión de seguimento; só faltaría que non houbera unha comisión de seguimento de como se destinan e se tramitan os fondos públicos. ¿Estanme dicindo que non? ¿Que é un problema a comisión de seguimento? Porque o dixeron. Pois non, iso é como está establecido, e os concellos son os que van facer a delimitación e o estudo do ámbito co plan especial. Si, un programa especial que teñen que facer para o plan de dinamización, para a zona, e analizando claramente nese documento estratéxico a perspectiva económica, arquitectónica, patrimonial, comercial e, por suposto, social, para que poida revitalizarse. E, así, hai que dotar eses centros que se crean, os centros Rexurbe, que son as oficinas de xestión dese Plan Rexurbe, que estarán dotados de persoal multidisciplinar para, loxicamente, fomentar a revitalización deses cascos históricos; e, por certo, financiados ao sesenta por cento con fondos da Xunta de Galicia.

Porque hai que falar de que estamos a falar dunha lei que ten unha memoria económica importante; ninguén falou da memoria económica, non interesa. Porque aquí estabamos acostumados a que, na época do Bipartito —e eu tiveron a fortuna de ser ponente dalgunhas das





leis que viñeron aquí— botabamos de menos —e así o dixemos claramente— unha memoria económica, porque o resto, moitas veces, son brindes ao sol. Aquí estase prevendo máis de cento trece millóns en tres anos; iso é a memoria económica, e hai que dicilo. Claro, se queremos que isto funcione hai que dotalo presupostariamente, pero a Xunta si ten unha previsión nese sentido.

E estamos a falar de que, dos vinte e seis cascos históricos declarados BIC neste momento, poderíase estar en condicións de crear dezaseis áreas Rexurbe para actuar sobre nove mil edificacións —algo máis de dezasete mil vivendas, estímase—, e eu creo que iso é unha previsión e unha actuación moi importante que se debería aplaudir.

E, loxicamente, non creo que sexa ningún problema que os concellos dean licenzas directas. Os trescentos trece concellos de Galicia en distintas actuacións van poder dar licenzas directas naqueles casos onde non haxa elementos protexidos; si que as poden dar, ¿por que non? Xa neste momento hai a propia circular de patrimonio, que xa as autoriza en gran medida, pero está recollido na lei, e vánelles permitir e ampliar.

E si se prevé nesta lei a utilización conxunta dos portais cun máximo de tres edificacións, e iso pódese regular nos plans especiais e nos planeamentos. Pero iso é unha demanda necesaria, porque, en moitos casos, os edificios son tan estreitos e de tan pouca entidade que é imposible poñer un ascensor ou cumprir a normativa da accesibilidade; por certo, unha demanda á que instamos desde aquí ao Goberno da Xunta na proposición que se aprobou: melloras e ter en conta a accesibilidade dos edificios, a eficiencia enerxética e outra serie de complementos que van incluídos e contemplados nesta lei.

A regularización de parcelas, que tamén se di, pero non se le todo: a regularización de parcelas cando foron distorsionadas, e pódese regularizar para volver ao estado orixinal. Cambia moito, eu creo que é todo o contrario do que vostedes dixeron, ¡todo o contrario! E agregar parcelas: si, para cumprir, precisamente, a accesibilidade ou a habitabilidade.

Por suposto que se permiten proxectos conxuntos de varias edificacións para crear espazos comúns dese conxunto que se poida rehabilitar. Cremos que ese é un tema positivo, ¿por que non?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Si, vou rematando señor presidente.

Eu só lles quixera dicir, para rematar, que estamos nun momento para o debate; precisamente hoxe remata o prazo de presentación de alegacións ao articulado. Eu espero contar con todos vostedes para esas ponencias e ese traballo en ponencia coas distintas aportacións que fagan os grupos para chegar ao maior consenso posible e conseguir así a mellor lei posible para todos os galegos e as galegas. Porque dunha cousa si estamos seguros desde o Partido Popular: en materia de rehabilitación, é moi importante mirar o pasado, pero con ollos de futuro.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeiras.

Agora quixera saudar os alumnos e alumnas do centro Valle-Inclán de Pontevedra. Son alumnos de cuarto da ESO. Benvidos ao Parlamento, e tamén aos profesores que os e as acompañan.

E agora si, réplica do grupo emendante. Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** escoitando o seu voceiro, señora conselleira, e vendo os seus argumentos, xa vemos que, evidentemente, nesta lei non pode haber un consenso. Claro que unha lei de rehabilitación é necesaria, pero como complemento e respectando os criterios xa marcados nas leis existentes, non deixando de banda a Lei do patrimonio, a Lei de vivenda e a Lei do solo.

Se o seu voceiro se dedica só a facer comentarios xocosos dos parlamentarios da oposición, desvalorizando as reflexións críticas acerca desa barbarie lexislativa, dificilmente van deixar vostedes de facer o de sempre. ¡É que é unha barbarie, é unha falta de respecto absoluta! O que pasa é que vostedes queren facer medidas políticas e propaganda política sobre cousas, e, lamentablemente, a análise real de parte dos compañeiros da oposición, que facemos o noso traballo, é ver a verdade que hai detrás de todas estas políticas, que son políticas propagandísticas. Pero detrás hai unha utilización dos bens do patrimonio, que quedan desprotexidos, e que pertencen á cidadanía, aos galegos e ás galegas, que teñen o dereito de seguir vivindo nos cascos antigos e que teñen dereito a que as políticas do Goberno da Xunta o que fagan non sexa beneficiar as grandes empresas que queren investir en *parkings* privados nos centros históricos. ¿Pero pode vostede ler a lei? Que é o que fixemos.

Entón —e continuo—, creo que, verdadeiramente, vostedes fan o de sempre: non discutir diante dunha mesa para que a oposición e todos nós poidamos aportar as nosas preocupacións e sacar o máximo beneficio para a cidadanía, senón que sempre van directamente aos beneficiarios económicos directos, os *lobbies* que lles fan presión para conseguir o máximo aproveitamento do territorio.

Curiosamente, a mesma Administración autonómica —a súa— que non permite que os concellos costeiros administren os seus espazos públicos agora vai deixar que o control patrimonial, cultural e urbanístico por parte das administracións quede a cargo directamente dos concellos, que non teñen nin os medios nin os orzamentos para poder asegurar a valoración necesaria destes espazos de interese común cultural.

Creo que non escoitan as solicitudes dos colectivos; creo, verdadeiramente, que non. Creo que só escoitan o valor monetario, o valor dos *lobbies* e o valor económico; deixan desprotexidos o patrimonio e un montón de xente que vai vivir e que vive actualmente neses cascos vellos, e deixan desprotexido todo o patrimonio que non está especificamente catalogado, incluso aínda que estea en espazos que deben ser absolutamente protexidos, porque a particularidade arquitectónica e territorial de Galicia é moi fráxil.



E xa se viu como, pouco a pouco, e grazas ás políticas que vostedes están a facer, cada vez temos menos poboación no rural e menos poboación nos cascos vellos, que están a morrer por falta de axudas, por falta de oxíxeno, por falta de apoio orzamentario e por falta de políticas e de estratexias que vostedes non teñen para poder saír desta situación. E como non teñen estas estratexias, ¿que fan? Déixano, directamente, como fan con todo —como fan coa sanidade, como fan coa educación—; o que fan é pasar directamente as estratexias ao capital privado, porque cren que o capital privado e a regulación económica van solucionar todos os problemas dos que vostedes teñen responsabilidade en solucionar, porque para iso vostedes son o Goberno de Galicia. Para iso vostedes son os políticos: para crear as estratexias e os marcos para que as cousas vaian non como quere o mercado, senón como é mellor para todos e todas, para toda a cidadanía. E para iso estamos nós: para lembrarilles a vostedes cales son as súas obrigas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria**

**O señor PRESIDENTE:** Para presentar a proposición de lei ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Esta presentación ten certo compoñente de *déjà vu*, porque xa fixemos algo similar no 2008, o que deu lugar a un debate en que aprobamos por unanimidade un texto que é idéntico ao que hoxe presentamos, e isto foi levado ao Congreso dos Deputados. Alí, desafortunadamente, non tivemos o eco que deberíamos, dada a posición unánime do Parlamento de Galicia, e foi rexeitada esta proposición. Hoxe volvemos, outra vez, comezar este trámite, que é un trámite —como saben vostedes— longo.

E podería facer a mesma intervención que fixen aquí hai dez anos ou no Congreso dos Deputados un pouco máis tarde. Os argumentos son sensiblemente similares. Unicamente, permítanme indicar que se trata —digamos— de utilizar o artigo 150.2 da Constitución. Estamos usando unha previsión constitucional, unha transferencia que ten as súas complicacións, porque se trata dunha competencia exclusiva do Estado. Pero nese artigo 150.2 contéplase que, cando estas competencias exclusivas, pola súa natureza, son susceptibles de descentralización, é posible facelo a través dunha lei orgánica. Pero para esa lei orgánica hai distintos procedementos, e un deles, que é o mesmo que utilizamos en 2008, é que o Parlamento autonómico inste o Congreso dos Deputados a tomar en consideración esa proposición de lei. Isto é o que estamos facendo.

Eu lembro a intervención do portavoz do Partido Popular naquel momento, que dicía que esta era a vía constitucionalmente máis ortodoxa. Pois estamos usando a vía constitu-



nalmente máis ortodoxa. Este é o camiño, este é o camiño que agora abrimos, que levará o seu tempo e que espero que esta vez, a base de insistir... Tamén no caso da AP-9 hai que insistir. Sabemos que é necesario petar as portas naquel momento en que estas teñan, por algún motivo, unha posición que permita franquealas. Pois imos intentalo outra vez.

E permítanme, brevemente, explicar as razóns que xa había no ano 2008 e que seguen estando vixentes hoxe. Esta é unha lei que quere mellorar as condicións de vida de galegos e galegas. É certo que, se conseguíssemos que o Congreso tomase en consideración esta posición de Galicia, nos aproximariamos ao que é un desexo que expresou non hai moito tempo o presidente da Xunta de Galicia e que nós compartimos: que as nosas competencias, as competencias de Galicia, se aproximen ás que teñen o País Vasco e Cataluña. Nós estamos nisto, nós queremos que isto sexa verdade, queremos facelo de verdade. E a toma en consideración desta lei, se chegase ao Congreso dos Deputados, permitiría avanzar nese camiño. Cremos que é o mellor para Galicia. Pero non chega con esa aproximación ás competencias doutras comunidades autónomas para defender a virtualidade desa lei. Se a lei non fose útil, se non permitise xestionar mellor esta competencia, se non permitise mellorar a vida dos galegos e das galegas, non tería demasiado sentido, simplemente por homologarnos con outras comunidades autónomas.

Nós estamos a favor desta lei, tamén, porque cremos que é unha lei útil, é unha lei que permite que as políticas públicas se desenvolvan con máis eficacia. Sabemos todos que Galicia ten unha sinistralidade viaria máis elevada que a media das comunidades autónomas españolas. Ten unha sinistralidade viaria que baixou moito nos últimos tempos —é verdade—, pero que segue tendo unha posición comparativa moito peor, por distintos motivos:

Temos un poboamento disperso, cun número moi elevado de estradas secundarias, que xeran un desprazamento diario por motivos moi diversos —de traballo, de ocio, de consultas médicas, de trámites burocráticos..., en fin, por todos os motivos que poidamos imaxinar—, que fan que esas estradas secundarias estean moi colmadas de peóns, de xente en bici, en moto, en *pick-up*, en furgonetas, en camións, en tractores ou noutras maquinarias agrícolas, que deben facelo, ademais, todos os días do ano ou moitos días do ano para poder conseguir que a súa vida sexa máis cómoda, nun contexto, ademais, en que o transporte público que une esas poboacións con eses centros de ocio ou de traballo é moi insuficiente.

Sabemos tamén que temos unha poboación avellentada, pero que, debido a ese poboamento disperso, necesita usar o seu vehículo, e moitas veces vive soa e o desprazamento no seu vehículo é absolutamente obrigado para poder cumprir coas súas necesidades vitais.

Sabemos que temos un parque de vehículos que, proporcionalmente co resto de España, é un pouco máis vello tamén, e isto fai máis probables os accidentes e aumenta o número de sinistros.

Sabemos que temos unha orografía complicada: este é un país onde as rectas teñen nome e as curvas teñen número; este é o tipo de país que temos. Lembro ir a Noia cando era rapaz, e agardabamos con certo alborozo a chegada á recta de Caldas, (*Risos.*) porque era a única recta consistente que había en todo o traxecto de Noia a Vigo. É dicir, isto forma parte da



nosa xeografía. Temos un país no que o clima dificulta tamén a circulación, na medida en que os vales amañecen moitos días cubertos de brétema e a chuvia fai máis perigosas as estradas. De feito, se se percatan vostedes, os días en que comeza a chover son días en que adoita aumentar moito o número de accidentes. Esta é a situación que temos, e, sen dúbida, isto non o cambiamos por medio da transferencia, non se trata de modificar isto.

Moitos destes parámetros son dificilmente modificables no curto e no medio prazo, e algúns nin sequera. Non temos capacidade, desde o ámbito público, de actuar sobre estes elementos. Pero o certo é que as políticas públicas si que podemos modulalas para adecualas a esas circunstancias, e é aí onde debemos incidir.

O tráfico e a seguranza viaria é un dos ámbitos onde as políticas públicas españolas son máis eficaces nos últimos tempos. Conseguimos reducir substancialmente o número de sinistros, o número de mortes e o número de feridos, pero, en cambio, Galicia sempre aparece por riba, amosando a mesma pendente descendente pero sempre moi por riba da media española. E é nesa distancia entre nós e outras comunidades autónomas similares na que debemos actuar, a través de políticas públicas que —xa digo— poden ter unha incidencia moi relevante a curto prazo sobre o número de sinistros e sobre o número de mortes evitables.

A nosa mocidade ten nos sinistros de tráfico unha das causas principais de morte, senón a máis elevada, e aí deberíamos ter unha sensibilidade especial. Non vou dar moitos datos, permítanme só dous. No último ano do que teño referencias, en Galicia houbo 104 persoas mortas en accidentes de tráfico; en Cataluña, 185; no País Vasco, 31. Claro, se facemos unha comparativa por número de habitantes, pois nós estamos en 38 mortos por millón de habitantes e o País Vasco en 14, e isto véñse repetindo nos últimos tempos. O País Vasco xestiona desde o ano 1993... ou antes, desde antes —Cataluña desde 1993 e o País Vasco desde antes—, as súas propias competencias en tráfico e seguranza viaria. Eu non quero dicir que a xestión por parte de Galicia permita levarnos xa directamente ao nivel de sinistralidade do País Vasco, pero si poderíamos intentar reducir substancialmente ese *gap*. Modular as políticas públicas neste caso, en materia de tráfico e seguranza viaria, para adaptalas ás condicións específicas de Galicia, deberíanos permitir ser máis eficaces e reducir parcialmente esas mortes evitables, e eu creo que debiamos estar todos nisto.

O portavoz do Partido Popular, o señor Puy, dicía tamén nese debate —e eu comparto esa posición— que non se trata fundamentalmente dunha cuestión ideolóxica, non se trata dunha cuestión identitaria, senón que se trata dunha cuestión de racionalidade, da distribución racional das competencias, do poder. Eu sigo pensando que se trata diso, e, por tanto, propóñolles que voten a favor desta proposición de lei, que inicia un trámite longo.

Para poder completar o seu trámite, debe acompañarse dunha dotación suficiente da Policía autonómica. Hai unha competencia paralela a esta pero que ten un trámite diferente, que é a transferencia de competencias da Policía Autonómica, con centos de axentes que vivirían en Galicia e que serían os encargados de desenvolver as competencias de tráfico. Para iso non precisamos do artigo 152, do trámite no Congreso, precisamos unha negociación na Comisión Mixta de Transferencias, entre o Goberno de España e o Goberno de Galicia, que se pode producir de maneira paralela a este trámite.



O trámite que iniciamos hoxe non vai ter éxito —estamos en período electoral, despois farei un pouquiño disto— a moi curto prazo, necesitamos ano e medio ou dous anos, e nese tempo debería poder facerse tamén a negociación da ampliación das funcións e dos axentes da Policía Autonómica usando o artigo correspondente do Estatuto de autonomía de Galicia. Por tanto, podemos facer en paralelo ambos procesos. Hoxe propóñolles este porque é o máis prolixo, o máis complexo e o que exige máis tempo.

Nos escasos minutos que me quedan, gustaríame dedicar algúns argumentos ao contexto no que este debate se produce. O primeiro, a proximidade das vindeiras eleccións xerais.

Eu creo que isto é unha oportunidade, non o vexo como un problema. As eleccións xerais están sometidas en España —non é necesario dicilo— a unha incerteza sobre os seus resultados —sempre o hai, pero neste caso seguramente máis que nunca—, por tanto, colócanos —dicíao o outro día nunha rolda de prensa— no que o filósofo americano John Rawls chamou —eu utilízoo de xeito metafórico— unha posición «orixinal», onde temos un velo de ignorancia, non sabemos que vai pasar. Quero dicir que non sabemos a que Goberno imos remitir esta iniciativa, a que Congreso imos remitir esta iniciativa; que Goberno haberá, como será a composición do Congreso, por tanto, deberíamos poder tomar hoxe a decisión sobre esta proposición de lei e cando volve aquí para a súa toma en consideración definitiva, prescindindo de consideracións tácticas, prescindindo de cálculos sobre se o Partido Popular vai ter que definirse porque é maioritario ou o Partido Socialista non sei que... Non sabemos o que vai pasar, actuemos en favor dos intereses de Galicia prescindindo de calquera consideración táctica porque iso é o que nos dá o velo da ignorancia, permitiríanos facelo así. Por tanto, isto vainos fotografar máis, non hai consideracións tácticas.

Nós cremos que esta é unha competencia que debe ser exercida por Galicia, e crémolo nesta situación ou nunha situación diferente, por tanto, imos votar a favor. E pediríámoslles a todos que actuaran nesa liña.

E a seguinte consideración, e última, ten que ver co debate que hai en España. Eu son un firme defensor das vantaxes do modelo autonómico, pero creo que iso non só hai que dicilo, senón que hai que demostralo e exercelo. É un modelo que está sendo atacado polo *Escila* do centralismo e polo *Caribdis* do independismo.

Algúns din que se acabou xa de ceder competencias ás comunidades autónomas, que o Estado está descarnado, que non pode debilitarse máis e que, por tanto, nada de ceder competencias ás comunidades autónomas. E eu, fronte a isto, digo que as comunidades autónomas tamén son Estado, e, por tanto, unha cesión de competencias ás comunidades autónomas significa —se se fai dunha forma constitucionalmente viable, por acordo de todos— tamén reforzar o Estado e non debilitalo. (*Aplausos.*)

E, en segundo lugar —que xa teño pouco tempo—, creo que o mellor exemplo que podemos darlle ao mundo independentista —neste caso catalán— é demostrarlle que cando hai respecto ás leis, cando hai acordo de todos os grupos, cando hai transversalidade e non política de bloques, o Estado autonómico ten a plasticidade suficiente como para adaptarse ás necesidades de poboacións que, como no caso de Galicia, forman un pobo singular con carac-



terísticas singulares. E isto ten un gran valor, porque significa que non nos deixamos bloquear por vetos procedentes de ningún dos extremos, que cremos firmemente nas posibilidades que ofrece o Estado autonómico, e que estamos dispostos a poñelas enriba da mesa e a defendelas con claridade.

Hai que facer unha defensa radical de ideas moderadas, como é esta da defensa do Estado autonómico, porque esta é a mellor garantía de que somos capaces de enfrontarnos aos riscos e aos perigos que desde lugares distintos nos ameazan. E isto é o que lles propono hoxe que fagamos: que manteñamos as posicións aqueles que xa estivemos no debate do ano 2008-2010; e aqueles que non estaban como tales, estou seguro de que van ter a sensibilidade de completar as competencias de Galicia, nun ámbito, ademais, no que podemos, sen dúbida —é dicir, eu creo que hai que facer unha defensa das políticas da Dirección Xeral de Tráfico, da actuación da Garda Civil e dos outros corpos que interveñen nisto—, ser capaces desde a proximidade de facer unha xestión máis eficaz do tráfico e da seguridade viaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Agora saudamos os alumnos de segundo e terceiro da ESO do centro Moncho Valcarce, das Pontes, e tamén os profesores, que hoxe nos acompañan. Sexan benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas.

Canto gusta escoitar aquí o nome de Moncho Valcarce, un loitador en defensa da nosa terra, do noso territorio. Benvido o alumnado do instituto das Pontes que nos acompaña neste pleno. ¡Cantos Monchos Valcarce fan falta nestes tempos! (*Aplausos.*)

Toca falar da transferencia das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria, e a verdade é que non sei como cualificalo, creo que é un auténtico paradoxo. Estamos a debater a admisión a trámite dunha lei que xa foi aprobada por este Parlamento, por unanimidade, o 8 de abril do ano 2008 —por certo, por iniciativa do BNG—, a Lei de transferencia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.

Dez anos despois volvemos debater a mesma lei coa mesma redacción, aquí non hai *copyright*, e cabe preguntarse por que. ¿Por que estamos, dez anos despois, debatendo a mesma lei? Porque o señor Leiceaga, que foi protagonista daquela parte da historia e tamén o é agora, non contou toda a historia, non a contou toda. Dixo que «desafortunadamente non tivemos o eco esperado», esta é unha maneira moi dulcificada de contar o que aconteceu. A realidade é que esa lei non entrou en vigor, non se transferiu a competencia, porque foi vetada no Parlamento do Estado polo Partido Socialista e polo Partido Popular, (*Aplausos.*) hai que dicilo así de claro. O Partido Socialista porque votou en contra, e o Partido Popular porque se abstivo, e se non se abstivese, saíría aprobada a lei. (*O señor Fernández Prado pronuncia*



*palabras que non se perciben.*) Tampouco contén vostedes que tamén hai para vostedes, señor Fernández Prado.

O que se ve aquí é algo que non sei se lles soa: que se vota unha cousa aquí e outra en Madrid, tamén o vimos no caso da AP-9, ¿non? É o intercambio de papeis nos partidos estatais segundo conveña..., segundo conveña non, segundo manden en Madrid, porque nisto as delegacións que teñen aquí en Galiza, as sucursais, non contan nada, quen manda é Madrid; en todo caso, utilizan a Galiza como moeda de cambio.

O señor Leiceaga tamén nos falaba de que Euskadi ten unhas cifras moi baixas de sinistralidade viaria e de mortalidade. Claro, porque ten as competencias en materia de tráfico e seguridade viaria, que nós poderíamos ter xa desde o ano 2010; porque ademais ten unha policía propia; e porque ademais tamén ten un financiamento diferente do que temos nós e ten medios para ter mellores estradas, mellores investimentos e toda unha serie de cuestións que interveñen moito neste tema. Entón, isto realmente é unha lección de historia.

Tamén cabería recordar quen votou —ademais do BNG, que votou o mesmo aquí e o mesmo en Madrid— a favor desa transferencia, non sei se lles soa: o PNV, CIU, Esquerra Republicana de Cataluña. Non sei se lles estrañan as alianzas do BNG, entón, con estas informacións, quen estivo nese momento a favor dos intereses do noso país. Este tema o que pon de relevo é a necesidade do nacionalismo galego en Madrid, de forzas políticas propias que non teñan obediencia nin submisión a intereses alleos, e de moitas máis cousas, ademais.

A historia repítese, e o mesmo que pasou coa transferencia de tráfico, vivímolos e sufrímolos nestes últimos anos con todo o debate e todo o trámite da transferencia da AP-9. Tres anos perdidos por culpa do Partido Popular, que vetou a tramitación, por medio do Goberno e por medio da Mesa do Parlamento, desa transferencia.

E despois da admisión a trámite, despois de que se levantase o veto por parte do Goberno do Partido Socialista, vai volver quedar no dique seco. (*Murmurios.*) E disto tamén ten responsabilidades porque pasaron dous meses e medio e non foron capaces de tramitala pola vía de urxencia en lectura única. É unha vergoña que vaia hoxe ao Pleno do Congreso cando non hai tempo material para tramitala xa, vai ser unha nova frustración, e isto ten responsábeis. Hai que dicilo: ten responsábeis.

Ademais, señores do Partido Popular, había outras opcións —bueno, do Partido Popular e do Partido Socialista—. Se realmente houbera vontade de transferir a AP-9, sentaríanse na Comisión Mixta de Transferencias Xunta-Goberno central, poríanse de acordo nas condicións e porían en marcha o que xa está acordado nesa lei. Pero non houbo vontade, deixouno claro o señor Feijóo neste Parlamento en declaracións públicas, que non quería a transferencia da AP-9, que non lle valía esa lei.

¿E para que queremos as transferencias en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria? Pois porque é unha competencia fundamental para combater con maior eficacia a crúa, a dramática, realidade dos accidentes de tráfico, que son auténticos dramas humanos, dramas sociais, e que teñen tamén elevadísimos custos económicos para a nosa sociedade.





A realidade é que as cifras dos últimos anos son extraordinariamente preocupantes, e moito máis as cifras do ano 2018 e a evolución continuada nos últimos tempos dos datos de accidentes, dos datos de persoas feridas. É unha cifra que non soe saír nos titulares, pero hai miles de persoas feridas, con secuelas permanentes para toda a vida, que son tamén dramas terribes que teñen que sufrir. Tamén o incremento de mortes por atropelos de peóns e de ciclistas, ou as mortes nas cidades —unha cifra que tamén aparece pouco nas estatísticas e que se incrementaron nos últimos tempos—, nos núcleos urbanos, que pasou de 17 no 2013 a 32 —case o dobre— no ano 2017. E aquí —volvémolo dicir— hai experiencias exitosas en cidades —nalgunha cidade en concreto, premiada internacionalmente— que se teñen que tomar como referencia para evitar este terrible drama de persoas que morren nos pasos de peóns en atropelos nas nosas cidades. Isto cremos que se debe facer coa máxima participación institucional e social, dispoñendo de todos os medios, de todas as competencias, co liderado da Xunta de Galiza, que debe sentar na mesma mesa a todas as administracións, a todos os axentes sociais, para combater coa máxima eficacia e con todos os medios este drama, e tamén cun novo plan de seguridade viaria, que o necesita o noso país.

Para o Partido Popular —demostrouno nos últimos tempos— isto non é —dixo— nin prioritario, nin urxente, nin relevante. Dixo isto despois de aprobar na Comisión 1ª unha iniciativa do BNG que propoñía que Galiza se equiparase nas súas competencias ao máximo conseguido por Cataluña e por Euskadi. E ao cabo dunha semana desdise do que aprobara, retráctase do que votara, porque se pon ás ordes do Partido Popular de Madrid, do señor Casado; porque se pon ás ordes da axenda centralista e reaccionaria do señor Casado. E isto tampouco é estraño porque xa sabemos que o señor Feijóo é capaz de modificar a súa axenda como presidente da Xunta para ir a unha manifestación centralista, españolista, convocada polo Partido Popular ao lado da ultradereita. ¡Iso é o que lle importa ao señor Feijóo a axenda da Presidencia da Xunta!

Aquel acordo foi un espellismo, ao cabo duns días volveu o Partido Popular submisivo, servil e tamén coherente, perfectamente coherente e transparente. O que veu dicir o Partido Popular é que ía facer o mesmo que fixer anos últimos dez anos, é dicir, non reclamar nin conseguir ningunha competencia do Estado. ¡Cero patatero de transferencias en dez anos!

Agora din que non é prioritaria a transferencia da competencia, que non é garantía para combater con maior eficacia a sinistralidade viaria. A verdade é que son vostedes máis centralistas e máis españolistas, mesmo, que os de Madrid, fanlle competencia á ultradereita. Nós, desde logo, consideramos que é unha transferencia imprescindible e que ademais ten que ir acompañada co desenvolvemento da Policía galega. Temos xa unha lei do ano 2007 que non se desenvolveu, e non se desenvolveu porque o Goberno do Partido Popular non o fixo. Entón, estamos aquí ante que non temos nin competencia de tráfico nin temos tampouco o desenvolvemento da Policía propia; unha policía administrativa, xudicial, con competencias tamén en seguridade cidadá; unha policía galega integral, non ese sucedáneo que chaman Policía autonómica, que nin sequera é tal cousa, é unha unidade da Policía adscrita, da Policía do Estado, cun traxe e cun carimbo distinto de Unidade de Policía adscrita, pero nada que ver cun despregamento —como estaba previsto— de 2.400 efectivos.



En definitiva, señoras e señores, o noso voto vai ser a favor da admisión a trámite deste proxecto de lei porque o BNG, ademais, rexistrou un semellante. En todo caso, non sabemos por parte do grupo propoñente se é unha rectificación con propósito de emenda —non neste caso con perdón dos pecados—. Pedimos coherencia e consecuencia; que non sexa unha nova burla, que non sexa un novo engano, que non sexa unha nova frustración como a sufrida no caso da AP-9, como a do proxecto de lei que foi aprobado por esta Cámara por unanimidade en 2018 e que foi tumbado en Madrid polo grupo que agora a propón neste Parlamento.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Foron, polo tanto, oito anos perdidos, e isto —volvo dicilo, aínda que moleste— ten responsábeis: chámanse Partido Socialista e Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Bo día, presidente.

Señores deputados e deputadas, o Grupo de En Marea imos votar a favor da admisión a trámite deste proxecto de lei e, dende logo, temos especial curiosidade, por unha banda, por escoitar o señor Leiceaga cando finalice esta intervención e explique as contradicións do Partido Socialista nesta materia; e temos especial curiosidade por escoitar a intervención do Grupo do Partido Popular, dos militantes de Galicia.

Nós si imos apoiar este trámite por distintas razóns. En primeiro lugar, para cumprir o acordo desta Cámara, do Parlamento galego, de abril de 2008 —como xa explicou o señor Bará—, data na que moitas non estabamos aquí pero si coñeciamos.

Xa que non o fixo cando o tiña que facer, a ver se once anos despois conseguimos cumprir os acordos desta Cámara; un acordo como tantos, que non se cumpren, no respecto institucional e no cumprimento do santo grial da Constitución e do noso ordenamento institucional.

O señor Feijóo, o militante máximo de Galicia, prioritariamente como presidente da Xunta —porque en Galicia, segundo eles, si se goberna para Galicia—, e o seu equipo de megaxestores, sen embargo, non moveron un dedo para cumprir este acordo da Cámara. Ao mellor é que en 2007 ou en 2008 o conto era moi distinto ao de 2019. No 2008, o voceiro do Partido Popular, señor Jesús Palmou, que defendeu a súa posición na iniciativa da que falaba o señor Bará, avalou a proposta de lei de traspaso e afeou o PSOE porque non facilitaban dende o Goberno do Estado esa transferencia —e facíao con razón—. E despois, cando chegou o señor M. Rajoy coa escusa da crise, pese á recuperación, non lles parecía xa tan feo non cumprir este acordo, había escusa xa. É o que ten a esquizofrenia política que os guía, que lles xera estar defendendo posturas interesadas e contraditorias que non teñen ningunha base nin



no seu convencemento nin na súa ideoloxía; polo tanto, están dando bandazos, fan ou desfán ou se posicionan dependendo de se están no Goberno ou na oposición, e non só o Grupo Popular. É verdadeiramente cantoso, é moi cantoso.

Chegaron á Xunta, e Rajoy ao Estado, e cambiaron totalmente a postura. A ver hoxe que sorpresa teñen e como van segundo as enquisas, as ordes que teñan dende o señor Casado ou os zascas dos seus novos aliados da dereita ultra...

Este é un tema moi serio, e o noso segundo motivo para apoiar esta iniciativa son os datos de sinistralidade en Galicia. O ano pasado, o 2018, chegouse —como xa se dixo— a 104 falecidos e falecidas nas estradas galegas. Desde o 2008 ao 2018 morreron 1.278 persoas, sen contar os milleiros de feridos con secuelas de por vida. Dende o 2011 o número de accidentes con vítimas medrou un 40 %, estatísticas claras que dende o 2011 non deixaron de medrar. Son uns datos que amosan, por unha banda, o fracaso do Goberno Feijóo e os seus súper megaxestores, os eficientes, e do seu mal facer en Galicia; e no Estado co señor Rajoy, que estaban moi liados coa Gürtel e outros menesteres.

Non se entende, se isto é beneficioso para os galegos e galegas, se é beneficiosa esta transferencia, por que o señor Feijóo —que estaban de acordo no ano 2008 e o votaron nesta Cámara— non fixo nada, por que non moveron nin un dedo para cumprir este acordo case once anos despois. E tampouco entendemos por que o Partido Socialista —como xa se dixo— despois vetou esta iniciativa no Congreso dos Deputados xunto co Partido Popular. Igual lles parece soberanismo e independentismo esta cuestión, unha cuestión que pon en risco a vida da xente.

Deberían explicarllelo igual nestes momentos, xa en 2019, ao señor Rivera e ao señor Abascal, a ver se inflúen máis vostedes no señor Casado ca eles. E non defendan a Galicia e aos galegos e galegas *a ratos*; nin segundo a enquisa de turno nin o zasca que lles poida vir de turno. E espero que o señor Sánchez tamén o teña claro, e aplícolle exactamente a mesma regra que a vostedes.

Os intereses e necesidades dos galegos e galegas quedaron polo camiño demasiadas veces segundo os momentos, os seus competidores pola dereita, as súas novas alianzas, a súa demoscopia... Esperamos que o Partido Socialista faga algo distinto ao xa feito. E si, deberían quedar polo camiño, pero deberían quedar polo camiño por riba das ideoloxías cousas tan graves, e facer o correcto e o lóxico para a xente do noso país.

Espero que non entren nun novo colapso e que esa esquizofrenia política de campaña electoral non lles faga esquecer o que votaron na Comisión 1ª, que votaron ter as mesmas competencias que Euskadi e Cataluña e reclamalas. E se en Euskadi e Cataluña xa teñen esta competencia ¿isto xa non lles parece unha aldraxe? ¡Eu penso que é unha aldraxe clara! Porque os orzamentos son fundamentais pero non como vostedes os entenden senón para mellorar a vida dos galegos e galegas no seu uso, igual que o traspaso de competencias. Polo tanto, a descentralización política, o traspaso de competencias e o autogoberno, sobre todo en materias tan sensibles coma esta, a materia de tráfico, que, como xa se dixo, inflúe directamente na calidade de vida e na protección do tránsito polas estradas, tanto en vehículos



como os peóns, é unha cuestión moi seria que debe ter a atención debida. Este autogoberno, esta transferencia, ten como obxecto mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas e protexer as súas vidas a través das políticas públicas específicas para o noso país neste caso en materia de tráfico, e iso, como comprenderán, non é independentismo, nin ruptura do Estado, nin nada de nada de nada; iso é puro sentido común e pensar nas persoas que queremos gobernar aquí en Galicia.

En Galicia temos unha idiosincrasia propia como nación e como país, algo que é positivo, que é de valor e que hai que tratar de maneira diferenciada. Temos unha climatoloxía distinta, con moita máis choiva, brétemas, ventos, temporais. Existe unha dispersión xeográfica cun alto índice de despoboamento e cun gran envellecemento nalgúns núcleos territoriais que hai que atender de maneira concreta. Un tipo de estradas secundarias que incrementan os perigos para a cidadanía que transita. Se se incrementan os perigos para o normal tránsito dos galegos e galegas, hai que tomar medidas, e por iso é fundamental ter instrumentos e ferramentas propias, galegas, para salvar as vidas dos galegos e galegas e que non sufran secuelas para o que lles resta de vida. Non só para recadar cartos coas multas, que xa sabemos que serven como efecto disuasorio, senón que se pode facer moitísimo máis tendo a competencia, concienciación, información, formación.

Precisamos instrumentos e ferramentas en forma de políticas públicas galegas adaptadas á nosa realidade, ás nosas necesidades. Adaptar as políticas públicas ao territorio, si, ás nacións que convivimos dentro do Estado español. Non teñan medo en dicilo, ¡que ata a súa bendita Constitución o recoñece!

Temos características e necesidades distintas, específicas, por iso é tan importante ter políticas públicas para escoller. As estradas de Madrid, de Andalucía, o seu territorio e a súa orografía non teñen nada que ver coas dos galegos e as galegas, ¡absolutamente nada que ver! E se queremos mellorar a vida da xente e salvarlle a vida a través da xestión, da prevención e de todas estas cuestións que dependen de ter un autogoberno propio, ¡pois fagámolo!, para evitar estes dramas humanos. É algo que se pode solventar, mellorar a vida da xente anticipándonos aos problemas que existen e que xa coñecemos a través de políticas públicas.

Recoñecer isto, señores, chámase plurinacionalidade. Así é como se chama este tipo de propostas, de medidas e de leis: autogoberno e descentralización política competencial. E nós é o que defendemos: unha plurinacionalidade pensada para as persoas, para a xente, para os galegos e galegas, non para os cartos, nin o poder, nin o tacticismo, nin o mal márketing, nin as bandeiras, ¡nin as bandeiras! Isto é solucionar os problemas da xente.

Por iso nós non cambiamos de criterio a enquisa, segundo o que diga certo aliado, cando lle peguen un zasca, nós mantemos o mesmo. Explíquenlle ao señor Casado, e de paso ao señor Abascal e ao señor Ribera, que isto é moi serio, é a vida dos cidadáns. E comprobouse — como xa se dicía — en Euskadi que tendo unha descentralización política, tendo esta competencia e facendo unhas políticas públicas axeitadas —o País Vasco ten unhas características semellantes ao territorio galego e demais—, se reduciu o índice de sinistros. Polo tanto, se isto é bo para todos, esperamos cordura e que se vote a favor desta transfe-



rencia, que imos con once anos de atraso e os galegos e galegas cremos que merecemos algo distinto. Que cadaquén sexa claro nas súas posicións e que non digan. Que digan pero que fagan. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Bo día, señoría.

Permítanme que comece dicíndolles cal é a nosa postura no ámbito das transferencias. No pleno pasado, o propio presidente da Xunta creo que expuxo con claridade a postura do noso grupo, pero creo que non é malo repetilo, visto como distorsiona algún dos grupos da oposición.

Defendemos integramente a Constitución, o Estatuto e o marco autonómico. Aspiramos a máis e mellor autogoberno, conforme o noso status constitucional de nacionalidade histórica. Reservámonos o dereito a valorar se a Galicia lle convén asumir calquera competencia que sexa transferida a outra comunidade autónoma. E queremos avanzar na defensa do noso autogoberno real e útil, de acordo cun plan ordenado e establecendo prioridades.

Precisamente para iso, cómpre ter claras as prioridades reais que ten Galicia pero tamén ter en conta a oportunidade política. Non parece o máis oportuno plantear esta demanda nun momento en que en España grupos independentistas están a xerar importantes tensións territoriais, a non ser que se queira mesturar con algunha concesión aos separatistas e servir de coartada. Ademais, fano xusto despois de que a Xunta propuxera ao Goberno central priorizar esas transferencias, querendo marcar unha axenda distinta e diferente á que ten o Goberno. Perdoen, pero as axendas márcanas os partidos e os gobernos que gañan, non os perdedores, que para iso se escollen. (*Aplausos.*)

Parece máis interese partidista, señor Leiceaga, botarlle unha man a Sánchez, en vez de defender os intereses de Galicia. (*Murmurios.*) E, dentro desa defensa de Galicia e do noso autogoberno, non imos caer nestas cortinas de fume dos socialistas para ocultar uns orzamentos inaceptables que, ademais, foron avalados tamén por En Marea.

A postura da Xunta, deste grupo, e tamén a do noso voceiro —que recordou vostede—, segue sendo a mesma de sempre. Non renunciaremos a aspirar ao teito competencial máximo, similar ao que se marque para calquera das comunidades históricas, e estamos a favor de demandar novas transferencias a Galicia sempre que sexan útiles e sempre que melloren a xestión; ademais, sempre cunha priorización que debe establecer o Goberno escollido polos galegos. E para isto temos, primeiro, que falar de financiamento; ningunha competencia nova se non vén dotada do financiamento necesario.

Estamos a favor desta transferencia de tráfico, xa o dixemos e votámolo en varias ocasións; pero tamén dicimos que isto non pode ser unha cortina de fume para non priorizar outras



necesidades máis urxentes e inmediatas que están trasladadas ao Goberno central. ¿E cales son estas prioridades?

Prioridade unha. Necesidade de completar o cadro de persoal da Policía autonómica. Temos 400 axentes onde debería haber 500; estes 100 axentes son unha urxencia inmediata. Por certo, unha situación semellante ocorreu no 2012, cando gobernaba o Partido Popular, e cubríronse 140 novos efectivos e consolidáronse 64. Isto é o que hai que facer. Primeiro, completar esa Policía autonómica; por certo, que se dedica a temas tan importantes como o lume, ofurtivismo ou a violencia machista.

Imos falar moito neste pleno da violencia machista. Saibamos que o que recorta os medios humanos para loitar contra esa violencia machista en Galicia é o Goberno do señor Sánchez, o Goberno do Partido Socialista, que non cobre esas cen prazas que leva xa pedidas en dúas ocasións o noso vicepresidente da Xunta ao ministro do Interior.

Prioridade número dúas —xa falamos disto bastante, creo, nesta lexislatura—: a transferencia da AP-9 sen custo extra para os galegos. É dicir, señor Bará, non pode ser a calquera prezo e pagando máis que os demais. E xa o dixemos, transferencias si, pero que se revise ese negocio redondo que o Partido Socialista firmou do 1 % acumulativo nas peaxes hai uns anos. (*Murmurios*.) ¿Por que non centran os esforzos na AP-9 sen eses custos adicionais? A AP-9 é unha porta para seguintes transferencias. Disto falamos xa bastante e podemos seguir falando.

Prioridade tres. ¡Que teñamos que pagar os galegos as cesións aos independentistas do Goberno de Sánchez, creo que tamén é unha prioridade importante! Unha caída de investimentos avalada e asinada por En Marea, polo señor Pablo Iglesias coa firma abaixo co anagrama de En Marea; unha caída sen precedentes, os peores orzamentos para Galicia que se recordan. Unha rebaixa en investimentos do 20 % e só en Fomento o 27 %; mentres a Cataluña se lle sobe o 57 % de investimentos, 210 millóns de euros. ¿Isto como se chama? Esta é a forma que ten o Goberno Socialista de pagar eses favores e pagar esas negociacións por seguir na Moncloa, 210 millóns. Cando o Goberno presupostaba o 8 %, sacaban peito; chegou o Goberno do Partido Popular, subiu a un 11 % territorializado e eran malos; e agora volven vostedes aínda máis baixo, ao 6 %, e queren que aplaudamos. Pois non, as débedas de Sánchez cos independentistas non as teñen que pagar os galegos.

Prioridade catro. Que se abonen as compensacións ás que temos dereito por ser unha comunidade autónoma que xestiona ben e responsablemente. Falamos de 85 millóns de euros ao ano no período 2018 ao 2020, son en total 255 millóns de euros. Mire, isto xa estaba incluído nos orzamentos do 2018. Queremos que se paguen os do 2018 e se siga cos do 2019 e os do 2020.

A clave para mellorar o noso autogoberno, señores, non é ter máis competencias por ter, senón exercer as que se teñen con solvencia e garantía de futuro e cos orzamentos aos que temos dereito e temos comprometidos.

Polo tanto, corrixindo uns orzamentos nefastos para Galicia, traspasando a AP-9 sen custo extra para os galegos, completando o cadro de persoal da Policía autonómica e pagando os



255 millóns de compensacións, é a forma de empezar a falar de autogoberno, señores do Partido Socialista. E iso pódeno facer xa desde o Goberno aínda que sexa en funcións. Pero, en contra disto, o que estamos vendo ao longo das últimas semanas é unha batería de propostas para novas transferencias despois de anos de esquecemento. E fano os mesmos —xa llelo recordaron— que cos seus votos no pasado impediron a aprobación —non sei se é por mala conciencia, xa llelo dicían—. Hoxe estaría transferido se non votara en contra o Partido Socialista. O Partido Popular non se opuxo —non se opuxo, señor Bará—, foron os votos maioritarios que tiña o Partido Socialista no Congreso os que impediron no 2010 que tiveramos agora aprobada esta lei e xa en funcionamento. E non é a primeira vez. Recordemos que no 2007 se opuxo o Bipartito tamén á transferencia da AP-9; no 2008, a pesar de votar isto, o Partido Socialista paralizou esta transferencia no Congreso; no 2011 —recordábo o outro día o presidente—, cando se fixo o listado novo de medicamentos, opúxose o Goberno Socialista, e levouse ao Tribunal Constitucional, porque dicía que se invadían competencias estatais. ¡Estes si que son autogobernos! E agora o Partido Socialista quere darnos clases sobre autogoberno, cando o que está facendo, simplemente, é un recorte ao noso autogoberno a través dos orzamentos e crear unha cortina de fume para ocultar estes orzamentos inaceptables. Ou ben —que pode ser a outra solución— que sirvamos de coartada para abrir outras transferencias que anteriormente negara e dar cobertura a eses vinte e un puntos do señor Torra.

Señor Leiceaga, o tacticismo é do PSdG, non é do Partido Popular. O que trae estas cousas para tapar outras é o Partido Socialista, non as trouxemos nosoutros.

Teño que rematar, non teño moito tempo para falar de seguridade viaria. Xa nos trasladaron un tema importante para Galicia, efectivamente, os ponentes na Comisión de seguridade viaria, que, por desgraza, tampouco é a panacea. Si é verdade que o tema da seguridade viaria ten múltiples factores —algúns máis importantes, que foron referidos aquí—. Evidentemente, vostede colle o ano 2018, que son os peores datos; colla do 2011 ao 2018, cando Galicia é a terceira comunidade onde máis se rebaixa a sinistralidade de toda España. E no 2017 —colla os datos do 2017— é a que máis reduciu a sinistralidade de toda España. Colla un período de dez anos e verá que non hai un tema directo, porque Galicia, sen ter a transferencia, fixo mellores datos que moitas das comunidades autónomas que vostede nomea.

En conclusión —e por rematar xa—, a nosa postura non cambiou. Dicimos o que levamos dicindo sempre. Nós defendemos a Constitución e o Estatuto de principio a fin; incluído tamén o artigo 27 número 25 do Estatuto de autonomía, que recolle esta competencia. Creemos que o máis axeitado que está facendo o Goberno é priorizar estas demandas. Polo tanto, precisamente porque priorizamos e defendemos este Goberno, cremos que hai que marcar esas prioridades.

As transferencias de tráfico si, pero primeiro os compromisos coa AP-9, os efectivos da Policía autonómica, os cartos xa recoñecidos nos orzamentos xerais do Estado do 2018 pola boa xestión de Galicia, e uns orzamentos para o 2019 que polo menos recoñezan o que xa estaba nos de 2018.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.



**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Remato xa, presidente.

Aínda que, evidentemente, vostede sabe que estas cousas as fará o seguinte Goberno do Partido Popular a partir de xuño, (*Murmurios.*) dígolle que nós imos defender o modelo de Policía definido en Galicia, que asumirá tráfico e que non minguaría outras funcións que o Estado desempeña en Galicia a través da Policía Nacional e da Garda Civil. (*Murmurios.*)

Polo tanto, non imos obstaculizar o trámite da lei, pero non esqueceremos tampouco exixir previamente o que é urxente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Réplica. Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Quero agradecerlles, en primeiro lugar, aos grupos do BNG e de En Marea que apoien esta iniciativa. Eu esperaba que fose así. En todo caso, como me piden que explique que pasa, pois eu vóullelo dicir moi rotundamente.

Nós, en Galicia, defendiamos no ano 2008, seguimos defendendo hoxe e defendemos durante todo este tempo que debemos xestionar tráfico e seguridade viaria (*Aplausos.*) e que hai que completar a Policía. (*Murmurios.*) Se me din: ¿e pode vostede garantirme que no Congreso dos Deputados...? Xa lles digo que non, dígolles abertamente que non, que o imos intentar. En todo caso, o que si percibo no actual Goberno —no Goberno que aínda non é en funcións porque aínda non está o Parlamento disolto— é unha sensibilidade en relación co desenvolvemento do Estado autonómico moi superior a aquel que substituíu, e, por tanto, cremos que hai unha oportunidade. Porque cando se plantea co PNV unha negociación de 33 competencias, nós dicimos que é a oportunidade para que Galicia poida avanzar. E en política hai que ter as conviccións e hai que ter a habilidade tamén para aproveitar as oportunidades que se presentan; e esta é unha delas, por iso a presentamos.

Eu entendo que hai unha situación electoral que fai que moitas das palabras teñan, en fin, ese fin de marcar unha posición propia. Seguramente, a moitos de vostedes gustaríalles que nós non tiveramos esas conviccións autonomistas, pero témolas, (*Murmurios.*) ¡témolas! Nós somos favorables a ampliar o autogoberno. A ampliálo dentro da Constitución, coas normas que están previstas na Constitución, porque se pode facer. E imos seguir intentándoo.

Ao Partido Popular non podo agradecerlle a súa posición porque, ademais, non é que non a comparta, é que non a entendo, ¡non a entendo! É dicir, había a mesma situación no ano 2008 e no ano 2010, ¡a mesma situación!, e antes dicían que si e agora din que non.

O presidente da Xunta e presidente do seu grupo dicía hai tres semanas que quería chegar ao nivel competencial do País Vasco e de Cataluña, e agora votan en contra de iniciar ese camiño. Esa é a parte que eu non acabo de entender.





Miren: no debate do estado da Autonomía de 2018, hai escasamente catro meses, aprobamos co seu apoio unha proposta de resolución que dicía: «Levar a cabo todas as actuacións políticas posibles» —unha delas é aprobar esta lei— «para acadar o máximo nas cotas de autogoberno para Galicia en concordancia co establecido na Constitución española». (*Aplausos.*) Se esta lei que presentamos non é cumprir a proposta de resolución que vostedes votaron a favor, pois xa me dirán; e, sen embargo, non votan a favor.

¿E por que é? Home, despois de todo isto creo que a explicación máis clara son os titulares de prensa que se len nas últimas semanas. «*Casado quiere más poder para el Estado*». «*El líder del PP avisa*» —estou lendo o ABC— «*que no apoyará “ni una transferencia más”*» —avisa o líder do PP— «*y abre un proceso de recentralización*», «*recuperando competencias en Educación, Justicia, Sanidad y Prisiones*». Este é o programa político do Partido Popular. Vostedes o medo que teñen é que, se se produce esa situación que vostede di, teñan que dicirle ao señor Casado que en Galicia queremos Tráfico, cando é esta a posición política do Partido Popular, é dicir, estanse pregando ao Partido Popular en Madrid. E a min paréceme razoable que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados tome as súas propias decisións, pero que non contamine as que tomamos no Parlamento de Galicia, porque ao final o que está facendo o señor Casado é importar para as filas do Partido Popular, que era un partido ata este momento moderado nese terreo —moderado nese terreo comparado co que está por vir, co que estamos vendo—, o programa político de Vox en relación co modelo de Estado. E isto non me parece que sexa a mellor solución para Galicia; aquí somos, sen dúbida, doutra pasta. E xa sei que é un cálculo electoral —xa veremos—, pero, posiblemente, os cidadáns, cando se presenta o orixinal e a copia, van preferir o orixinal. Xa o veremos.

Por último, señor Fernández Prado (*Murmurios.*), fala vostede —anoteino porque me chamou moito a atención— de «dez anos de esquecemento». Non, os anos de esquecemento son do Partido Popular. (*Aplausos.*); non houbo ningunha transferencia —¡ningunha transferencia!— para Galicia gobernando con maioría absoluta aquí e con maioría absoluta en Madrid. Non houbo... ¡Non, non! Non é que non houbera ningunha transferencia; non houbo ningún intento de conseguir máis transferencias, señor Martín Prado, e iso é o que teñen vostedes que explicar. Todas estas cousas que plantexa teremos oportunidade de discutilas. Imos establecer as prioridades porque imos traer aquí algunha iniciativa para establecer tamén prioridades en relación co autogoberno, e xa discutiremos.

Pero, en todo caso, é independente disto, porque isto vai por outra vía. Para poder conseguir Tráfico hai que aprobar unha lei orgánica, porque hai que utilizar o artigo 150.2; por tanto, isto é complementario a todo o demais, complementario. Vostedes teñen que tomar a decisión: ou apostan por manter a coherencia, reclamar un nivel competencial similar ao do País Vasco e ao de Cataluña, manter o que dixo o seu presidente hai tres semanas e manter o que aprobamos no debate do estado da Autonomía hai escasamente catro meses ou ben pregarse aos designios do señor Casado, que ao final é levar a un ámbito máis amplo o que plantexa o señor Santiago Abascal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.



### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate dos textos lexislativos, procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando, en primeiro lugar, a emenda á totalidade de devolución presentada ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Votamos.

*Votación da emenda á totalidade, con petición de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 37; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Ao quedar rexeitada a emenda, o proxecto continúa a súa tramitación.

Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; abstencións, 37.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, que non pase como aquela vez en Estremadura, aquí apróbase. En Estremadura houbo unha confusión aquela vez votando. Polo tanto, isto seguirá a súa tramitación na comisión que corresponda.

Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 2 da orde do día, de comparencias.



## Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento de Galicia para dar conta das liñas xerais de actuación que seguirá a Consellería de Política Social nesta nova etapa. Espero poder trasladarlles cales serán as prioridades da área social do Goberno galego de cara á vindeira década e, como sempre que acudo a esta cámara, fágoo coa total confianza de que poderei saír de aquí coas ideas máis claras do que entrei grazas ás novas perspectivas, ás suxestións e ás críticas construtivas que me formularán as súas señorías.

Todo o que hoxe somos debémolleslo aos que viñeron antes ca nós. Ningún representante público debería pasar por alto o feito de que a institución á que representa é a herdanza dos que viñeron antes e un préstamo para os que estamos agora, e será o legado que deixemos aos que veñan despois de nós. Por iso estou convencida de que a mellor maneira de comezar esta intervención é agradecendo o compromiso, o talante e a vocación dos meus predecesores á fronte da Consellería de Política Social, que hoxe forman parte deste parlamento. Falo de Beatriz Mato e de José Manuel Rey. (*Aplausos.*)

Porque non sempre tivemos un orzamento que crece cada ano; neste ano 2019, un cinco por cento. Non sempre tivemos máis de setecentos trinta e un millóns de euros para investir na mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas. Non sempre tivemos un clima de paz social onde son máis os acordos e os consensos que as discrepancias puntuais. Non sempre tivemos as cifras de prazas de centros e de persoal que temos hoxe, nin a experiencia que fomos acumulando ao longo de todos estes anos para facer fronte aos retos de Galicia.

Se hoxe podoo estar aquí debullando os desafíos dunha consellería eficiente e útil é polo traballo que desenvolveron Bea e José Manuel; a eles, moitas grazas. Eles dous saben mellor que ninguén que para falar da área social da Xunta de Galicia cómpre facelo con humildade e con realismo. Con humildade, porque, moi ao noso pesar, segue e seguirá habendo galegos aos que aínda non sexamos capaces de darlles a resposta que necesitan, e con realismo, porque os aspectos que aínda toca seguir mellorando non poden opacar os logros que fomos acadando.

A Consellería de Política Social non é unha área de grandes cifras, é unha área de nomes propios. Nomes como o de Balbina, a dependente número 60.000 que foi atendida aquí en Galicia; nomes como o de Arturo, o de Eugenia, o de Violeta e o de Juan, persoas que fun cónecendo nestes primeiros meses como conselleira e que son o mellor incentivo para non tirar xamais a toalla.



Señorías, construír unha Galicia mellor é responsabilidade de todos; dende as entidades sociais, dende os concellos, dende as empresas, dende o Parlamento de Galicia e dende a Xunta trabállase cada día para conseguir unha comunidade que coide mellor dos seus. O deber do Goberno galego é ordenar estes esforzos, orientalos e facer que a forza do compromiso das galegas e dos galegos repercuta sempre nos que máis o necesitan.

Para iso precisamos de máis consenso, de máis vontade de diálogo e máis perspectiva social, porque os desafíos que hoxe nos congregan son comúns para todos: avanzar cara a unha Galicia onde as dificultades que aínda se topan as familias que queren ter fillos se convirtan en facilidades; avanzar cara a unha Galicia onde o feito de nacer nunha familia desfavorecida ou desestruturada non sexa unha condena de por vida, senón unha circunstancia que se pode superar; avanzar cara a unha Galicia que achegue ás persoas novas as oportunidades que merecen, porque a nosa comunidade non merece perder nin o seu talento nin o seu potencial; avanzar cara a unha Galicia que dea segundas oportunidades e na que as decisións erróneas dunha vida teñan volta atrás, e na que a exclusión social sexa tan só unha condición temporal; avanzar cara a unha Galicia que non mire as persoas con discapacidade polo que non poden facer, senón que lle saiba sacar partido ao seu enorme potencial, e avanzar cara a unha Galicia agradecida cos nosos maiores, que lles recoñeza o dereito a pasar a idade dourada con esa atención que necesitan e que merecen onde e como desexen.

Confío, con total sinceridade, en que todos os grupos subscribirán estes obxectivos que nos marcamos. Tamén estou segura de que saberemos recoñecer que non é necesario comezar de cero, pois xa fomos avanzando xuntos unha gran parte deste camiño. Toca debater, pois, sobre a ruta que propón a Consellería de Política Social para encamiñarnos cara á Galicia que todos desexamos.

Esta ruta comeza dende o principio, dende o momento en que unha familia toma a decisión máis importante da súa vida: ter un fillo. As que somos nais ou pais sabemos que, cando un cativo chega á nosa vida, é para cambialo todo. Tamén hai certas circunstancias que comezan a cambiar: aparecen moitos gastos cos que antes non contabamos, e entón hai que reestruturar a economía familiar, e, sobre todo, que todo o tempo que pasamos coa nosa familia comeza a parecer nos insuficiente. Por iso, o primeiro grande obxectivo da Consellería de Política Social é darlles ás familias que deciden ter un fillo todo o apoio que necesitan; un apoio que se traduce en máis prestacións económicas e en máis recursos de conciliación.

Nunca antes na historia de Galicia houbo tantas facilidades como hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais. En 2019 hai máis de vinte e catro mil prazas públicas de escolas infantís, o dobre do que había no ano 2009. En 2019 temos unha ratio de cobertura de escolas infantís do corenta e dous por cento, o dobre do que tiñamos no ano 2009 e nove puntos por riba da recomendación da Unión Europea. En 2019 hai sesenta e unha casas niño que ofrecen trescentas cinco prazas de atención á infancia nos concellos máis pequenos de toda Galicia. En 2009 non había ningunha. En 2019 outorgáronse xa catrocentos bonos coidado, que permiten contratar de xeito puntual unha persoa coidadora ante posibles imprevistos, como pode ser a enfermidade dun fillo. En 2019 levamos concedidas máis de corenta mil tarxetas Benvida — mil douscentos euros no primeiro ano do bebé para o oitenta por cento das familias — e o apoio ata os tres anos para as familias con rendas máis baixas: seiscentos euros



para o primeiro fillo, mil douscentos euros para o segundo fillo e dous mil catrocentos euros para o terceiro fillo. *(Aplausos.)*

A sociedade galega arroupa cada vez máis aquelas persoas que deciden ampliar a súa familia. Por iso, na actualidade temos unha das taxas de fecundidade máis altas das dúas últimas décadas, o cal, por suposto, non significa que nos poidamos dar por satisfeitos nin que poidamos deixar de traballar.

Creo que todos neste parlamento, dun lado a outro do hemiciclo, podemos coincidir en que a situación demográfica é, no día de hoxe, o reto máis grande para o futuro de Galicia. É máis necesario que nunca que neste asunto non haxa nin trincheiras partidistas nin intereses electorais, e que rememos todos xuntos para que Galicia sexa o mellor lugar para nacer.

Dentro de poucos meses subirei a esta mesma tribuna para defender a lei galega de impulso demográfico, que nestes mesmos momentos está a elaborar a Consellería de Política Social con achegas de todo o Goberno galego, seguindo as liñas mestras que marcou por unanimidade o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. Neste observatorio están representados todos os partidos políticos, os sindicatos, as universidades, as organizacións empresariais, as entidades sociais, a Administración local e a Administración xeral do Estado.

Señorías, a lei de impulso demográfico nacerá coa vocación de ser unha lei de todos, incorporando as perspectivas de todos e pisando un horizonte a longo prazo. E, por iso, creo que o que Galicia espera de nós é que saibamos deixar de lado esas consideracións curtopracistas e que saquemos adiante unha lei coa mesma unanimidade que logrou o Observatorio. Asegúrolles que no articulado non poderán ver a cor de ningún partido político, só o azul e o branco da bandeira de Galicia, a comunidade que se está a xogar o seu futuro.

A lei galega de impulso demográfico introducirá na administración unha nova forma de traballar, medindo a repercusión que ten cada decisión sobre a demografía.

Hoxe gustaríame avanzarlles unha das medidas que incluírá este texto legal, unha iniciativa que redundará e que reducirá o volume de papelame que teñen que presentar as familias cando solicitan o apoio da Administración pública. A lei de impulso demográfico introducirá, por primeira vez en Galicia, a renda familiar estandarizada, que servirá para determinar de xeito homoxéneo o nivel de renda de cada fogar. Desta forma, cada familia terá o mesmo trato por parte de toda a administración, e valoraranse do mesmo xeito condicións como familia numerosa, monoparental ou discapacidade, entre outras, en lugar de que cada liña de axudas pondere a economía familiar dun modo distinto.

Este novo texto legal mellorará a eficiencia da administración para facela máis amigable para as familias, ademais de contemplar outras medidas que introduciremos ao longo das vindeiras semanas e de consolidar o traballo feito nesta última década.

Galicia seguirá sumando novas prazas públicas tanto nas trinta casas niño que abrirán entre 2019 e 2020 como na escola infantil que abrirá o novo curso en Vilagarcía, nas que se construírán en Redondela, en Chapela, nas Neves e en Paderne de Allariz, e na ampliación de



dous centros en Cedeira e en Arzúa. En total, estamos a falar de trescentas vinte prazas públicas novas que estarán á disposición das nais e dos pais destes concellos antes de que remate a lexislatura.

Galicia seguirá reforzando recursos á disposición das familias que teñen necesidades puntuais de conciliación. Neste mesmo ano ampliamos o bono coidado para pagar tamén o servizo dunha ludoteca. En 2020 seguiremos mellorando este servizo para que os fogares galegos conten cun auténtico servizo de axuda no fogar orientado á infancia.

E Galicia non se esquecerá tampouco dos nenos e das nenas que están en situación de desamparo para arroupalos. Para arroupalos, nestes anos melloramos a calidade do servizo que se ofrece nos centros de protección e, para centrar neles a acción política do Goberno galego, os orzamentos do 2020 serán, por primeira vez, uns orzamentos da infancia, que avaliarán o impacto das contas públicas nos nenos e nas nenas galegas.

A Xunta de Galicia tamén é consciente de que para revertir o reto demográfico é necesario dar novas oportunidades para que a mocidade galega poida traballar e formar unha familia na nosa comunidade. Os datos convidánnos a un moderado optimismo: a taxa de paro xuvenil baixou en 2018 un 4,8 por cento e está en mínimos dende que se rexistran datos, o número de menores de trinta anos que están a traballar incrementou un catro por cento e o noso saldo migratorio é positivo, xa que chegan a Galicia mil oitocentos mozos e mozas máis dos que saen. Isto non significa, por suposto, que esta situación sexa idílica nin que poidamos deixar de traballar pola nosa xuventude. Somos conscientes de que aínda queda moito por facer. Por iso, no marco das nosas competencias, a Consellería de Política Social seguirá traballando para enriquecer o proxecto de vida da xente máis nova. Ese será o obxectivo do novo plan estratéxico de xuventude 2019-2021, que se aprobará no primeiro semestre deste mesmo ano.

Este plan buscará satisfacer as necesidades, as inquedanzas e as prioridades dos mozos e mozas galegos, que son moito máis heteroxéneos, diversos e cun potencial moito maior do que algúns nos queren facer ver. Falaremos de mocidade e de emprendemento, pois as ideas da xuventude galega poderán —e poderán sempre— enriquecer o tecido económico e cultural da nosa comunidade. Falaremos tamén de mocidade e de medio rural, pois o noso agro ten moitas oportunidades para o desenvolvemento persoal da xente máis nova, e a xente máis nova ten ideas e ten formación coas que facer crecer o noso agro.

E falaremos, como non, de mocidade e do Xacobeo 2021, que é o maior acontecemento que ten Galicia no horizonte, e no que os mozos e as mozas terán moito que dicir para convertelo no mellor Ano Santo da nosa historia. Un dos segredos da eclosión do Xacobeo e dos camiños de Santiago foi precisamente saber actualizarse e renovar o seu estilo e a súa alma. E para que Galicia volva ofrecer un Ano Santo que sorprenda o mundo enteiro, é necesario que a mocidade achegue as súas ideas, achegue o seu impulso e os seus valores.

Estes son tamén os valores que caracterizan as persoas voluntarias de Galicia, sexa cal sexa a súa idade. O voluntariado ponlle cara e corazón ao mellor da nosa terra: a solidariedade, o altruísmo e o traballo polos demais. Galicia é a comunidade máis solidaria de España, con



máis de oito mil voluntarias e voluntarios activos. Por elas e por eles, somos a única Comunidade Autónoma e a única rexión europea que acredita a acción voluntaria cun certificado homologado e con validez en todo o continente, e, por elas e por eles, nesta lexislatura seguiremos poñendo en marcha programas de voluntariado encamiñados a dar resposta ás grandes necesidades do noso pobo.

Señorías, a Galicia que queremos ten que ser unha comunidade que dea apoio e sustento a aqueles que por unhas ou outras razóns foron quedando atrás. Galicia avanza, e o conxunto dos galegos, sexan cales sexan as súas circunstancias, deben ser quen de avanzar con ela. Un dos maiores logros desta lexislatura no eido da loita contra a pobreza xa foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. Falo do Decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social que logrará elevar a contía da Risga de catrocentos cincuenta a cincocentos cincuenta.

Os avances que introduciu este decreto non quedan no ámbito cuantitativo, senón que, moi especialmente, afectan o ámbito cualitativo. Partimos de dúas conviccións: a primeira, que a mellor política social é o acceso ao mercado laboral, e a segunda, que o punto de partida da loita contra a exclusión social debe ser garantir o dereito á vivenda. As melloras na Risga responden a estas dúas perspectivas. Introdúcense dous novos tramos, o de inserción e o de transición ao emprego, para incentivar que as persoas que perciben a Risga se formen e fagan practicas laborais e para que poidan compatibilizar salario e prestación, de xeito que non caian na economía mergullada. Permíteselles acceder á Risga ás persoas que non están en desemprego, pero que si perciben un salario moi baixo; increméntase o complemento de alugueiro para as familias con fillos; introdúcese a posibilidade de que dúas persoas perceptoras da Risga compartan vivenda para reducir gastos, e mellórase a compatibilidade con outras axudas de inclusión social e co bono de alugueiro social.

Señorías, fronte aos mitos interesados que caricaturizan Galicia como se fose un territorio en ruínas atópanse uns feitos incuestionables. Feitos como que nos últimos dez anos incrementou nun sesenta e sete por cento o orzamento destinado á loita contra a pobreza; feitos como que, dende 2009, se triplicou o importe que se destina a financiar a Risga; feitos como a Axenda social única que asinamos hai máis de dous anos coas entidades sociais e cos concellos galegos, e da que xa cumprimos o noventa e seis por cento das medidas, e feitos como as oficinas Reconduce, abertas en 2013, que atenderon xa máis de mil douscentos casos de desafiuzamentos.

Como resultado do compromiso das administracións e da mellora da situación económica, hoxe a incidencia da pobreza está a retroceder: o número de familias moi necesitadas reduciuse un corenta por cento no último ano, pasando do 4,1 a un 2,4 por cento; a taxa AROPE de risco de pobreza está catro puntos por debaixo da media nacional, e o ingreso medio dos fogares galegos está nas súas cotas máximas dende que existen datos.

Pero o camiño da Consellería de Política Social a prol da inclusión social non remata con este decreto. No que resta de lexislatura seguiremos traballando polas familias que están en exclusión social ou que están en risco de padecela: estamos a deseñar un plan de atención ás persoas sen fogar que responderá ás necesidades deste colectivo e que xa presentaremos nas vindeiras semanas; daremoslle un novo impulso ao diálogo con todos os concellos ga-



legos e coas entidades de loita contra a pobreza; neste ano 2019 xa comezaremos a actualizar os obxectivos da Axenda social única, e introduciremos unha certificación novidosa para que os galegos e as galegas poidan saber que empresas están a traballar máis pola inclusión social das persoas que están en risco de pobreza.

Señorías, os pasos que dea Galicia de cara á vindeira década tampouco poden darse de costas a dous colectivos dunha importancia enorme: as persoas maiores e as persoas con discapacidade. Unha de cada catro galegos e galegas ten máis de sesenta e cinco anos, e máis de cento vinte e cinco mil persoas en idade de traballar presentan algún tipo de discapacidade, polo que parte do noso éxito colectivo nos vindeiros anos dependerá de que saibamos responder ás súas necesidades.

Sería inxusto pasar por alto que nos últimos dez anos houbo importantes melloras na atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade: melloras no compromiso da Administración autonómica, pois hoxe a Xunta de Galicia destina en atención á dependencia trescentos oitenta e tres millóns de euros, máis do triplo que en 2009; melloras na cobertura do sistema de dependencia, pois hoxe temos máis de sesenta mil dependentes atendidos, catro veces máis dos que contabamos no ano 2009; melloras na rede pública de atención ás persoas maiores, pois hoxe contamos con máis de sete mil novecentas prazas públicas de residencia, un corenta e dous por cento máis que hai unha década, e máis de tres mil trescentas de centro de día, o triplo que hai dez anos, e melloras tamén nos servizos de atención ás persoas con discapacidade, pois hoxe superamos as cinco mil catrocentas prazas públicas, un vinte e cinco por cento máis que hai unha década.

Todos estes avances non nos impiden ver que aínda temos moitos grandes desafíos por diante. Un dos máis importantes é garantir que todas as galegas e os galegos teñan dereito a escoller libremente como facerse maiores. Cada unha e cada un deles ten unha situación, ten unhas necesidades e ten unhas preferencias distintas, polo que os servizos que se lle prestan non poden ser os mesmos. Cada persoa maior é un suxeito activo con todo o dereito a escoller como e onde desexa ser atendido, e o deber da Xunta de Galicia é ofrecer servizos de máxima calidade, en cantidade suficiente e coa variedade necesaria para responder ás súas demandas.

Para as persoas que queren facerse maiores na súa casa seguiremos reforzando o servizo de axuda no fogar, que xa multiplicou por dez a súa extensión nestes últimos dez anos. Para as persoas que queren facerse maiores na súa parroquia, en 2020 Galicia terá sesenta casas do maior que darán servizos de atención diúrna nos concellos máis pequenos de toda Galicia. Para as persoas que presentan unha dependencia moderada, este ano ampliouse a normativa para dar cabida ao *cohousing*, grupos de apartamentos con servizos comúns para persoas maiores.

Paralelamente, apostaremos por dous programas que levarán servizos á porta da casa das persoas maiores: o Xantar na casa, que seguirá achegando un menú para cada día da semana a máis de mil trescentas persoas en toda a xeografía galega, e, a partir das vindeiras semanas, o proxecto RedMay achegará tamén servizos de oftalmoloxía, de podoloxía, de apoio persoal e de atención ao alzhéimer a vinte municipios pequenos da nosa comunidade.





A Xunta tamén seguirá garantindo que moitas persoas poidan facerse maiores con liberdade a través de prestacións públicas para financiar os servizos que escolla cadaquén. Como xa avanzamos, neste ano varios tipos de prestacións á dependencia experimentarán un importante crecemento: as contías para axudar un cuidador que sexa da familia da persoa maior incrementaranse un dez por cento; as contías para financiar un asistente persoal de apoio ás persoas con discapacidade incrementaranse un quince por cento, polo que Galicia se converterá na Comunidade Autónoma que máis aposta por este servizo, e as contías para pagar unha praza de residencia incrementaranse un vinte por cento para as dependencias de grao 1 e de grao 3 e un setenta e cinco —unha suba sen precedentes— para as dependencias de grao 2.

Podo anunciarlles que a orde que regulará todos estes incrementos xa está moi avanzada, polo que dezanove mil galegos e galegas verán incrementada a súa prestación de dependencia a partir da nómina do mes de abril. Nesta medida imos investir dez millóns de euros, dez millóns de euros que axudarán a mellorar a situación económica de dezanove mil persoas dependentes. *(Aplausos.)*

Ademais, seguiremos cumprindo coa apertura de novos centros públicos de maiores, tal e como levamos facendo toda a lexislatura, e aí están as probas: o centro de día de Curtis, xa en funcionamento; o centro de día da Pobra do Caramiñal, xa en funcionamento; o centro de día de Maceda, xa en funcionamento; o centro de día de Cambados, xa en funcionamento; o centro de día e a residencia de Arteixo, xa en funcionamento; o centro de día e a residencia de Vilardevós, xa en funcionamento; o centro de día e a residencia de Redondela —en Cesantes—, xa en funcionamento, e o centro de día e a residencia de Paradela, xa en funcionamento.

Todos estes centros son o mellor aval que podemos dar da nosa palabra, e a nosa palabra é que no que queda de lexislatura abriremos tamén as residencias de maiores e centros de día de Baleira e de Foz, os centros de día de Cuntis e de Miño e o centro de día do Centro Interxeracional de Ourense —que abrirá as súas portas este mesmo venres—, que suporán que, ao longo dos vindeiros meses, a oferta pública de atención aos maiores se reforzará con duasetas catorce prazas públicas máis. *(Aplausos.)*

Señorías, o noso horizonte nesta lexislatura pasa por incrementar as contías e o número de prazas, pero non só se limita a iso. Somos conscientes de que hai moitas persoas maiores ou con discapacidade que aínda esperan demasiado tempo para a súa valoración. Pois ben, do mesmo xeito que no ano 2018 reforzamos os equipos de valoración da discapacidade, unha iniciativa que permitiu reducir un trinta por cento a lista de espera e resolver máis de trinta mil expedientes, pódolles avanzar que nos vindeiros meses tomaremos as medidas necesarias para simplificar e para axilizar o proceso que teñen que seguir as persoas en situación de dependencia.

Estas son, polo tanto, as liñas xerais de actuación da Consellería de Política Social, unha folla de ruta deseñada para que todos os galegos e para que todas as galegas, independentemente da familia na que nazamos, das capacidades que teñamos, da nosa idade ou lugar de residencia e da nosa situación económica, poidamos ter as mesmas oportunidades para



trazar con liberdade o noso propio proxecto de vida. Non é un obxectivo doado, non se pode lograr en cuestión de meses nin o pode acadar o Goberno galego remando en solitario. Por iso, comparezo hoxe ante vostedes para pedir altura de miras, visión de futuro e compromiso co noso pobo.

Teño a maior das confianza na responsabilidade e na solidariedade dos galegos e das galegas e no potencial desta terra de cara á próxima década, e son plenamente consciente da perspectiva que require a área social do Goberno galego: humildade, realismo e sensibilidade, pois hai tantas e tantas casuísticas concretas como galegas e galegos. Por iso, garántolles o traballo e a dedicación da Consellería de Política Social e, por iso, pídolles hoxe as súas achegas, porque todas as persoas, todas as perspectivas e todos os partidos son necesarios para que Galicia sexa aínda máis familia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Moi bo día, señora conselleira.

A verdade é que coido que fixo vostede ben en facer referencia á súa predecesora e ao seu predecesor, porque vostede chega aquí nova, pero a consellería da que vostede é agora a máxima representante non é nova, e no traballo empezado nesta nova xeira do Partido Popular dende o ano 2009 son moitas as cuestións moitas veces repetidas e aínda non concluídas. E vostede hoxe aquí fixo, nunha parte importante da súa intervención, unha intervención repaso, ¿non? Repaso de cuestións moitas veces repetidas aquí.

Empezando polo final, fixo vostede referencia a unha serie de infraestruturas das que vostede dixo «xa en funcionamento» e das que habería que dicir: ¡por fin!, habería que dicir: ¡por fin en funcionamento!, porque son infraestruturas que foron moitas veces postas nos orzamentos e que tiñan que estar en funcionamento xa hai varios anos. E podo falar da da miña vila, de Cambados, que leva un retraso de funcionamento de varios anos. Entón non é «xa», senón por fin. Dígoos para que sexamos un pouco xustos, empezando polo final.

E a realidade na que ten que actuar, a realidade na que ten que incidir dende o seu departamento é a dunha Galiza en que vostede dicía que a incidencia de pobreza está a retroceder. Dende logo, pouquiño; dende logo pouquiño, señora conselleira. Eu lamento que vostede parece que cae aí un pouco na autocompracencia duns datos que din que ese retroceso na macroeconomía non se está reflectindo na realidade dos fogares, que, dende logo, ven moi pouco reflectida esa teórica mellora económica estrutural; non se está reflectindo nos fogares. E ese Informe AROPE ao que vostede fixo referencia di que segue habendo máis de sesenta mil persoas en Galiza en risco de pobreza, e, sobre todo, xa que estamos ás portas do 8 de Marzo, eu vou hoxe facer moita referencia á situación das mulleres: o que di é que ese



risco de pobreza está moi feminizado e que, por exemplo, no ano 2007 saíron da situación de pobreza trinta mil homes e entraron vinte mil novecentas mulleres. É un dato que, dende logo, ao BNG nos preocupa moito.

Igual que nos preocupa moito unha realidade, e é que, por exemplo, o Informe Oxfam di que no Estado español a pobreza aumentou durante a crise catro veces máis do que se reduciu coa recuperación. É dicir, que a crise serviu para que se instalara a pobreza dun xeito moi persistente, dun xeito moi habitual.

E vostede logo empezou por que nunca houbo tantas facilidades en Galiza para que as persoas decidiran ser nais e pais e falou dunha serie de cuestións como os bonos coidado, as casas niño e a tarxeta Benvida. Pero, claro, o mellor instrumento para que as persoas se decidan a ser nais e a ser pais é ter un salario, ter medios para desenvolver a súa vida, un proxecto de vida. E resulta que en Galiza a precariedade segue a ser a definición da tipoloxía do emprego das mulleres fundamentalmente. As mulleres seguen a sufrir a fenda salarial, o 21,5 por cento da fenda salarial en Galiza; o trinta e sete por cento das mulleres asalariadas en Galiza teñen un salario inferior ao salario mínimo interprofesional, e o 20,5 por cento non chegan á metade do salario mínimo interprofesional. Dígoo porque está moi ben dar así unhas acheguiñas, pero o importante é ter un salario para poder ter proxectos de vida. Son despedidas a causa da súa maternidade; continúan realizando duplas e triplas xornadas e con escasos dereitos laborais; obrígaselles para conciliar ter redución de xornadas e de ingresos, o que significa despois que iso ten repercusión nas xubilacións.

O empobrecemento ten cara de muller. Os salarios baixos e a precarización pois teñen cara de muller. Esa é a realidade na que vostede, formando parte dun goberno, tería que incidir, e non pensar que logo con cheques bebés, con cheques Concilia se soluciona o problema da conciliación no noso país, señora conselleira. E a primeira pregunta que lle quero dicir é que están facendo dende o seu goberno para solucionar esa situación de fondo que non se soluciona logo con eses cheques que vostedes reparten.

E logo eu tamén quero facer incidencia nunha cuestión: é a aplicación da Lei de dependencia en Galicia, claramente insatisfactoria, tanto dende o punto de vista das persoas usuarias como das que agardan unha avaliación. Vostede dixo que se avanzara moito nesta cuestión; dende logo non o suficiente. No caso concreto da provincia de Pontevedra, seguen sendo varios miles as persoas que están agardando pola avaliación tanto en dependencia como en discapacidade. E iso significa que agardan pola avaliación e que logo agardan polos recursos que derivan desa avaliación.

Logo, Galiza é a segunda comunidade con maior porcentaxe de poboación maior de oitenta anos; no Estado son o 3,77 por cento as persoas que se acollen a algún tipo de prestación, en Galiza o 2,97 por cento. Iso significa que hai unha descompensación, tendo a maior poboación maior de oitenta anos, resulta que logo temos as que menos solicitan unha prestación. Algo está fallando aí. E tamén lle quero preguntar que está facendo dende a consellería para toda esa poboación que é susceptible de recibir algún tipo de prestación, por que cre vostede que non a está solicitando e que é o que está fallando aí.



Tamén nos preocupa que en Galiza o investimento por persoa dependente vai diminuindo; é das que máis baixan do Estado, e ademais cada ano vai indo a menos: 108 euros fronte a 129,7 euros no Estado. Tamén me gustaría que nos dera unha resposta a esa situación.

Tamén nos gustaría que nos dixera que van facer dende o Goberno para reclamar eses 186,2 millóns de euros que nos debe o Estado de non ter feito as achegas comprometidas nesa Lei de dependencia, que non se foi aplicando na medida en que estaba pensado facer. Iso significa menos persoas atendidas, con menos recursos e en peores condicións. E, ao mesmo tempo, significa unha perda de posibilidades de creación de emprego nese sector, co cal a folla de ruta do Partido Popular en dependencia foi racanear, recortar, e nin sequera se atreveron a reclamar o financiamento que nos correspondía nin esa débeda tan importante.

Eu quero facerlle unha referencia ás residencias de maiores. Hai unha oferta claramente insuficiente en prazas residenciais de maiores, persoas dependentes cunha porcentaxe de prazas das máis altas do Estado; o prezo en Galiza é dos máis elevados; o tempo medio de espera para acceder a unha residencia en Galiza é moi elevado, moi por encima do que establece a lexislación. Vostedes prometeron unha residencia en cada unha das grandes cidades, prometeron que ao rematar este primeiro trimestre de 2019 estarían licitadas. Quero preguntarlle como vai esa licitación, señora conselleira; se nos pode dicir, pois queda apenas un mes para que remate este trimestre, como están esas licitacións. Gustaríame que nos dera unha explicación.

Gustaríame que nos dixera que hai das necesidades e demandas do persoal, dos problemas e dificultades habituais que sofren; se vai facer algo por aumentar os máis que axustados cadros de persoal da súa consellería, pois a metade do persoal é eventual, precario, cunha carga de traballo brutal, con porcentaxes elevadísimas de mulleres de moi elevada idade; non cobren as baixas, permisos, vacacións; incumprimento dos compromisos adquiridos nos convenios; cando vai repoñer o artigo 19 do V Convenio; se vai seguir con esta política onde todo vai á custa de que uns fagan o traballo dos que faltan, dos que non substitúen, porque, dende logo, esa segue sendo a realidade.

Eu quero falarlle de conciliación, señora conselleira. Estamos ás portas do 8 de marzo, e no BNG estamos fartas de que convertan esta data nunha retahíla de actos rituais despois dos cales non hai medidas concretas. E quero falarlle porque o paradigma de incumprimento do dereito legal á conciliación dáse no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, cun cadro de persoal de aproximadamente dúas mil persoas, o noventa e sete por cento son mulleres, e na vez de ser un exemplo en materia de igualdade é todo o contrario. As traballadoras teñen que recorrer aos xulgados para reclamar o dereito á concreción horaria, á flexibilización, á redución de xornada, porque sistematicamente lles son negados...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...eses dereitos, porque cando o solicitan, sempre que non revertan necesidade de que contraten a máis persoal, de que signifique poñer persoas a facer ese traballo, teñen que ir ao xulgado a que lles recoñeza un dereito que a lei...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**A señora PRADO CORES:** ...—remato, presidente— a lei reconece, pero que vostede no seu departamento permite que non se lles facilite ás mulleres. E vostede non fai nada por garantir os dereitos á conciliación que as mulleres teñen...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...precisamente no seu departamento, señora conselleira.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** Logo na seguinte quenda seguireille formulando algunhas cuestións, pero gustaríame, se é posible,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...que conteste ás que lle formulei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Saudamos os alumnos do IES Valle Inclán de Pontevedra, os alumnos de cuarto da ESO e de primeiro de bacharelato. Moitas grazas por estar aquí.

E ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

E dar a benvida tamén aos mozos e ás mozas que nos acompañan.

Bo día, señora conselleira.

Teño que comezar por algo que nos alarmou: «*Incentivos de la Xunta para traer mujeres inmigrantes en edad fértil y revertir el crack de natalidad. / Será uno de los ejes en la ley de impulso demográfico*», *El Correo Gallego*, luns 18 de febreiro de 2019. Unha nova, señora conselleira, que a vostede lle dá a risa. A nós parécenos que isto se asemella a eses anuncios de caravanas de mulleres do século pasado, e parécenos realmente vergoñento. (*Aplausos.*) Parécenos vergoñento que o Goberno galego, en concreto a súa consellería, anuncie que vai pagar un alugueiro polo útero das mulleres migrantes, que cosifica, que mercantiliza os corpos das migrantes, pero, sobre todo, que nos insulta a todas as galegas, a todas as mulleres desta comunidade autónoma. Co cal o primeiro que lle quero pedir hoxe é que, por favor, rectifique isto e pida desculpas.



Claro, estes días, estas últimas semanas en que se está falando tamén aquí da lei de impulso demográfico, nós estamos preocupados tamén por outra cuestión. O líder do seu partido está relacionando constantemente e con argumentos falaces o aborto coa demografía. Entón, eu tamén, en nome do Grupo Socialista, quérolle preguntar hoxe se van pedir a derogación da actual Lei do aborto para impulsar a natalidade. Fágolle esta pregunta, e eu vexo a súa cara de sorpresa, pero cando o líder do partido que está sustentando o Goberno galego di isto a nivel estatal, e pretende non facernos retroceder ás mulleres ao ano 1985 senón á Idade Media, entendo que comprenderá vostede a preocupación deste grupo parlamentario. *(Aplausos.)*

O certo é que dende que vostede chegou a esta consellería hai máis recursos. Hai máis recursos para unha área fundamental para o benestar de todos os galegos e galegas. E hainos non porque haxa un Goberno do señor Feijóo que rectificara as súas políticas, senón porque hai un Goberno de España, ao que vostede non mencionou nin unha soa vez en toda a intervención, que pon por diante as persoas que se preocupan polos colectivos máis vulnerables e que leva feito máis en dez meses que vostedes en dez anos. Segura e precisamente por iso tardou vostede oito meses en vir a esta cámara dende que rexistrou a súa solicitude de comparecencia, porque mentres neste tempo, e agora mesmo tamén, hai un Goberno de España, —repito— ao que non mencionou nin unha soa vez, que lle saca as castañas do lume á Xunta de Galicia.

Loita contra a pobreza. Pois mire: en menos de dez meses a posta en marcha dese Alto comisionado de loita contra a pobreza infantil, para actuar transversalmente nunha das cuestións máis inxustas e unha das peores consecuencias da precariedade laboral e da desigualdade no noso país. Segundo chegou ao goberno, preocuparse pola garantía alimentaria de todos aqueles nenos e nenas que co comedor escolar pechado en plena época estival non tiñan que botar á boca, señora conselleira. Estamos falando dunha partida orzamentaria que afectou mil trescentos nenos e nenas nesta comunidade autónoma. Algo que imos facer é multiplicar por dous a prestación de fillo a cargo, que levaba dende o ano 2002 conxelada. Ese ingreso mínimo vital, que cae polo seu voto en contra do Partido Popular, que se podía achegar a máis de setenta e catro mil galegos e galegas.

E todo isto en menos de dez meses. E vostede, despois de dez anos, vén aquí presumir da posta en marcha do Decreto de desenvolvemento da Risga. Un decreto que chega con catro anos de atraso, cunha prestación que vai seguir excesivamente burocratizada e que non é como di vostede que vai permitir compatibilizar coa maioría dos traballos precarios, porque vai haber, e ímolo ver, moitos deles que van quedar fóra.

Unha parálise na toma de decisións. E unha comunidade autónoma onde o 46,12 por cento, segundo o IGE, ten dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes, cunha taxa AROPE, que, efectivamente, señora conselleira, baixa, pero baixa porque hai un rexuvenemento da pobreza en toda España e en toda a Unión Europea. E nunha comunidade autónoma onde hai unha poboación tan envellecida que o peso total desa poboación é moito menor. *(Aplausos.)*

E falaba vostede da mocidade. Dixo exactamente: merecen que respectemos e valoremos o seu talento e o seu potencial. Acto seguido dixo que hai un moderado optimismo a respecto



da situación laboral dos mozos e das mozas. E a nós parécenos, señora conselleira, unha profunda falta de respecto. Hai un corenta e catro por cento de mozos e mozas nesta comunidade autónoma en situación de desemprego que están en risco de exclusión social. Pero é que o peor de todo é que deses que encontraron emprego hai un vinte por cento que están en situación de pobreza.

Recursos de conciliación. Ben, tampouco é necesario ser nai e pai para coñecer a realidade. Algo que teño dito en moitas ocasións: isto de non soamente intentar decidir sobre o corpo e a vida das mulleres, senón tamén de etiquetar, e de que parece que o ser nai ou pai tes máis ou menos dereito ou es máis ou menos coñecedora desa realidade, cando a realidade é tan aplastante que non é necesario nin sequera iso.

Vostede hoxe non falou das escolas infantís en polígonos industriais. Sorpréndeme, claro. Pero é que se vemos os primeiros orzamentos da lexislatura do 2017, resulta que agora temos a metade, cunhas escolas infantís do setenta por cento sen executar nos anos anteriores. Levamos discutido moito sobre o número de prazas de escolas infantís, e eu vólvolle facer a mesma pregunta que lle fixen na presentación dos orzamentos: cun saldo vexetativo negativo, con 13.522 falecidos máis que nacementos no ano 2017, ¿como é posible, señora conselleira, que haxa lista de agarda nas escolas infantís desta comunidade autónoma?

Dependencia. Ben, si aumentou o número de dependentes atendidos. Xa o temos dito en moitas ocasións: é unha lei de implantación progresiva que remataba ese período no ano 2015. O problema é que aumentaron a menor ritmo que as persoas que o necesitan e a menor ritmo que os recursos que necesitamos. ¿Como é posible, polo tanto, que atendamos máis dependentes se resulta que os recursos non se incrementaron ao mesmo nivel? Polas prestacións de baixo custo que vostedes están potenciando. É certo que Galicia atende máis dependentes, pero tamén que o gasto por prestación é moito menor. Si, señora conselleira, hai cinco anos o gasto público por dependente nesta comunidade autónoma era de 6.701 euros, hoxe é novecentos euros menor. Somos a duodécima comunidade autónoma en gasto público por dependente, e a que menos aporta con respecto tamén ao financiamento estatal. Centrándose, e vostede dicía e presumía da súa a domicilio, son o cincuenta por cento, fronte a mil cincocentas de teleasistencia, das 8.838 atencións, oito mil oitocentas, hai trescentas corenta en centros de día, co cal vostede no pode vir aquí presumir de centros de día.

Mentres tanto, houbo —aínda que non o dixera vostede— un Goberno de España que se preocupou por algo que para nós era fundamental, que era recuperar a cotización á Seguridade Social das coidadoras; unha medida que afectará a nove mil mulleres fundamentalmente nesta comunidade autónoma. Non falou nada, debe ser a primeira vez que vén un conselleiro ou unha conselleira dende que hai un Goberno socialista que non fala absolutamente nada dos orzamentos do Goberno de España. ¿Como serán eses orzamentos, verdade, conselleira? ¿Como serán cun cincuenta e nove por cento máis de achega á dependencia para todos e todas nós? *(Aplausos.)* Un cincuenta e nove por cento máis. *(Aplausos.)* A partida que máis se incrementaba nesos orzamentos, para os que vostedes votaron en contra. Uns orzamentos que pretendían recuperar eses dereitos arrebatados polo Goberno do señor Rajoy durante a época de crise. E tamén contribuír a esa diminución de listas de agarda e mellora da atención dos e das dependentes da nosa comunidade autónoma.



Respecto das residencias de maiores, informe do Consello de Contas —non é algo do Grupo Socialista—: dende a chegada do Goberno do señor Feijóo, hai máis de dez anos, puxéronse en marcha cero residencias con cero prazas de xestión directa da Xunta de Galicia; non se cubriron as baixas e as vacacións do persoal nos centros residenciais públicos, e estas equivaleron nun só ano ao traballo de cincuenta persoas en dez residencias —era vostede daquela directora xeral de Maiores, co cal era plenamente coñecedora desta situación—; non se sancionaron as residencias privadas. E vostede vén falar agora dunha suba sen precedentes, que moito nos tememos que vai volver ser unha axuda para pagar residencias privadas e para pagarlles sempre aos mesmos, en vez de facer esas sete residencias que levan tempo comprometendo e que hoxe non mencionou, que supoño que o deixa para a súa segunda intervención.

Discapacidade. Seguen as listas de agarda nos equipos de valoración, a pesar desa iniciativa presentada polo PSdG e aprobada por unanimidade nesta cámara. O Cegadi segue pechado. Os pais e nais do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense volven estar nas rúas porque levan tres anos de atraso con respecto ao seu compromiso, e non hai, señora conselleira, nin unha soa pedra para esas familias.

Voluntariado. Efectivamente, teñen cabeza e teñen corazón; o que non teñen é orzamento, señora conselleira, (*Aplausos.*) porque dende o ano 2009 leva descendido máis dun corenta por cento.

A súa, señora conselleira, é, segundo o informe da Oficina de Usuarios e Servizos Públicos en Galicia, a consellería que máis queixas acumula: o vinte e nove por cento do total, porque segue en servizos mínimos para as persoas maiores, para a mocidade, na loita contra a pobreza, para a atención á dependencia... Non son as súas políticas as que están a sustentar este pilar básico do Estado de benestar, non o son, señora conselleira, senón a propia inercia do mesmo e o esforzo das traballadoras dos centros que dependen do seu negociado. Ao que agora hai que engadirlle un investimento do Goberno de España histórico, sobre todo en materia de dependencia, que nos fai hoxe ás socialistas non soamente sentir motivo de orgullo senón tamén de moita esperanza.

E máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, señora conselleira, dixo vostede que Galiza avanza, pero será cara á inanición, porque a situación das políticas sociais no noso país é esa. E a nós non nos produce, dende logo, ningún tipo de comentario xocoso, é que a situación é esa. A crise en todo o sur de Europa veu demostrar e poñer en proba que os sistemas de protección social non chegaban. E non o dicimos En Marea, dino numerosos informes, incluso a propia Comisión Europea, un organismo tan pouco sospeitoso, que recrimina ao Estado español que as súas rendas mínimas non son suficientes.

E vostede veu aquí gabarse da Risga, cando é unha renda de inclusión social que non favorece a inclusión social, primeiro, porque penalizaba a consecución dun emprego e, segundo, por-





que é unha renda que apenas chega ao sete por cento de cobertura das persoas en risco de pobreza. Iso non é unha renda de inclusión social, ademais do que xa foi dito aquí, de que chega con cinco anos de atraso ese decreto, que, por certo, descoñezo se agora mesmo está publicado no *DOG* ese decreto que aprobou o Consello da Xunta.

Pois ben, é que nós, fronte a esa realidade, non podemos máis que describir unha situación terrible: implosión demográfica, cronificación da pobreza e da exclusión social, colapso do sistema de dependencia en moitos casos (*Murmurios*.) —entendo que a moitos deputados e deputadas non lles interese o tema pero poderían facer menos barullo—, grandes necesidades do sistema de protección de menores —recoñecido pola propia Memoria orzamentaria da Xunta—, insuficiencia das medidas de conciliación e miseria da renda mínima de inclusión social. Ese é o duro panorama deste país.

E tamén podemos falar de nomes propios. Nós tamén temos nomes propios dos que falar: Ana, que non dá acadado praza nunha residencia para a súa nai, que o precisa imperiosamente, e que entón non pode desenvolver a súa vida persoal; Rosa, que sufriu un labirinto burocrático para poder acadar unha libranza para unha persoa familiar por dependencia; María Xesús Suárez, de Ourense —saía o outro día no xornal—, ten o fillo no CAP de Sarria, porque aínda non hai un CAP público en Ourense, e os domingos vaino ver, e o día que non puido ir o seu fillo non comeu. Esa é a realidade, eses son nomes propios tamén.

E sempre que vén un conselleiro ou conselleira comparecer aquí no pleno anunciando que o fai para dar conta das liñas xerais de actuación do seu departamento, nós traducimos ao galego e dicimos: comparecencia de autobombo ante o Parlamento para facer algún anuncio. ¿Cal foi o anuncio neste caso? Ben, anotamos algunhas liñas da futura lei de impulso demográfico, que debería estar presentada antes do remate do ano anterior —ese foi o compromiso do seu predecesor—; un plan de atención ás persoas sen fogar chega a destempo e sen un estudo de fondo; ou esa RedMay, ese programa que levan dous anos anunciando, con fondos europeos, que é unha especie de servizos sociais móbiles *low cost*. Eses son os anuncios que nós temos anotado aquí.

Nós entendemos que ao vir comparecer sobre as liñas xerais do seu departamento debería facer un balance dos anos anteriores. De feito, vostede mesma falou de herdanza; para nós esa herdanza, dende logo, é envelenada. Os seus predecesores, Mato e Rey Varela, usaron as respectivas consellerías para facer campaña electoral; hoxe mesmo a súa exposición tamén tiña unha tinteira diso. E a propia Beatriz Mato foi a responsable de eliminar un programa, que era Preescolar na casa, que tamén daba unha prestación para nenos menores na súa casa, unha prestación de ensino. É que dixo vostede que non había antes das casas niño ningún programa, e si o había: Preescolar na casa, e ademais premiado internacionalmente.

Pero, ben, non queremos que pense que só damos os titulares e que despois nos chame catastrofistas, porque nós queremos dar datos, porque os datos amosan unha realidade social estancada, un país que precisa unha gran inxección de fondos para facer políticas públicas fortes e que creen emprego digno, e que permitan vivir e traballar dignamente na nosa terra. Pero, sen embargo, se continuamos nesta deriva iremos cara a unha realidade cronificada de avellentamento sen dignidade nin futuro.



Falaba vostede de que nunca antes houbo tantas facilidades para decidir se ser pais ou nais, pois non se nota. O obxectivo principal do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016 —cito literalmente—: «o obxectivo principal e único era achegarse á media europea de 1,59 fillos ou fillas por muller no ano 2016», e estamos en 1,12. Ben sabemos que a cuestión demográfica é un problema complexo, multifactorial, e que o envellecemento poboacional a nivel global non é negativo, é indicativo dun cambio social, dunha transformación social. Pero o que nos pasa no noso país é que por máis cheques bebé que concedan non van recuperar a demografía se non se crea emprego digno; porque estamos na segunda comunidade do Estado español con maior porcentaxe de poboación envellecida; porque estamos en niveis de natalidade moi inferiores á media europea e con porcentaxes de persoas entre 15 e 30 anos do 12,7 por cento, fronte á media do Estado, do 15,1 por cento, ou o 17,2 por cento de Europa.

E vostede pasou por riba falando sobre o paro xuvenil, minimizando o drama do paro xuvenil e dunha taxa de actividade moi baixa, así como do atraso da emancipación entre as persoas mozas, no que teñen moito que ver tamén as dificultades de acceso á vivenda. E non relacionou esta falta de xente moza —tamén relacionada coa emigración— por esa falta de emprego con esta caída da natalidade. Porque tememos que ese proxecto de lei de impulso demográfico —que debería estar, repito, en 2018— vaia por liñas de políticas natalistas que, dende logo, rexeitamos. O que precisamos no noso país —como vostede dixo, e nas palabras podemos concordar— é que as mulleres poidamos decidir cando e como ter fillos, en que momento e canta descendencia. Para iso hai que crear as condicións para que as familias poidan ter un contorno adecuado para desenvolver a súa vida. Para iso hai que superar a crise social, pero non, dende logo, políticas natalistas. E podería aproveitar para dicirle ao seu compañeiro de partido, o señor Casado, que, dende logo, as mulleres claro que sabemos o que levamos dentro. E tamén sabemos que di mentira, que di mentira cando confunde intencionadamente a opinión pública falando de vinte semanas, cando sabe vostede que a Lei de interrupción voluntaria do embarazo é ata as catorce semanas, e que ata as vinte e dúas por cuestións médicas. Saben que confunden cun dereito fundamental das mulleres, que é decidir sobre os nosos corpos, e pedímoslle que rexeite esas afirmacións.

Dicía que para promover as condicións para que as mulleres deste país poidamos ter os fillos que queiramos, que queiramos, pois débese superar a crise social —xa foi dito aquí—. O Informe da Rede Europea contra a Pobreza aínda nos sitúa en máis de seiscentas mil persoas en risco de exclusión social, e fálanos dunha grave feminización da pobreza. Porque si, saímos da crise teoricamente a nivel macroeconómico, pero a fenda salarial, a diferenza de salario que cobran as mulleres a respecto dos homes, segue a aumentar.

E aínda así se gaban da Risga, cando cobre pouco máis de dez mil persoas, pois doce mil e pico —se temos en conta tanto a Risga como as axudas de inclusión social— sobre un total de —imos rebaixar un pouco a cifra— non collamos xa esas seiscentas mil persoas senón as pouco máis de catrocentas mil, tendo en conta os indicadores do IGE. Cando non chega ao sete por cento sequera das persoas ás que debería cubrir, gábase desa renda de inclusión, cando tardan cinco anos en sacar un decreto que regula por fin os tramos de inserción e transición ao emprego, que deberían estar regulados en 2014. E cinco anos nos que a miseria da Risga penalizou o emprego; cinco anos nos que a Xunta chegou ata perseguir persoas que



convivían nunha mesma residencia cobrando a Risga, e unha sentenza xudicial dixo que a Xunta actuaba acentuando a exaxerada inclusión que xa tiñan esas persoas; cinco anos despois o director xeral de Promoción Laboral aínda recoñeceu nunha comisión que aínda non redactara o protocolo para posibilitar precisamente esa relación entre política social e emprego para favorecer o emprego destas persoas; cinco anos nos que os servizos sociais comunitarios pedían perdón, e piden perdón, ás persoas ás que lles tramitan a Risga, porque case as obrigan a espirse alí nos Servizos Sociais de tanto requisito que se pide; cinco anos nos que se cronificou a pobreza, e a pobreza laboral, pois un catorce por cento de persoas que teñen emprego tampouco saen da situación de pobreza.

Xa non queda case tempo para falar da precaria situación da xente maior, porque somos unha das comunidades autónomas con peores pensións e con persoas que teñen unha situación de pobreza. «Arredor do 11 % dos galegos e galegas maiores de 65 anos atópanse nunha situación de risco de pobreza, situación peor no caso das mulleres» —citamos literalmente a Memoria de orzamentos da Xunta—. É que non teñen unha rede pública suficiente, porque somos a comunidade autónoma con menos prazas públicas en residencias. E vostedes —e hoxe mesmo confirmouno— seguen apostando pola privatización e pola falta de inspección nestes centros, que ten o Servizo de Inspección o mesmo nivel de persoal que hai vinte anos. E despois, sen embargo, pois teñen un distinto criterio segundo sexa a residencia, porque, por exemplo, na residencia Valle-Inclán de Vilanova de Arousa —que aínda non deron unha resposta á corporación municipal para ver se pode haber unha solución para evitar o seu peche— as inspeccións son constantes, e noutros centros as inspeccións brillan pola súa ausencia —digámolo.

En canto a temas como a infancia, falou de que serían os do ano que vén uns orzamentos da infancia. Vostedes votaron en contra de medidas sobre a pobreza infantil porque minimizan o problema. E na propia Memoria de orzamentos conséntase que hai unha precariedade dos sistemas de protección da infancia. Xa non me queda tempo agora pero ampliarémolo despois porque, dende logo, nun país que ten tremenda crise demográfica, que as escolas infantís sexan o servizo social máis demandado e que ano tras ano haxa máis de dúas mil oitocentas persoas en lista de agarda, isto significa que non teñen proxecto para este país de futuro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, bo día a todos, deputados e deputadas.

Concretamente, a deputada socialista quéixase amargamente de que nesta comparecencia, señora conselleira, non fale vostede nin do Goberno de Pedro Sánchez nin do gran labor que fixo o Partido Socialista coas políticas sociais en Galicia. Entón, a min gustaríame dicirlle que, se quere vostede falar do Goberno Sánchez e, concretamente, desa primeira decisión que tomou como presidente do Goberno non, pero podemos falar desa segunda decisión tan



importante que tomou nesa decisión para ser presidente do Goberno. Cambiou a prensa deportiva pola prensa internacional, sobre todo porque, nestes tempos de *fake news*, «*en los que el chisme se confunde con la noticia y la charlatanería con lo relevante, es importantísimo tener estos periódicos de referencia mundial*».

Pois ben, hoxe vostede o que fixo foi introducir as *fake news* neste Parlamento de Galicia, porque a portada dese xornal que acaba de mostrar vostede contén unha falsa noticia, unha falsa noticia que o propio xornal rectificou ao día seguinte. E espero que vostede rectifique tamén (*Murmurios.*), porque traer a este Parlamento unha noticia a sabendas de que é falsa iso é mentir e enganar. Por iso esperamos que vostede rectifique no seu segundo turno de intervención; (*Aplausos.*) rectifique no seu segundo turno de intervención.

Sorpréndenos tamén que a deputada nacionalista fale do Consorcio, porque mire, cando o seu Goberno, sendo vostede delegada provincial, aprobou un convenio do Consorcio que fixaba salarios inferiores aos do persoal da Xunta de Galicia, vostede non dixo nada. Ese problema, esa situación solucionouna o Goberno do Partido Popular. Pero, ben, se quere vostede falar dese convenio do Consorcio, siga falando. De todas formas, quen solucionou ese problema foi este goberno do Partido Popular.

Señora conselleira, vostede esperaba saír desta comparecencia coas ideas máis claras, mesmo tendeu a man á oposición para pedirllas altura de miras, visión de futuro e compromiso do país, pero nós viñamos a esta comparecencia xa dende un inicio coas ideas claras. Porque a resposta da oposición é a mesma de sempre, porque levan dez anos falando de desmantelamento e destrución do estado do benestar en Galicia. Levan dez anos dando leccións á Xunta de Galicia de como se teñen que xestionar as políticas sociais e levan dez anos proclamando esas receitas máxicas para solucionar todos os problemas de Galicia. Pero ¿que pasa á hora da realidade? Á hora da realidade, cando eles teñen a oportunidade e a responsabilidade de gobernar, non aplican ningunha das súas receitas que proclaman aquí todos os días. Porque miren, mentres a Xunta de Galicia incrementa o orzamento da Risga ata chegar aos 64,4 millóns de euros e aproba un decreto que permite non só incrementar as achegas económicas que perciben preto de dez mil persoas en Galicia, senón que tamén se pode compaxinar cos ingresos laborais, mentres a Xunta fai iso, ¿que fan vostedes?

Pois miren, Compostela Aberta deixa sen gastar o 82 % do orzamento da súa famosa renda municipal de garantía cidadá; recortan vostedes o que era o seu proxecto estrela deste mandato. A Marea Atlántica gastou en publicidade e propaganda o dobre do que gastou na súa renda social. Estas son as receitas que vostedes dan á Xunta de Galicia pero que, cando gobernan, non aplican.

Mentres a Xunta incrementa o orzamento da dependencia ata chegar aos 383 millóns de euros e reforza o servizo de axuda no fogar nun millón e medio de horas —por certo, o servizo mellor valorado polas persoas en situación de dependencia—, ¿que fan vostedes? Compostela Aberta deixa sen gastar o 80 % do orzamento de axuda no fogar cando teñen máis de cento vinte persoas en lista de espera. Do millón que estaba presupostado vostedes unicamente executaron 300.000 euros.



Mentres a Xunta incrementa os recursos para loitar contra a pobreza e a exclusión social ata os 119 millóns de euros e destina 7,2 millóns de euros ás entidades sociais que traballan cos comedores sociais, cos albergues e cos centros de acollida, ¿que fan vostedes?, ¿que fan vostedes onde gobernan? As entidades sociais da Coruña sufriron o maior recorte de axudas municipais da súa historia; máis do 35 % da axuda recortaron vostedes ás entidades sociais. As entidades sociais de Compostela, como o Banco de Alimentos, o Proxecto Home ou o Albergue Xoán XXIII, sufriron un recorte de 50.000 euros.

Mentres a Xunta de Galicia destina case 15 millóns de euros ao concello de Vigo para a Risga e para as axudas de inclusión social, Vigo é a cidade de Galicia que máis tarda en tramitar as solicitudes da Risga.

Mentres a Xunta de Galicia reforza con once profesionais os servizos sociais da cidade de Vigo para tentar solucionar este problema, ¿que fai o alcalde socialista de Vigo? Tarda seis meses en tramitar as solicitudes da Risga, a pesar de que en Vigo hai máis de sesenta e tres mil persoas que se atopan en risco de pobreza ou exclusión social.

E seguimos. Mentres a Xunta de Galicia destina 731 millóns de euros ás políticas sociais, as cidades gobernadas polo Bloque Nacionalista Galego lideran o *ranking* estatal —estatal— de concellos pobres en servizos sociais, un *ranking* onde están os concellos de máis de vinte mil habitantes, onde a media por gasto de habitante é de 60,15 euros.

¿Canto gastan os concellos nacionalistas? O Concello de Pontevedra destina 35,75 euros por habitante; o Concello de Cangas, 32,35; e o Concello de Cambados 30,54; concellos pobres en inversións sociais; galardóns que teñen vostedes nos seus despachos para recordar que cando se fan os orzamentos hai que pensar nas persoas e hai que pensar sobre todo nas persoas que máis o necesitan.

Mentres a Xunta executou o 99 % do seu orzamento no 2017, as Mareas de Podemos lideran o *ranking* dos concellos incumpridores cos cidadáns. Porque miren, de pouco serve pintar cifras nun presuposto se despois vostedes non o executan, se despois vostedes non gastan o orzamento da Risga e das axudas sociais.

Santiago é a cidade galega con menor execución orzamentaria, un 77 % sen executar. A Coruña obtén o segundo posto do *ranking* nas contas do ano 2016, cun 71 % sen executar. Ferrol non queda moi lonxe e obtén o terceiro posto, co 69 % sen executar.

Dende logo, nós pensamos que pintar uns orzamentos que logo non se van executar é unha fraude á cidadanía. Fronte a isto, ¿que fai a Xunta de Galicia? Destina máis de 731 millóns de euros ás políticas sociais. En cinco anos, en cinco anos, o Goberno da Xunta de Galicia incrementou en 300 millóns o orzamento destinado ás políticas sociais, 300 millóns de euros en cinco anos. (*Aplausos.*)

E, dende logo, é o ano que máis recursos se destinan para atender as persoas en situación de dependencia, os maiores, as persoas con discapacidade, a loita contra a pobreza e a exclusión social, a familia, a infancia e a conciliación, a xuventude e o voluntariado, e soportan



calquera comparación. Pero, claro, vostedes veñen aquí dicirlle á Xunta de Galicia o que ten que facer cando alá onde gobernan non fan absolutamente nada por axudar as persoas, pero ben...

Gustaríame rematar dándolles as grazas a todos os grupos da oposición porque grazas a eles aprendemos moito durante estes dez últimos anos. Aprendemos todo o que non se debe facer todos os días para traballar polas persoas e polos servizos sociais. Grazas por nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, os nosos nenos e as nosas nenas son unha prioridade para este goberno e por iso en Galicia contamos con 24.379 prazas sostidas con fondos públicos; superamos en nove puntos a ratio que propón a Unión Europea: 42 % fronte ao 33 %.

Señora Blanco, temos lista de espera cero para nenas e nenos de 0 a 3 anos que pediron unha praza pública; ou a obtiveron ou recibiron unha axuda do Bono Concilia para acudir a unha escola da súa elección.

Temos en Galicia as deducións fiscais por nacemento ou adopción máis altas de España para familias con rendas menores ou iguais aos 22.000 euros. Exención no pago das taxas das escolas infantís para o segundo fillo que acode á mesma escola. Estendemos a Tarxeta Benvida ata os 3 anos para as familias con menos recursos. Preto de corenta mil nenos e nenas xa foron beneficiados desta Tarxeta Benvida no que vai de lexislatura, 36,5 millóns de euros investidos en 2019, alcanzando os 72,5 millóns de euros coa presente convocatoria.

E seguimos, por suposto, apostando polos nenos e polas nenas que viven no rural, con 61 casas niño, para chegar ata as 76 cando remate a lexislatura.

Señora Blanco, vostede tamén estaba moi interesada na orde de polígonos. A orde para apoiar as escolas infantís en polígonos industriais e parques empresariais financiou con 600.000 euros a apertura de tres centros: un en Narón, outro en Mos —que visitei onte mesmo— e outro na Pobra do Caramiñal, que abrirá as súas portas nos vindeiros meses.

É certo que hai un cuarto que recibiu a axuda este ano, no Porriño, pero no que os seus promotores están moi moi asustados. E tamén había outra proposta para abrir outro en Vigo, que nunca se chegou a materializar. ¿E saben todos vostedes por que? Porque as asociacións que impulsan as escolas infantís están a atopar moi graves dificultades para que os concellos cambien o uso dos terreos. Polo tanto, á señora Blanco, como no Porriño e en Vigo quen goberna é o seu partido, eu de verdade que lle pido que lles diga aos seus alcaldes que se comprometan para que estes parques empresariais conten con escolas infantís. *(Aplausos.)*



De todos os xeitos, seguiremos introducindo melloras nesta orde, e, como sabe, este ano abrírase tamén para financiar escolas infantís noutras contornas laborais, como son as nosas tan queridas confrarías de pescadores.

Falando de pobreza e desigualdade, é dende logo unha prioridade para o Goberno galego seguir traballando para as persoas que máis o necesitan. As taxas de desigualdade son taxas relativas, comparan en relación coa media ou coas persoas con máis ingresos, polo que sempre considero que hai que tomalas con moita, con moitísima prudencia. A nosa maior preocupación é mellorar a situación das persoas con menos ingresos, e, nese sentido, lográronse importantes avances. O número de fogares que chegan a fin de mes con dificultades ou moita dificultade está en mínimos desta década. As solicitudes da Risga reducíronse un 10 %. O número de persoas en carencia material severa reduciuse máis dun 40 % no último ano e é menos da metade da media nacional; pasou do 4,5 % en 2016 ao 2,6 %; no conxunto do Estado a carencia material severa é do 5 %. E a taxa AROPE de risco de pobreza, 22,6 %, é catro puntos inferior á media nacional e é a máis baixa dos últimos cinco anos.

En definitiva, en Galicia redúcese o risco de pobreza, increméntanse os ingresos das familias e mantense unha taxa de exclusión inferior á media española, pero son consciente de que nunca é suficiente.

E con referencia aos nosos maiores, eles mereceno todo. Por iso acadamos unha cifra récord en atención ás persoas que teñen unha dependencia recoñecida. Persoas atendidas: 60.501, aquí en Galicia, catro veces máis que no ano 2009. A ratio de cobertura está por riba da media nacional: en Galicia, o 88,85 %; en España, o 80,8 %.

Somos a quinta comunidade autónoma, por riba de Aragón, de Valencia, de Extremadura, gobernadas polo Partido Socialista. E hai unha clara prioridade do noso Goberno porque os nosos maiores reciban servizos profesionais fronte a prestacións económicas, servizos profesionais prestados por persoas cualificadas para os nosos maiores, que o merecen todo. Os servizos profesionais representan en Galicia o 81,6 % do total. Polo tanto, señora Blanco, de prestacións *low cost* aquí en Galicia, nada de nada.

Polo tanto, este obxectivo de lexislatura, un obxectivo de sesenta mil dependentes atendidos en catro anos, cumpriuno o Goberno galego en tan só dous anos.

Señora Prado, preguntoume vostede tamén polo Plan Como na casa, para construír sete grandes residencias nas sete grandes cidades de Galicia. Este plan avanza segundo o previsto, e nestes momentos están traballando na redacción dos anteproxectos a través do concurso de ideas e entregáronse no vindeiro mes de maio.

O único que pode obstaculizar este plan é que haxa un concello, o Concello de Ferrol, que sete meses despois aínda non deu unha resposta ao convenio para a cesión dos terreos necesarios. E no caso de Ourense nas vindeiras semanas temos previsto asinar o convenio de cesión dos terreos.



Cando vostedes falan dos grandes profesionais cos que temos a fortuna de contar na Consellería de Política Social, as áreas correspondentes á Consellería de Política Social teñen máis traballadores hoxe que no ano 2009. Mire as cifras, señora Blanco: 2009, 3.919 efectivos; 2018, 4.189 efectivos, un 7 % máis. E, ademais, nestes anos tamén melloraron as condicións laborais dos profesionais.

No ano 2016 reduciuse o número de días e noites consecutivas de traballo. Garantiuse o descanso na metade dos sábados e domingos e recuperouse a metade dos vinte e catro días de descanso perdidos durante a recesión.

En 2017 subíronse os salarios un 1 % e en 2018 un 1,5 % máis.

É totalmente falso dicir que a maioría das traballadoras do Consorcio non poden conciliar. Das 224 solicitudes de flexibilización ou de redución de xornada por motivos de conciliación, xa se resolveron de maneira favorable un total de 210, o que supón máis do 93 %. E a esas persoas que non poden conciliar, eses poucos casos que non poden conciliar, desestímaselles debido a que afectarían a prestación do servizo público.

Vostedes fálanme do CAPD de Ourense. Dende a Xunta de Galicia temos un compromiso con todos eses pais e coas nais de persoas con discapacidade que tanto están a reclamar un necesario CAPD en Ourense. A previsión é que as obras do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense se liciten na primeira metade de 2019. Nestes mesmos momentos o proxecto está sendo redactado polo estudo de arquitectura adxudicatario e ten de prazo ata o mes de maio para a súa entrega. Pero, mentres tanto, séguese traballando para preparar a parcela e que as obras comecen canto antes. De feito, a semana pasada xa se desbrozou a parcela para comezar coas catas e coas diferentes medicións.

Vostede tamén está moi preocupada polos pais e polas nais con nenos con discapacidade da Barcia. Eu asegúrolles que terán todo o meu apoio.

Con respecto a Cegadi, a Xunta cumprirá o seu compromiso de poñer en marcha este ano a área de rehabilitación do Cegadi, a través dun convenio con Cogami. Pero, señora Blanco, agora falta a outra parte, agora falta que o Goberno central tamén cumpra a súa parte, tal e como asumiu en abril do ano pasado, e poña en marcha o servizo residencial e cree tamén no Cegadi un centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (Ceapat), porque ata o día de hoxe na Xunta de Galicia do compromiso do Goberno non sabemos nada de nada.

Vostede tamén me fala dos presupostos do Estado. Cando o Goberno central presentou os orzamentos xerais do Estado, nós chamamos á prudencia e subliñamos o aspecto electoralista que tiña, e o tempo deunos a razón. O Partido Socialista fabulaba en que o investimento en atención á dependencia subiría un 60 %, pero a día de hoxe o único real é que a Xunta está a pagar tres cuartas partes do investimento en dependencia, e os únicos orzamentos reais son os orzamentos da Xunta de Galicia, plenamente en vigor dende o 1 de xaneiro do ano 2019. (*Aplausos.*) Se o Goberno central achegase tantos fondos coma nós, de acordo co espírito da Lei de dependencia, os servizos de atención á dependencia poderían chegar ao cen por cento das persoas que o necesitan.





Señora Prado, vostede preguntame cando vai pagar o Goberno central os cartos que lle debe a Galicia en materia de dependencia. Eu considero que é unha boa pregunta e espero que a señora Blanco, en nome do PSOE, saiba responderlla. *(Aplausos.)*

Con referencia á Residencia Valle-Inclán, miren, o peche da Residencia Valle-Inclán en Vilanova, na que se detectaron irregularidades graves, está en mans da Xustiza. A Fiscalía de Pontevedra vén de iniciar investigación penal sobre este asunto. Existe tamén un auto do Tribunal Superior de Xustiza que avala o peche do centro. En todo momento o Goberno galego actuou co obxectivo de evitar na medida do posible complicacións para as persoas maiores e complicacións para as familias. Nestes momentos estanse explorando maneiras de que este centro regularice a súa situación e se adecúe ás exixencias legais.

Polo tanto, señorías, para volver centrar o debate despois desta interesante quenda de réplicas e antes de que cada grupo tome por última vez a palabra, a min gustaríame volver enumerar os obxectivos que marca a Consellería de Política Social: unha Galicia máis amable coas familias e na que sexa máis doado conciliar, unha Galicia que xere máis oportunidades para as persoas novas, unha Galicia que apoie e que impulse os membros da sociedade que sentiron que ían quedando atrás, unha Galicia que saiba aproveitar o seu enorme potencial das persoas con algún tipo de dependencia, sexa por idade ou sexa por discapacidade.

Estou convencida de que a práctica totalidade das galegas e dos galegos subscribiría todos e cada un destes obxectivos, porque o noso pobo ten moi asimilado todo o que significa unha familia e porque todos queríamos identificar en maior medida na nosa sociedade eses valores de afecto, de apoio e de protección mutua. Precisamente por iso, porque en materia social son moitas máis as coincidencias que as diferenzas e porque creo que as cousas que se podían facer mellor son moitas menos que as cousas que se fixeron razoablemente ben.

Pido que deixemos a un lado os intereses partidistas e nos centremos na construción dunha Galicia que sexa aínda máis social, aínda máis familia. Un obxectivo así non pode acadalo o Goberno galego en solitario. Necesitamos a implicación plena do conxunto da nosa sociedade, e para logralo necesitamos o compromiso dos traballadores dos servizos sociais, que estiveron sempre, sempre, á altura, tanto antes, cando a súa dedicación non podía ser recoñecida na medida na que eles merecían, como agora, cando a mellora da situación económica está a traducirse nunha mellora progresiva das condicións laborais. Para logralo, necesitamos o compromiso das entidades sociais, e o Goberno galego sempre estivo e sempre atopou nestas entidades sociais responsabilidade, sentidiño e moitísima lealdade.

Para logralo, precisamos tamén do compromiso das empresas que dan emprego a seis de cada dez galegos e galegas. É que eles teñen moito dicir na mellora da conciliación das familias e da empregabilidade das persoas con discapacidade e en risco de exclusión.

Para lograr unha Galicia que sexa máis familia, necesitamos tamén contar co apoio e co compromiso dos grupos políticos. Porque facer oposición non significa que todo está mal e que nunca estivo peor, senón que tamén facer oposición é escoitar, é analizar, é propoñer medidas que redunden nunha comunidade máis xusta, máis solidaria e mellor protexida.



Medidas como a iniciativa que temos nestes momentos en estudo, que é ter o calendario de vacinación ao día, pasa a ser un requisito para matricular un neno nunha escola infantil. *(Aplausos.)* Unha novidade que ten o obxectivo de protexer a infancia, protexer os nosos fillos e as nosas fillas. Porque vacinar axeitadamente a nosa filla ou fillo non só o protexe a el senón que tamén protexe todos os seus compañeiros. Pero tamén que se avalíe a iniciativa para seguir concienciando sobre a importancia que ten a vacinación para a saúde pública, uns programas que en Galicia espertan un apoio case unánime.

O Goberno galego tamén tende a man ás administracións locais, aos concellos e deputacións, e á Administración central, porque, se actuamos con coordinación e dende o sentido común, lograremos que os recursos públicos cheguen mellor a quen máis o necesita.

Deste lado poderán atopar unha Xunta de Galicia que está á altura, e por iso neste ano 2018 o orzamento da Consellería de Política Social medrou un 5 % e os traballadores públicos do meu departamento están a traballar cada día para que esta mellora orzamentaria se traduza nunha mellora do benestar de todos os galegos e de todas as galegas. Contamos con vostedes, contamos co seu compromiso e contamos coa súa responsabilidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Ben, primeiro quero dedicarlle uns segundos á deputada do Partido Popular, onde seguen co mesmo discurso de que, claro, dez anos despois no Goberno din que a Xunta destina 700 millóns de euros a políticas sociais. E eu a pregunta que me fago é: ¿non será porque é competencia da Xunta o ámbito competencial? Quen ten a responsabilidade, quen ten as competencias en política sociais é a Xunta de Galicia e o normal é que sexa quen destina os recursos; porque, ademais, é quen recada os impostos para destinar eses recursos. Dígoo porque é que xa é un pouco cansino escoitar que é a Xunta quen pon os cartos. Porque teñen a competencia, señora deputada. Dígoo porque parece que é que o fan dun xeito que quitan do bolsillo porque ninguén o fai. É que ten a competencia a Xunta de Galicia, que é quen ten a responsabilidade de facelo.

Igual que se atenden máis dependentes e con ese orzamento é porque a Lei de dependencia do ano 2008 era unha lei de aplicación progresiva e se se empezou a aplicar no ano 2008 é normal que no ano 2019 se atendan máis dependentes e se destinen máis orzamentos. ¡Carai, a ver se dunha vez por todas nos acabamos de enterar de que vai esta historia! *(Aplausos.)* Porque é realmente cansino escoitar estas cuestións.

E os concellos, en moitos casos por responsabilidade, actúan de auténticos financiadores da Xunta, adiantando cartos e servizos que tería que ser a Xunta quen os puxera por adiantado e non ao revés. Entón, xa está ben un pouco de escoitar estas cuestións aquí, co mundo un



pouco ao revés. É que vostedes, con esta cousiña aquí, parece que é que veñen de beatíficos —non sei—, adiantando cuestións e facilitándolles a vida aos concellos, cando é ao revés, cando son vostedes os que din como, cando, de que xeito. Os concellos non poden dicir nin planificar nada. Son vostedes os que fan todo e resulta que parece que lles facilitan a vida aos concellos, cando é ao revés.

Emprazábanos agora a conselleira xa a propoñer medidas e a escoitar. O BNG escoita, reúnese con colectivos, escoita e está na rúa, e por iso pois, efectivamente, imos propoñer unha serie de cuestións, porque, polo que vexo, o das sete residencias para maiores vai con *retrasillo*; entón, iso ímolo deixar aí, porque as promesas quedan moi ben. Dixo para maio, claro, plena campaña electoral; entón, en plena campaña electoral, retomaremos a cuestión; de momento, van con atraso.

Co tema da Risga fixeron falta dúas conselleiras e un conselleiro para que sacaran un decreto que non responde ás necesidades e que os colectivos e as persoas para as que van destinadas din que non resolve as necesidades, pero, con todo, necesitaron dúas conselleiras e un conselleiro para quitar un decreto que a lei do ano 2013 dicía que tiña que estar en seis meses, é dicir, en xuño do ano 2014, e vostedes están agora que a ver se o publican dunha vez. Pero ben, ímolo deixar aí.

E para os mozos, de toda esa cuestión que dixo, xógano todo a esa aposta a un voluntariado de cara ao Xacobeo 2021 e onde esa aposta vai quedar aí circunscrita ao Xacobeo 2021. Ben, veremos.

Entón, como teño pouco tempo, voulle facer toda unha serie de propostas, señora conselleira, a ver se toma o guante e fai algunha.

A primeira é unha campaña de impulso e fomento das solicitudes de dependencia, entre as persoas maiores, porque de 80 anos somos a segunda comunidade con máis persoas maiores e na que menos prestacións hai, co cal algo está pasando. Entón, que faga unha campaña proactiva para que os nosos maiores teñan as prestacións que lles corresponden.

Que demande do Estado esa débeda histórica, que é o Estado o que efectivamente tiña que facelo, pero que a demande, que a demande; xa que non llo demandou ao Goberno do Partido Popular, que o faga agora dun xeito proactivo, eses 186 millóns de euros.

Que rectifique a súa política de persoal, aumento dos cadros de persoal, conversión dos contratos de fin de semana, de media xornada, en contratos a xornada completa. E cobertura de todas as ausencias que se produzan nos centros. Que repoña o artigo 19 do V Convenio.

Repoñer dereitos —xa sabe ao que me refiro— respecto dos dereitos de conciliación das mulleres que traballan na súa Consellería, e que non teñan que ir ao xulgado reclamálos; teñen que ir aos xulgados; se quere, a próxima vez tráiolle aquí todas as sentenzas en que tiveron que ir reclamar ese dereito.

Un dos sectores máis feminizados e precarizados é o dos coidados, señora conselleira. Condicione os concertos coas empresas coas que a Consellería concerta para prestar servizos



(axuda no fogar, Xantar na casa e todos) para que mellore a situación do persoal, hiperfeminizado, para que as mulleres teñan uns contratos e unhas condicións de traballo dignos. Sabe vostede en que condicións se está prestando o traballo, que tipo de contratos hai nesas empresas.

Cos cartos públicos non podemos estar financiando a precariedade e a explotación. Rectifique a política de privatización de servizos e pase de sustentar prazas con fondos públicos a crear unha auténtica rede pública de escolas infantís, de residencias para maiores. Déixese de crear prazas con fondos públicos, pase a crear unha auténtica rede tanto de escolas infantís como de centros para maiores.

A atención temperá, señora conselleira. Trouxémolo aquí...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...varias veces —remato, señor presidente, con esta cuestión—. A partida de atención temperá é absolutamente insuficiente: 14 euros, apenas chega aos 20 euros en Galiza, fronte por exemplo aos 91 en Cataluña, aos 84 en Aragón ou aos 74 en Navarra. Fai falta chegar aos 10 millóns de euros en Galiza para ter unha auténtica rede de atención temperá axeitada ás necesidades dos nosos nenos. Son propostas e compromisos se de verdade quere pasar de declaracións rituais a unhas auténticas políticas reais. Eu o que lle pido hoxe é rectificación, que pase das declaracións rituais a auténticas apostas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...para ir ao fondo dos problemas.

Acabo de facer unha serie de propostas que nos fan chegar os colectivos e as persoas que están aí fóra na rúa con problemas reais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

O Grupo Socialista, a quen lle ten que pedir explicacións por un titular que di: «*Incentivos de la Xunta para traer a mujeres inmigrantes en edad fértil y revertir el crack de natalidad. Será uno de los ejes de la Ley de impulso demográfico.*», é a vostede, señora conselleira. Se vostede llas ten que pedir a algún medio de comunicación, esa é unha cuestión que non depende esta deputada, pero realmente resulta curioso, (*Aplausos.*) resulta moi curioso que un xornal decida da noite á mañá sacar de repente unha nova, de súpeto, unha nova coma esta, que se levantaron un día pola mañá e pensaron no impulso demográfico, das mulleres migrantes, na fertilidade. ¿Ou había estes plans e vostedes tiveron que rectificar polas críticas que



houbo durante todos eses días? Benvida sexa a rectificación. O que faltan son as desculpas, señora conselleira, ás migrantes, (*A señora conselleira de Política Social pronuncia palabras que non se perciben.*) si, as desculpas ás migrantes por ter filtrado esta nova a un medio de comunicación.

Señora Rodríguez Arias, ¡que pena!, ¿non?, de verdade, ¡que pena! A min dáme moita pena que vostede non teña ningún concello onde gobernan do que poida presumir das súas políticas sociais, dáme moita pena. E claro, o único concello que ten é o Concello de Ourense, que é un verdadeiro desastre, un auténtico caos, sen orzamento dende o ano 2014, (*Murmurios.*) coa supresión do programa de atención a familias monomarentais (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, non, escoite, escoite—, un contrato de axuda a domicilio caducado dende hai tres meses —porque nin sequera foron capaces de sacar ese prego de condicións; tivo que presentar o Grupo Socialista unha iniciativa para sacar adiante o servizo de axuda a domicilio, non lles digo máis, imaxinen como está a situación—, retallos en programas de intervención social, etc.

Pero nós si que podemos presumir. Nós si que podemos presumir dun concello, do Concello de Lugo, cun altísimo investimento social, onde se están facendo programas de atención a familias monomarentais que están sendo un exemplo, non soamente nesta comunidade autónoma, senón en todo o país. E podemos presumir tamén do Concello de Vigo, si, porque, claro, cando falan da Risga, non falan de que soamente a cidade de Vigo ten un cuarto, o 25 %, de todas as solicitudes da Risga que se presentan nesta comunidade autónoma, dúas veces máis que as da cidade da Coruña, cun reforzo de persoal, que a deputada do Partido Popular esqueceu —seguro que non mal intencionadamente—, que se fixo o ano pasado, de cinco persoas contratadas polo propio Concello.

Señora conselleira, respecto das escolas infantís en polígonos industriais, hai 315 concellos en toda a comunidade autónoma; non teño a cifra exacta de número de polígonos industriais, pero vostede veu aquí falar dos do Porriño, dos de Vigo, onde había problemas, e eu teño que dicirlle que me vou máis preocupada, que imos máis preocupadas, porque se vostede ten que dicirlle a unha deputada desta Cámara do Grupo Socialista que fale, non, mira, fala co teu alcalde, ese é un problema, cando non hai esa capacidade de diálogo por parte do Goberno galego para levantar o teléfono e chamar un alcalde simplemente porque é alcalde socialista. Eu dígolle, señora conselleira, que me vou moito máis preocupada do que cheguei a esta Cámara hoxe. (*Aplausos.*) Claro, co alcalde de Ourense si que fala, si, si que falan, e son moito máis frecuentes as visitas de conselleiros e de conselleiras, en particular a súa, e vaino ser máis nestes últimos meses.

Porque mire, voulle contar unha anécdota. O outro día preguntábanme: —¿ti sabes, Noela, onde vai estar ubicado o novo centro de saúde que acaban de anunciar? Digo: —pois non sei a ubicación exacta. —Claro, é que me din que está ao lado da residencia de maiores. E digo: —non, pero para a residencia de maiores aínda non están cedidos os terreos. —Ou sexa, que me estás dicindo que nin hai centro de saúde nin hai residencia de maiores. —Si, ben, está cerca do novo CAPD. —Non, pero é que o novo CAPD tampouco existe. Entón, ¿que está feito? Pois absolutamente nada, nin o CAPD de Ourense, que é unha auténtica vergoña, señora conselleira. Había un compromiso de todos os cabezas de lista, de todos os que nos presen-



tamos na campaña electoral das autonómicas en 2016 para que ese CAPD estivera en pleno funcionamento no ano 2018; estamos en 2019, non hai posta nin unha soa pedra e vostede vén dicir hoxe que a licitación será no primeiro semestre. Hai un acordo —e quérollo recorde— desta Cámara, unha iniciativa presentada polo PSdeG, onde se di que a licitación sexa antes de maio de 2019. Eu espero que vostede cumpra ese compromiso que xa se ratificou nesta Cámara por todos os grupos.

Ben, non hai lista da agarda nas escolas infantís públicas. Igual van ser *fake news*, cando vexamos dentro de dous meses todos os xornais desta comunidade autónoma con titulares de: «lista da agarda de mil douscentos nenos e nenas nas escolas infantís da Coruña, de Lugo, de Pontevedra, de Ourense, en todas as cidades e en moitas vilas desta comunidade autónoma». Non hai esa lista da agarda, porque vostedes están desprazando intencionadamente os que quedan sen prazas públicas a escolas infantís privadas; por iso ao final o saldo é cero.

Orzamentos. Dixo vostede: «se o Goberno de España achegara tantos fondos coma nós». Pero se o Goberno de España incrementou a partida un 59 %, a máis alta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...da historia deste país en atención á dependencia, nunca a houbo máis alta. Ata agora os orzamentos eran malos, agora son mentira, e resulta que non son mentira e pídlle que rectifique, señora conselleira, porque iso estaba sobre o papel presentado nun proxecto de orzamentos no Congreso dos Deputados, onde vostedes votaron en contra de ampliar ese crédito. Porque nin vostedes pediron —nin vostede nin os seus antecesores— durante todo este tempo ese financiamento do 50-50 que o Grupo Socialista e o PSdeG segue defendendo....

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...e estano pedindo agora porque non lles interesa.

Mire, xa para rematar, señora conselleira —e remato xa, presidente, de verdade—: «unha Galicia que achegue máis oportunidades á xente nova». Non sei como se pode dicir iso despois de ter tido que escoitar durante todas estas semanas que o seu partido vai facer todo o posible por impedir a suba do salario mínimo interprofesional, que melloraría a vida de moitos mozos e mozas.

Vostedes son máis de «máis familia». Nós, dende o PSdeG, somos de «máis sociedade», señora conselleira. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Veroa.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Antes de nada, sobre as rendas sociais nas cidades, é unha competencia da Xunta e se foi necesario impulsar este tipo de rendas foi porque a Risga era in-



suficiente, porque non chegaba, e o que provocou de efecto positivo nestas rendas, á parte da xente á que deu cobertura, é que tamén axilizou en parte os expedientes da Risga por parte da Xunta de Galicia.

Así que o primeiro que teñen que facer sobre a Risga é analizar por que é unha das rendas con menor cobertura do Estado, que non chega ao 7 % da poboación en risco de pobreza, e por que esa Lei de inclusión social non serve realmente para a inclusión social. Nós temos rexistrado un proxecto de lei sobre renda social que canto menos considera que se debe cuadruplicar o orzamento da Risga nunha lexislatura, canto menos. Porque a crise social, esa da que falamos sempre, eses cinco anos nos que o PIB medra pero da crise social non se sae, exige novos mecanismos de protección social.

En canto á Residencia Valle-Inclán, se se están vendo solucións, como vostede dixo, entón é que había algunha solución. Por iso, nós o que pedimos é simplemente un diálogo con esa corporación municipal que por unanimidade pediu ese diálogo á Xunta. Porque a realidade é que a moitas persoas que alí residían se lles ofreceu unha praza no Barco, dende Vilanova de Arousa ao Barco, ou en Manzaneda ou en Monforte. Iso é unha realidade do noso país, que moita xente, sobre todo nos casos de expedientes de emerxencia social, ten que desprazarse, desprazar os seus familiares que precisan unha residencia a moitos quilómetros e perden ese vínculo social, e iso ten que ver coa falta de prazas públicas.

En canto á medida que veu vostede anunciar hoxe aquí sobre a exigencia de valorar, a existencia de ter ao día o calendario vacinal nas escolas infantís, nós estamos de acordo con toda medida que contribuíse de xeito eficaz a manter elevada esa taxa de vacinación, de xeito que se manteña a inmunidade do grupo. O que sucede é que entre a comunidade pediátrica non hai consenso en se esa medida podería fomentar e seguir concienciando sobre a importancia da vacinación ou se xeraría efecto de rexeitamento. Por iso, agardamos que se debe analizar con calma e evitar ese efecto contraproducente, porque, como din pois todas as sociedades de pediatría, a vacinación no Estado español é das máis altas de Europa. E, por suposto, só podería facerse coas vacinas cubertas polo Sergas, porque neste país hoxe hai unha vacina recomendada pola Sociedade Española de Pediatría, a do meningococo B, que, como sabe, custa a cada familia 106 euros por dose e que para moitas familias é algo moi lesivo e que moitas familias utilizan esa Tarxeta Benvida para pagar a súa vacina.

E, aproveitando que falamos de infancia, vostede pediu que lle trasladáramos propostas. Podería revisar tamén as proposicións non de lei que o Partido Popular rexeitou nesta Cámara. Pois atenda as necesidades do centro especial A Barcia; vostede mencionou que ten unha concentración prevista, porque levan anos reclamando esa necesidade de prazas de atención á diversidade funcional.

Aumente a atención temperá. A Rede comunitaria de atención temperá é fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de todos os nenos e nenas para que poidan ter un desenvolvemento adecuado, calquera que teña dificultades de desenvolvemento.

Activen, por certo, o Plan de prevención de obesidade infantil. Resulta que existe un plan de prevención da obesidade infantil na comunidade autónoma que é a que ten as taxas máis elevadas de obesidade infantil e que non se activa, que non se cumpre.



Ou aumenten a educación social, porque unha das cuestións que máis nos preocupan en relación coa infancia é ese aumento que se está detectando de trastornos do comportamento, e que están en moitos casos pois detrás dun expediente de protección ou dun expediente que orixina a imposición de medidas xudiciais a menores. E a propia memoria de orzamentos da súa Consellería, que utilicei de base para facer esta resposta, porque nos parece que xa daba sinais de alerta, indica que faltan recursos, faltan recursos de internamento terapéutico. Vostedes na protección de menores pois inciden na privatización, e aí está todo o que sucede co centro de Montealegre.

Faltan recursos e falta aposta pola educación social, porque logo non hai un seguimento deses casos cando eses menores cumpren as medidas pautadas e logo os servizos sociais comunitarios non teñen tampouco recursos de educación social en moitos concellos para facer un seguimento a esta nova realidade do aumento de trastornos de comportamento en menores.

Vostede pediu propostas. Pídolle que repase todas as proposicións non de lei que a oposición temos presentado nesta Cámara e que foron rexeitadas polo Partido Popular, algunhas mesmo como, por exemplo, un protocolo de atención á realidade —apabullante— de persoas maiores e con discapacidade que viven soas no noso país, que logo a Xunta asume como propia, como un elemento propagandístico, pero sen ir ao fondo da cuestión. Así que, se quere propostas, deixámoslle estas sobre a infancia, pero tamén revise os debates desta Cámara. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Seguimos coas receitas da oposición, porque a conselleira pide aportacións e eles o que fan é darlle receitas á Xunta de Galicia que eles mesmos non aplican alá onde gobernan. A portavoz nacionalista —á que tanta graza lle fai— pídelle á conselleira que cree unha auténtica rede pública de escolas infantís, unha auténtica rede pública de escolas infantís. O cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello de Santiago están privatizadas; o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello da Coruña están privatizadas; o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello de Vigo están privatizadas.

Seguimos coas receitas da oposición. Piden tamén unha auténtica rede pública de servizos sociais. Ben, vostedes cando estaban no Goberno privatizaron a xestión do programa Xantar na casa, privatizaron o servizo de transporte e o comedor de todos os centros de día que vostedes abriron. Privatizaron a residencia de Chantada durante o seu Goberno da Xunta. Privatizaron o servizo de axuda no fogar e Xantar sobre rodas de todas as cidades onde vostedes gobernan. ¿Por que fomentan e replican unhas receitas que non aplican vostedes alá onde gobernan?, ¿por que? *(Aplausos.)* Expliquen vostedes por que.

Despois, para a portavoz nacionalista tampouco significa nada que a Xunta de Galicia destine máis de 731 millóns de euros para as políticas sociais e dinos que, claro, é unha obriga da





Xunta de Galicia. ¿E non é unha obriga dos concellos investir en servizos sociais? Porque se só ten que investir a Xunta de Galicia e xestionar os servizos sociais, pregunto: ¿por que as cidades gobernadas polo BNG están nese *ranking* nacional como os concellos que menos invisten en servizos sociais?, ¿por que? ¡Ah!, porque a obriga é da Xunta de Galicia. Os concellos do BNG non teñen que investir absolutamente nada en servizos sociais. ¿Canto inviste o Concello de Pontevedra en políticas sociais?, ¿canto o de Cangas?, ¿canto o de Carballo? Dende logo, vostedes veñen aquí quitarlle mérito ao orzamento da Xunta de Galicia cando alá onde gobernan vostedes non aplican absolutamente nada e non executan o orzamento de servizos sociais.

Ben, para aclarar, aquí díxose que Galicia ten 315 concellos; non, Galicia ten 313 concellos, por certo, 166 gobernados polo Partido Popular, 91 gobernados polo Partido Socialista. Dígoo porque a portavoz socialista vén aquí presumir das políticas sociais da cidade máis grande onde eles gobernan, que é o concello de Vigo, e di que é o concello con máis solicitantes de Risga; entón, está recoñecendo que o concello de Vigo é o concello que máis persoas en situación de vulnerabilidade e de pobreza ten e está recoñecendo que, sendo o concello con máis persoas en risco de exclusión social e pobreza, é o concello que máis tarda en solucionar as solicitudes da Risga. Polo tanto, mándelle unha mensaxe vostede, que é socialista, a ver se lle fai caso a vostede o alcalde socialista do Concello de Vigo e que axilice as tramitacións e que deixe de ser o concello que máis tarda en tramitar as solicitudes da Risga. (*Aplausos.*)

Por certo, señora conselleira, algo sorprendente: (*A señora Rodríguez Arias mostra un documento.*) esta é a receita do Partido Socialista para solucionar o problema demográfico que temos en Galicia. A receita do Partido Socialista di: «hai dez anos, co Partido Socialista, había 599.000 maiores de 65 anos en Galicia; hoxe» —como unha noticia negativa— «con Feijóo, hai 675.000 maiores de 65 anos». Ou sexa, que agora hai máis poboación maior de 65 anos que hai dez anos, e iso ao Partido Socialista parécelle unha noticia negativa. Debe ser que a súa receita para solucionar o problema demográfico en Galicia é que en Galicia a xente morra antes, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) porque non temos outra explicación, non temos outra explicación; parece ser que non queren vostedes...

Por certo, ¡que gran deslealdade inaugurar unha escola infantil nun concello como o de Vilagarcía e que o alcalde socialista só invite a presidenta da Deputación de Pontevedra!, (*Murmurios.*) ¡que gran deslealdade! Porque, mire, tanto o persoal como a dotación o fai a Xunta de Galicia, pero a Xunta de Galicia non foi invitada a esa inauguración desa escola infantil. ¡Que gran campaña a do Partido Socialista!, ¡que gran campaña!

E miren, as Mareas de Podemos dinnos que a Risga en Galicia non chega, (*Murmurios.*) non serve, non fai absolutamente nada. Entón, eles o que propoñen...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...é esa renda —remato, señor presidente— básica universal; unha renda básica universal sobre a que no 2014, nas europeas, Podemos dixo que eles apostaban por esa renda básica universal; unha renda para todos os cidadáns, independente-



mente da súa idade, dos seus recursos económicos, de se traballaban ou de se non traballaban. ¿Que aconteceu? Que mudan de opinión.

No ano 2016, nas eleccións xerais...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...esa proposta estrela desaparece do seu programa. Xa non queren esa renda básica universal; agora queren unha renda garantida, para os fogares sen ingresos.

Miren, vostedes aplican as súas medidas dependendo de como lles interese, se son xerais, se son autonómicas, se é o PP, se é a Xunta, se é o Estado.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Mire, a xente non pode andar con estas cuestións, e a Xunta de Galicia o que fai é apostar polos servizos sociais, apostar polas persoas e, sobre todo, por aquelas que peor o están pasando.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche da comparecencia, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, eu non podo negar hoxe que me preocupa —e me preocupa moito— que a deputada de En Marea poña en dúbida as vacinas, como fixo a súa eurodeputada no Parlamento Europeo, pero nós, como o 99 % dos galegos e das galegas, somos conscientes da necesidade de protección dos nosos fillos e das nosas fillas, de protexer a saúde pública. Porque, señora Verao, o que acaba de dicir non é ser responsable. (*Aplausos.*)

Señorías, despois dos meus cinco primeiros meses como conselleira —aínda que para a señora Blanco hai oito meses—, saio desta Cámara cunhas ideas claras sobre o que reivindica cada partido: un BNG enfadado porque Galicia exerza o seu autogoberno e cumpra coa súa obriga de mellorar o benestar da nosa comunidade, aínda que lle quero agradecer á señora Prado todas as súas aportacións, porque, coincidamos ou non coincidamos en todas elas, vostede hoxe fixo aportacións.

Un PSOE que tapa con *fake news* a absoluta falta de compromiso do Goberno central do seu partido. Porque, señora Blanco, todo o mundo se pode confundir, como lle pasou a ese xornal, que rectificou ao día seguinte. Pero, señora Blanco, despois de que o xornal rectificase e de que a señora Rodríguez Arias lle fixese notar o seu erro, insistir niso non é unha con-



fusión, insistir niso é un intento deliberado de enganar a todos os galegos e a todas as galegas. *(Aplausos.)*

Hoxe saio de aquí vendo unha Marea sen credibilidade, porque en materia social, como en todas as demais distintas materias, os concellos que gobernan non fixeron absolutamente nada.

De todas formas, eu quero darlles as grazas, tanto ao BNG como á Marea, polas aportacións que fixeron. Grazas por facer deste debate e todas estas críticas, ou moitas delas, moi construtivas. Dende o Goberno galego seguiremos, por suposto, cada día, traballando polos nosos nenos, traballando polos nosos xoves, traballando polos nosos maiores e polas persoas con discapacidade, sen descanso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

*(A señora Vázquez Verao pide a palabra.)*

Si, señora Vázquez Verao, ¿para que quere a palabra?

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Polo artigo 76.

**O señor PRESIDENTE:** Perdón. Déanlle voz ao escano da señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Si, pode repasarse o *Diario de Sesións*, pero eu o que dixen, en nome do meu grupo, é que estamos de acordo con toda medida que contribúa de xeito eficaz a manter elevada a taxa de vacinación de forma que se manteña a inmunidade do grupo, e a partir de aí seguín defendendo a necesidade de manter elevada a taxa de vacinación e que se manteña a inmunidade do grupo. E todas as opinións que citei son da comunidade pediátrica, da comunidade científica, e non tolero que se nos desacredite por un tema coma este de tanta importancia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. A súa propia matización. Queda aí.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Pois, en realidade, por dous motivos. O primeiro, para co-rrixir unha imprecisión. A Xunta de Galicia si foi convidada á inauguración da escola infantil de Vilagarcía. Primeira precisión. *(Murmurios.)*

E, en segundo lugar, para pedirlle á portavoz do Partido Popular que retire a insinuación de que o Grupo Socialista pretenda resolver o problema demográfico favorecendo que morran as persoas maiores. *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE:** Non entendín iso. ¡Silencio!

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, si, pedíndolle que retire esa información que é impropia dun debate no Parlamento de Galicia. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Imos ir con calma, imos ir con calma.

Agora voulle dar a palabra á señora Rodríguez Arias por se quere corrixir algo. (*Murmurios.*)

Eu non entendín así. Non, perdón, non, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu procuro estar atento ao debate. (*Murmurios.*) Pero en todo caso vai falar ela, por se quere corrixir. Adiante.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Señor presidente, simplemente para aclarar que o que nós dicíamos é que o Partido Socialista cría que era unha boa noticia que agora, dez anos despois do Goberno do Partido Popular, haxa máis xente maior de 65 anos en Galicia que cando vostedes gobernaban. Simplemente, o que dicíamos é que vostedes ven como unha noticia negativa que hoxe en día haxa máis persoas maiores de 65 anos...

**O señor PRESIDENTE:** Iso é o que eu entendín.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...que cando vostedes gobernaban. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Quedou clarexado. ¡Por favor!, quedou clarexado. Non saquemos as cousas de onde non hai. Ninguén pode desexar a morte nun asunto nin nun debate, porque non o consentiríamos. Eu entendín o que entendín e quedou clarexado todo.

Suspendemos a sesión. E aquí vén o problema de sempre. Pois imos vir ás catro e cuarto. (*Murmurios.*) Catro e cuarto, dezaseis quince, unha hora moi prudente, ¡digo eu!

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 3, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.



**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

No pleno pasado preguntabamos e interpelabamos ao conselleiro sobre a grave situación na que se encontraba e na que se encontra a sanidade pública en Galiza. Encontrámonos cun conselleiro encastelado na súa posición de soberbia; hai que cualificalo así. Un conselleiro que, cando menos, non exteriorizou absolutamente ningún rasgo que puidera facernos ver que estaba tomando nota do que estaba a acontecer, un conselleiro que non mostrou absolutamente ningunha mostra de que estivera sendo consciente do que estaba pasando cos profesionais e cos galegos e coas galegas. Unha interpelación na que, desde o BNG, lle pediamos respostas a respecto das alternativas que desde a súa consellería se lles estaban a dar ou se pretendía dar ás demandas —insisto— dos profesionais e da poboación, aos graves problemas da sanidade pública de Galiza. Non deu ningunha e incluso se atreveu a dicir que non había recortes e que non había privatizacións; foi a súa máxima.

Un conselleiro xogando ao escapismo, non asumindo ningunha responsabilidade e non sendo capaz de ofrecer propostas que respondan ás demandas de médicos, de enfermería, dos PAC, das nais e dos pais, negando absolutamente a realidade. Unha realidade que se ofrece teimuda, unha realidade onde hoxe podemos ver que os medios de comunicación reflecten titulares como que o rechazo de médicos e enfermeiros e enfermeiras pon en xaque o Sergas polo seu rechazo a ese plan do novo modelo de atención primaria, onde as asociacións científicas, as de medicina de familia, as de pediatría, o Consello Galego de Colexios Médicos e a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, todos eles rechazan de pleno esa proposta de modelo para a mellora da atención primaria.

¿Por que o fan? Pois porque xa non cren as propostas baleiras de contido. Os profesionais o que demandan son recursos humanos, capacidade de xestión para a atención primaria; o que queren é tempo, o que queren é orzamento, o que queren é o que vimos demandando neste parlamento desde hai moito tempo: o que queren son medidas reais para que a sanidade pública do noso país non siga no proceso de deterioración continua ao que as medidas implementadas desde o Partido Popular desde o ano 2009 están levando a nosa sanidade pública.

Por iso hoxe o BNG presenta esta moción, que cremos realista se realmente se pretende unha rectificación desas políticas e se o que se pretende —como pretendemos desde o BNG— son medidas que vaian na dirección contraria ás que está levando a cabo o Partido Popular, medidas na dirección que demandan insistentemente os profesionais e as profesionais e medidas que demanda cada vez máis insistentemente tamén a sociedade galega, os galegos e as galegas.

A primeira é que este parlamento solicite o cesamento do conselleiro. Desde logo, cremos que non pode seguir á fronte da sanidade pública unha persoa que manifesta esa política de pechase sistematicamente a aceptar a realidade que está aí fóra, de pechase a presentar propostas que realmente respondan ás demandas que se están facendo desde os profesionais e desde a rúa. Estamos vendo que non é xa que non responda ás propostas que se lle fan aquí, neste parlamento, senón que é o conxunto dos profesionais do sector o que lle está dicindo que non está poñendo encima da mesa propostas que respondan ás súas demandas.



Co cal, o primeiro dos puntos da iniciativa que hoxe trae aquí o BNG é que se proceda a cesar o conselleiro como recoñecemento de que non asume os erros e de que non está disposto a iniciar unha nova etapa que deixe atrás os recortes, a privatización e o sufrimento que estes causan. (*Aplausos.*)

O segundo punto da moción que presentamos é que o Parlamento de Galiza inste o Goberno a tomar toda unha serie de medidas de compromiso claro de que se rectifica esa política sanitaria que está destruindo a sanidade pública galega e que está poñendo en risco o dereito á saúde. O primeiro é, evidentemente, un aumento do orzamento destinado á sanidade pública. O segundo é un dimensionamento e a estabilidade dos cadros de persoal; xa o levamos demandado en máis ocasións: convocar a totalidade das prazas vacantes en todas as categorías. Se no concurso de traslados se están a ofertar seis mil prazas estruturais, significa que, como mínimo, hai seis mil prazas vacantes. Cremos que é necesario dar estabilidade a todas esas prazas e que hai que convocar esas prazas nas ofertas públicas de emprego. Hai que ofrecer contratos estables e dignos e acabar coa política de precarización na que o Partido Popular ten sumida unha parte moi importante dos profesionais da sanidade pública do noso país. Hai que proceder á substitución dos profesionais pola totalidade da ausencia, hai que deixarse de facer eses contratos por horas, por días, por fins de semana. Se un profesional está de baixa por maternidade ou por calquera outro tipo de eventualidade, hai que contratar unha persoa pola totalidade desa continxencia, non cubri-lo un par de horas ou un par de días. Iso é o que fai que os profesionais saían escopeteados do noso país para outros sitios onde lles ofrecen unha calidade na contratación. E aumentar as prazas de formación e especialistas MIR.

Por outro lado, o que demandamos é a eliminación das listas de espera contratando persoal e tendo operativos os recursos dos que dispón o Sergas, non a eliminación das listas de espera por derivación cara á sanidade privada. Falamos de eliminación das listas de espera porque, por moito que intente o Partido Popular facernos tragar con pedras de muíño dicindo que temos unhas listas de espera cada vez menores e cada vez máis baixas, toda a poboación sabe que iso é mentira. E hoxe traio aquí só unha mostra —pero que é exemplar— da realidade que viven todos os días os galegos e as galegas. Podo traer bastantes centos, pero traio unha para que se vexa a dor que pasan todos os días moitos galegos e galegas. (*A señora Prado Cores amósalles un documento aos membros da Cámara.*) É a cita que lle deron esta semana pasada a unha muller en Xinecoloxía no CHUS de Santiago. E, como ela, nos días anteriores foron arredor de cen persoas as que puxeron reclamacións no CHUS por circunstancias similares. Déronlle cita para o 1 de xuño do ano 2020, unha cita preferente de Xinecoloxía a unha muller que ten un problema moi importante de saúde; unha muller nova cun problema importante, grave e preocupante de saúde, e resulta que lle dan cita para xuño do ano 2020. E logo vostedes teñen a desfachatez de dicirnos que as listas de espera no noso país son fantásticas, que somos os campións e que estamos á cabeza do Estado español. É todo mentira. Esta é a realidade das listas de espera do noso país: que todos os días hai mulleres como esta. Esta lista de espera é a realidade: unha cita desta semana pasada para xuño do ano 2020, esta é a realidade das listas de espera do noso país. Unha muller cun problema grave de saúde en xinecoloxía, e, como ela, centos e miles no noso país; esta é a auténtica realidade das listas de espera. Por iso nós hoxe, aquí, solicitamos a eliminación das listas de espera contratando persoal e tendo operativos os dispositivos na rede pública, porque é posible facelo, hai que ter vontade política para querer facelo.



Un plan de mellora da atención primaria, o incremento dos investimentos ata chegar, como mínimo, ao vinte por cento do orzamento e, no inmediato, douscentos millóns de euros. Hai un ano o BNG estaba aquí debatendo unha lei para implementar douscentos millóns para a atención primaria no inmediato, para o ano 2018. Votaron en contra porque parecía que non era necesario. Era necesario, segue sendo necesario e é o que piden os profesionais: recursos inmediatos, realidades. Volvemos demandalo hoxe aquí.

E, logo, demandamos proceder á redución da precariedade e da temporalidade do persoal facultativo. Ese contrato que vostedes lles están ofertando aos profesionais facultativos, o contrato de continuidade asistencial, é unha tendencia clara a perpetuar a precariedade, a abrir a porta de entrada a estendelo a outros colectivos —pediatría, enfermería...—, é o risco de facer prazas fixas no sistema con esta modalidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Están tendo a oposición dos propios afectados, que non queren este contrato, porque é continuar coa precariedade; non o queren. Por iso presentamos esta proposta, que é convocar unha oferta pública de emprego para as catrocentas vinte prazas do concurso de traslados que están ofertando en primaria, que se respecte o modelo actual de asistencia primaria ordinaria e primaria de atención continuada —dos PAC—, a voluntariedade de gardas e con libranza garantida, que o persoal que realice prestacións nos PAC debe percibir a mesma retribución que os que están nos PAC, destino e carteleira estable e non crear prazas estruturais con estas características.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** É a demanda que están facendo os profesionais, e agardo que, por unha vez, os deputados e deputadas do Partido Popular escoiten estas demandas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Remato, presidente.

Esta moción que trae hoxe aquí o BNG non é outra cousa que o que están demandando os profesionais aí na rúa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde.



A verdade é que xa tiña ganas de falar, sobre todo porque, ademais —vanme permitir—, mencionaron antes un concello que coñezo, sobre os investimentos da Xunta e os actos que se fan. Miren: o que ten facer a Xunta de Galicia nalgúns concellos —cando se mencionou Vilagarcía— é investir, porque a escola infantil que se fixo, que é de Política Social teoricamente esa competencia, ¿sabe cantos cartos leva da Xunta de Galicia? Cero. (*Aplausos.*) Pero, é máis, se queren asistir a actos, lembren que se acaba de destinar para uso social unha casa que foi incautada a Marcial Dorado. Non sei se vai facer falta invitar á inauguración, porque, sendo de quen foi, igual antes de que se inaugure xa houbo xente do PP alí; sendo de Marcial Dorado igual xa houbo xente do PP alí.

En fin, señor presidente, creo que é importante que sexamos precisos no debate, por iso me vai permitir esa apreciación.

Sobre a proposta que se trae hoxe aquí, no noso grupo imos apoiar a iniciativa. É ampla, é extensa e, por tanto, pretende ser unha iniciativa que nós entendemos como unha declaración clara de intencións, de orientación de por onde debe ir a situación da sanidade. Polo tanto, aínda que puideramos afinar nalgún detalle, en realidade a esencia da iniciativa compartímola, e por iso vai contar co noso apoio. E, ademais, amosa claramente a situación actual da nosa sanidade: hai un caos evidente na situación que vivimos; hai unha consellería superada, agochada, basicamente, que ten que pedir, curiosamente, comparecencias neste parlamento despois de que as pida a oposición, a correr, a ver se despois disimulamos algo; unha consellería que necesita ser renovada directamente, porque foi, principalmente, a culpable de chegar ata aquí. Por tanto, se o culpable de chegar ata aquí, que é a dirección da consellería, quere ser agora o que renova a consellería, algún problema pode haber; non parece moi coherente.

A esta situación chégase, basicamente, por unha cuestión de desprezo. A Xunta vén desprezando habitualmente nos últimos anos —nestes practicamente dez anos de Goberno Feijóo— todas as apelacións que fan grupo políticos, sindicatos, colectivos profesionais, profesionais individuais, asociacións de pacientes... Todo o mundo veu indicando que iamos chegar ata aquí, menos a Xunta de Galicia, que desprezaba as opinións que opinaban isto.

E, así, concentráronse servizos coa reforma da Lei de saúde. Nun país onde a poboación está distribuída de maneira moi dispersa, concentráronse servizos; nun país onde as comunicacións son máis difíciles, concentráronse servizos, aloxáronse os servizos dos cidadáns. E, así, en atención primaria pasa que saturamos os profesionais e olvidamos a atención primaria durante anos, pretendendo, a última hora, reformala. E convertemos os médicos, como din eles —dicíao o outro día un profesional nun medio de comunicación—, en pasantes de enfermeiros, en pasantes: despachan enfermos en vez de atendelos. E isto é o grave do noso país: temos un problema de tempo e de calidade da atención, porque os profesionais non poden máis, están saturados, e este traballo non o poden facer en boas condicións.

Houbo un intento de iniciar certas medidas. Como referencia considerouse aquel modelo de contrato do País Vasco, aínda que quedou unicamente nunha declaración de intencións. Nós apuntamos que ese inicio de medidas podía ser un bo camiño —teríase que tomar antes, pero agora podía ser un bo camiño—, pero que nunca podía ser un punto final, debería ser





un punto de inicio. Ben, a Xunta desprezou novamente esas opinións e agora tópase coa realidade. Todos os profesionais están dicindo o mesmo: que non é suficiente, que non vale con que sexan unhas medidas cosméticas, que non vale para resolver o problema real da situación. E, polo tanto, é necesario ir ao fondo. Novamente unha consellería agochada, novamente unha consellería caótica, novamente unha consellería desarmada que, en realidade, dá a sensación de que non sabe nin cando rectifica. Xa é curioso equivocarse nun sentido e que sexa capaz de equivocarse no outro tamén, xa hai que ser bastante incoherente coas propias políticas para equivocarse cando rectificas e cando dicías o que pensabas. E, neste caso, a verdade é que conseguiron o bingo.

Hai liñas de traballo. A primeira, o persoal: non vai mellorar nada na situación sanitaria de Galicia se non ampliamos o persoal, ¡nada! (*Aplausos.*) Non é posible, porque seguimos tendo, por moitas voltas que lle deamos, moitos médicos e médicas que atenden cincuenta e sesenta pacientes ao día, e iso é imposible; para facer un mínimo de calidade é imposible. Nada vai mellorar sen persoal. Pode haber cousas nas que, ademais de que sexa unha cousa de persoal, algunha reorganización pode axudar; por exemplo, recuperar aquelas xerencias de atención primaria que se eliminaron no 2012 e que agora se queren reformular doutra maneira para que non pareza que recuperamos o que nós mesmos eliminamos. Pero nada vai mellorar sen persoal, como as competencias. Lémbrolles que, aquí, o noso grupo plantexou ampliar o catálogo de probas diagnósticas dos médicos. A contestación da Xunta de Galicia foi que no 2014 xa se empezara a ver esa historia e que se estaba traballando —¡2014!—. Lembramos que o PP se opuxo a que os enfermeiros e enfermeiras tiveran máis competencias, que menos mal que se reformulou iso grazas a un novo goberno.

Ao final, novas competencias, agora contrato de continuidade —aínda que mal aplicado—, xerencias, falamos agora de darlles novas capacitacións a novos especialistas... Todo aquilo que se foi eliminando dende a chegada do Goberno Feijóo. E a realidade é que parece que a Xunta encontrou a solución, e é que o señor Feijóo, para xestionar a sanidade agora quere ser como o señor Touriño, pero, claro, para ser como o señor Touriño hai que crer nas solucións dos gobernos que implantaron unha boa sanidade. Porque cando un cre que a sanidade privada está moi ben e que a pública hai que dala case como beneficencia, ao final é imposible, porque non se pode reformar un sistema se non se cre nel. E iso é o que parece que ocorre nesta ocasión.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Nós imos apoiar a iniciativa do BNG. Cremos que vai na liña correcta e, polo tanto, vai contar co noso voto favorable. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Graciñas, señor presidente.

Señora Prado, nós tamén apoiaremos, obviamente, esta moción.



A situación da sanidade pública galega é tremendamente preocupante. Eu tamén atendía cincuenta e sesenta pacientes, como mencionaba agora o señor Torrado. Veño dunha consulta de atención primaria e pódolles asegurar que coñezo esa deficitaria situación. A situación da sanidade pública galega é absolutamente preocupante. Despois de anos nos que o Partido Popular abandonou o coidado dos recursos públicos fomentando a derivación a centros concertados, a situación está a estouparnos na cara a todos e a todas.

Abramos un periódico. Veremos os técnicos e as técnicas das ambulancias mobilizándose por unhas condicións dignas, profesionais moi valiosos contratados por empresas cuestionadas con salarios mileuristas. Visitabamos estes días os técnicos e técnicas das Pontes, que limpan a ambulancia á intemperie e descansan debaixo dun teito no que chove. Veremos tamén servizos de Urxencias colapsados, con xente morrendo —si, morrendo— nos seus corredores, porque hai consigna de ingresar pouco e porque a atención primaria está saturada. A algún lugar tería que ir parar a xente enferma. Vemos que as súas profesionais se manifestan, que hai denuncias na Fiscalía, que hai dificultades para cubrir xefaturas de servizo e que hai persoas que morren despois de horas no pasillo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si.

Miremos a pediatría, da que debateremos xusto a continuación: familias enteiras do rural mobilizadas por un pediatra ou unha pediatra para as súas fillas; agora tócalle a Zas e á comarca de San Sadurniño, pero antes houbo outras e logo virán máis. Un rural que esmorece sen médicas e sen médicos para atender os nenos e as nenas. Miremos a saúde mental: pacientes ingresados en centros sociosanitarios, plans de suicidio sen desenvolver, contencións mecánicas, psicoterapias que non chegan... Botemos unha ollada aos PAC en pé de guerra: nin sequera, despois de meses negociando, conseguiron que o Sergas e que as súas profesionais, cansas de vivir no conflito, asinen un acordo de mínimos, un acordo que non lles faga deber horas por poñerse enfermas ou que non os obrigue a ir sós atender emerxencias. Miremos, por exemplo, as médicas precarias: unha vida enteira formándose para un contrato lixo que as dispón a calquera eventualidade do Sergas.

E, finalmente, miremos a primaria: nunca tanto consenso vin ao seu redor, e levo dezanove anos vinculada a ela. Consenso en xuntarse ás doce da mañá e ás seis da tarde pedindo dignidade; consenso rexeitando o plan da consellería; consenso nas sociedades científicas e nos colexios profesionais; consenso entre os xefes e as xefas de Vigo; consenso entre as enfermeiras, querendo que se defina a súa función; consenso dicindo que así non se pode atender dignamente as enfermas, os encamados, os paliativos, a violencia contra as mulleres, os enfermos mentais, as pacientes crónicas, os anciáns pluripatolóxicos, e consenso contra as listas de agarda.

Así non se pode titorizar os MIR, non se pode formar alumnas, non se investiga, non se mira a comunidade, non se fai prevención; así o sistema non se sostén.

Por certo, neste plan esqueceron profesionais: recibamos hai uns días o colectivo de matronas, que tiveron que facerse ver para que as convidaran á última hora. Pouco importa a saúde das mulleres, da que tamén hoxe debateremos.



Sigamos mirando a primaria: a consellería saca un plan sen consenso, con grupos dirixidos non escollidos polas profesionais, en tempo récord, sen concreción, sen profesionais suficientes, sen orzamento, sen xerencias de atención primaria, sen visión de conxunto, sen enfoque sistémico, sen centralidade no sistema, sen definir os perfís profesionais —miren, se non, as enfermeiras—, sen orde e sen planificación; un plan que non lle gusta a ninguén.

Sigamos mirando titulares. Leo: «*El rechazo de médicos y enfermeros pone en jaque el plan del Sergas para la primaria*», di *La Voz de Galicia*. «Todo o colectivo médico rexeita o borrador dun “suposto novo modelo” de Atención Primaria», di *Galicia Confidencial*. Tamén consenso na prensa. «A enfermería tamén se desmarca da reforma da Atención Primaria do Sergas», di *Praza Pública*. «*Rechazo frontal de los médicos al plan de Feijóo para afrontar la crisis sanitaria*», di *El País*. «*Los jefes de servicio (...) rechazan la reforma de Primaria*», di *Faro de Vigo*. E, se que- ren que miremos en prensa máis conservadora, di o *ABC*: «*Los médicos*», e eu ampliaría ao resto dos profesionais sanitarios, «*urgen soluciones reales*».

Dicía o meu compañeiro Manolo Sardiña, xefe de servizo dimisionario en Vigo e ex-presidente da Asociación Galega de Médicos e Médicas de Familia, nun artigo de *La Voz*, que para empezar a andar hai que coñecer a meta. Pero nesta consellería non saben de Ítacas, e Almuíña garda moi pouco parecido cun Ulises contemporáneo. Non sabe onde vai, parece un bombeiro apagando lumes. O seu obxectivo non é apostar pola sanidade pública, equitativa, accesible, continua e integral. A súa intención vese desde hai tempo: demoler a sanidade pública, privatizar de forma encuberta e facer negocio para os amigos.

Apoiaremos a moción, por suposto. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Miranda.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

Eu, o primeiro que quero salientar, señorías, é a magnífica calidade da sanidade pública galega, que é deostada de xeito constante neste parlamento e que foi defendida por todos e cada un dos participantes na comisión de investigación propostos polo Grupo Popular e propostos polos demais grupos. E eu quería tamén recomendar aos grupos da oposición e aos deputados do meu grupo a lectura dun artigo do domingo en *El Correo Gallego* do profesor Castillo falando das *fake news* na sanidade e de por que se fan ese tipo de cousas. Eu recoméndolle, porque creo que poderían aprender bastante.

Aquí falouse hai uns intres de xente morrendo nos corredores dos hospitais con orde de non ingresar; a min iso paréceme moi forte. Houbo unha denuncia recente de mortos nos corredores que, ao final, resultou que nin sequera era nos corredores. E falouse tamén a propósito dun caso determinado. Unha amiga miña pediu cita no seu médico de familia para Xinecoloxía sen preferencia en Santiago no mes de xaneiro e ten cita para o mes de marzo. Descoñezo o caso específico, pero non podemos falar nunca dun caso illado para xustificar as carencias teóricas desta sanidade pública. E falamos constantemente de privatizacións, se-



ñorías, e nin a sentenza do Hospital Álvaro Cunqueiro, nin a situación de Povisa, nin as reclamacións dos empresarios das ambulancias dan pé a pensar que o Partido Popular favorece tanto as empresas privadas como se quere facer ver; nin tampouco as cifras dos concertos, inferiores ás de 2008.

E, diante da situación que se denunciou aquí no pasado pleno durante a interpelación do conselleiro, xa hai realidades. Por exemplo, resolveuse a folga do servizo de Urgencias do CHUS; queda o grupo de médicos que segue en folga. Negociouse co persoal dos PAC con achegamento de posturas; este grupo desexa que se resolvan esas diferenzas. Sentaron á mesa empresarios e traballadores das ambulancias. Presentáronse as cento setenta e cinco medidas do borrador do novo modelo de atención primaria, que está en período de aportacións por parte de profesionais e da cidadanía, con medidas a curto e medio prazo. Falan do rexeitamento: eu poderíalles contar o rexeitamento que tivo o actual modelo de atención primaria hai trinta anos; non tiña nada que ver, era bastante peor que o que hai agora mesmo. E publicouse ese contrato de continuidade para os profesionais, que, loxicamente, teñen que facer substitucións; todos sabemos que na sanidade hai que facer substitucións. Xa me gustaría a min coñecer ese tipo de contrato hai algún tempo.

O conselleiro recordou aquí as cifras que nunca cita a oposición nas súas intervencións: máis orzamentos que no ano 2008 e máis porcentaxe de orzamentos dedicado á sanidade; máis persoal, con máis médicos de familia, máis pediatras e máis enfermería; mellores cifras históricas de listas de espera, especialmente na prioridade un; menor orzamento destinado a concertos; Lei de garantía de tempos máximos; investimentos en hospitais públicos e centros de saúde; carreira profesional; concurso de traslados aberto e permanente, e Plan de estabilización para profesionais, entre outras medidas.

¿Que ocorre? Que aquí a oposición nunca dá unha cifra, aquí todo é filosofía; nin a primeira cifra nunca, todo é filosofía da sanidade. Pero, miren: os galegos e as galegas coñécennos e coñecen a oposición, e a proba está no resultado constante e continuo das eleccións na nosa comunidade autónoma.

Eu non quería repetir nin quero repetir o que falamos o outro día na Comisión 5ª —na Comisión de Sanidade—, falando do hospital de Teruel: un hospital de capital de provincia dunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista que ten que pechar servizos hospitalarios como otorrinolaringoloxía ou reumatoloxía, e os enfermos de Teruel, capital de provincia dunha comunidade autónoma do Partido Socialista, teñen que ir a Zaragoza ao otorrino e ao reumatólogo; trescentos cincuenta quilómetros de ida e volta. Esa é a xestión dos socialistas na sanidade pública. ¿E que din as autoridades aragonesas? Din que non é un problema de xestión e que se trata dun problema estatal; di o señor Lambán que é un problema estatal, non é un problema aragonés. Sen comentarios.

Con respecto aos puntos da moción, non imos apoiar, por suposto, a demanda de cesamento do señor conselleiro. Afirmamos que é unha persoa dialogante que está a buscar solucións aos problemas que ten a sanidade galega, nomeadamente a atención primaria. O Grupo Popular defende a actuación do señor Vázquez Almuíña, que está a facer un magnífico traballo na mellora e actualización da sanidade pública galega. Estase a propoñer a incorporación do



superávit do pasado ano para destinar unha parte dese superávit á sanidade pública, e veremos; sabemos de quen depende esa incorporación de orzamento. Estanse a propoñer ofertas públicas de emprego cun número importante de prazas dentro das posibilidades legais, ademais do concurso aberto permanente e do Plan de estabilización. A min gustaríame que a oposición apoiara, como fixeron os sindicatos, o contrato de continuidade en atención primaria, que é unha verdadeira marabilla. E, sobre o incremento de prazas MIR, está solicitada a acreditación de novas unidades formativas e tamén a habilitación de profesionais estranxeiros.

Eu, desde logo, teño que pedirles desculpas aos compañeiros do meu grupo por repetir e reiterar por enésima vez os mesmos argumentos, pero é que é a única resposta diante dunha oposición que trata de facer partidismo coa sanidade pública, tentando desgastar este goberno e o seu presidente cunha constante serie de falacias e un desprestixio, mantido no tempo, da sanidade pública galega.

Repito como empezaba: a sanidade galega é moi boa, aínda que mellorable, por suposto. Estes días aparecían na hemeroteca dun xornal galego as demandas dun médico de Vimianzo hai vinte e cinco anos —soamente vinte e cinco anos—: pedía laboratorio, oxíxeno e un servizo de raios X; hai vinte e cinco anos. Deses vinte e cinco anos máis de vinte e un gobernou o Partido Popular e pouco máis de tres gobernou o Bipartito. Ese avance da sanidade pública galega produciuse despois de máis de vinte e un anos de goberno do Partido Popular. Non o esquezan, señorías.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Ben, no anterior pleno xa lle trouxen ao conselleiro, señor Núñez Centeno, os datos da Conta xeral do Consello de Contas, onde pon os datos de persoal, onde di que no ano 2016 —que é o último ano auditado— hai 37.648 profesionais no Sergas, cando no 2009 había trinta e oito mil...; é dicir, hai 1.099 persoas menos. *(A señora Prado Cores amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Tráiolle aquí os datos dos orzamentos do ano 2019, onde hai menos persoal. *(A señora Prado Cores amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Empraceinos a vostedes a que digan de onde sacan os seus datos, e aínda hoxe estamos esperando que nos digan de onde quitan os seus. Co cal, datos son os que nós aquí traemos. *(Aplausos.)*

Vostede di que quen lle dera que a vostede, non sei cantos anos despois de que vostede acabou a carreira, lle ofreceran o contrato. Supoño que tamén, é dicir, na prehistoria... Eu o que lle pregunto a vostede é se a vostede lle gustaría estar no caso de Raquel, *(A señora Prado Cores amósalles un documento aos membros da Cámara.)* que, cun problema grave de saúde, ten que estar esperando ano e medio, coa angustia de saber se vai chegar tarde ou non cando a vexa un médico. Gustaríame saber se lle gustaría estar no caso de Raquel. Contésteme se lle gustaría estar no caso de Raquel, nesa magnífica sanidade que vostede tanto defende.



Eu o que lles pido aos señores e señoras deputadas do Partido Popular é que deixen de estar encastelados na mentira dunha sanidade pública galega que non ten ningún problema, porque si ten moitos problemas; que escoiten xa non aquí os grupos da oposición —que deberían—, senón a rúa e os profesionais que lles están demandando solucións que vostedes non lles están dando.

Agradezo o voto afirmativo demostrado polo Partido Socialista e por En Marea.

Eu creo que esta iniciativa que traemos hoxe aquí non é unha declaración de intencións, é ir ao fondo dos problemas. Porque o que demandamos son medidas concretas, que son as que están demandando os profesionais. Demandamos un contrato que non consolide a precariedade, que non supoña un cambio de modelo pola porta de atrás e que non supoña a creación de Pediatría de área de xeito encuberto, que é o que din os profesionais que supón este contrato de continuidade asistencial; é o que nos din os profesionais. O que demandamos hoxe aquí é ir ao fondo: demandamos persoal, porque sen persoal estable con condicións e con dignidade non é posible unha sanidade en condicións. Dignidade para os profesionais e dignidade para os doentes, que é garantirlles unha mellor asistencia sanitaria. Demandamos a recuperación das xerencias de atención primaria: non é posible unha atención primaria sen capacidade resolutive, sen capacidade de xestión e sen orzamentos, por iso demandamos orzamentos inmediatos.

Hai un ano puñamos enriba da mesa unha lei con douscentos millóns para a atención primaria. Diciamos como e de onde se podían sacar para aplicalos de inmediato. Diciamos de onde, xa, como se pode facer; non estar mirando de onde poden quedar remanentes. Diciamos de onde se poden quitar, é posible; fai falta ter vontade política. Co cal, non son declaracións de intencións, son cuestións reais para aplicalas xa, para realmente poñelas en marcha, se se quere realmente defender a sanidade pública. Son, en resumo, propostas para cuestións que hoxe están a afectar os profesionais e, sobre todo, as súas condicións laborais, pero que, dun xeito totalmente directo, están a afectar a calidade asistencial que están a sufrir os galegos e as galegas. E, se se quere solucionalo, hai que poñer medidas reais.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E o que lles están dicindo os profesionais é que as medidas que están poñendo encima da mesa non son reais, porque non levan medidas concretas. Estas son concretas e son as que están demandando aí, na rúa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Se vostedes queren poñer algo en práctica e solucionar algo, deberían votar a favor, cando menos, dalgunhas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.



## **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas de novo, presidente.

Plantexamos hoxe esta moción ao fío da interpelación do pleno anterior, que se basea nos mesmos criterios, como non podía ser doutra maneira.

Hai unha cuestión sobre a situación da pediatría que é necesario aclarar, que nós tratamos de expoñer sempre para intentar evidenciar que, por moito que se diga aquí do que vimos facer, preferimos definir nós a nosa posición a que nola defina ninguén, porque normalmente, ademais, dende o Partido Popular non atinan nada do que nós plantexamos.

Hai un problema xeral coa pediatría, hai un déficit de profesionais, hai problemas en todos os espazos, hai problemas en todos os lugares; pero hai solucións distintas ou, polo menos, intentos de solucións distintas. Isto é importante aclaralo, porque logo veñen aquí poñer exemplos. Eu lembro cando se puña o exemplo de Valencia, ata que se deron conta de que o modelo de Valencia que plantexaron os socialistas foi recuperar para a xestión pública os hospitais que privatizara o PP, e entón calaron; iso estaba ben. Agora temos o modelo de Teruel —¡que está fantástico!—, onde alí o Goberno di —por certo, como dicimos nós aquí— que é un problema estatal, pero que hai solucións intermedias nas que as comunidades autónomas poden aportar algo —esa parte olvidóuselles—.

Por certo, claro que é un problema estatal. ¿Canto tempo tarda en formarse un MIR unha vez que se titula? ¿Cinco anos? ¿Quen gobernaba hai cinco anos no Estado e en Aragón? Por iso agora temos un problema en Aragón —e aquí tamén—, porque cando coinciden eses gobernos no Estado e nas comunidades autónomas onde gobernaba o Partido Popular —especialmente cando coinciden eses gobernos— hai un problema, porque non se amplían as prazas MIR, porque iso supón investir en sanidade pública. E agora o Goberno de Aragón está pagando a ineficiencia do Partido Popular. Cando falan de herdanza recibida, tamén estas son herdanzas recibidas: menos profesionais.

Hai un intento de disimular, que iso está ben. Agora, de repente todos os problemas da sanidade pública son culpa... No seu momento foi Zapatero, despois foi o Goberno Touriño e agora xa está Pedro Sánchez. Ás veces eu creo que o Partido Popular vota os socialistas para ter alguén a quen botarlle a culpa, (*Murmurios*.) si, créoo; en realidade, eu estou convencido. Agora xa teñen máis opcións para votar: xa van votar Vox e Ciudadanos —que non os deixen sen votos, tamén llelo digo—. Pero, en realidade, eu teño a sensación de que agora dá igual a quen botarlle a culpa, o que hai que ter é alguén a quen botarlle a culpa, que agora é Teruel. Un día citáronme aquí Suecia tamén, Suecia citaron.



Por certo, sobre Aragón: o que si se pode facer é ter cen profesionais máis por cada cen mil habitantes, cen médicos máis por cada cen mil habitantes, como ten Aragón con respecto a Galicia. Contratación, iso si que o fai Aragón, por certo, nos últimos tres anos; iso si que o fai Aragón. Pero pensei que despois de explicar isto na comisión non virían aquí con isto, pero está ben.

Pero, ademais, resulta que non hai datos. Vexamos o problema da pediatria e, por extensión ou por asociación tamén, o da medicina familiar en datos. Por certo, grazas por que recuperaron o discurso máis sensato de asumir que hai un problema de acreditacións, porque o señor Feijóo e o conselleiro estiveron dando a matraca durante semanas dicindo que pedían unha convocatoria extraordinaria. ¿Para que? Se non hai prazas acreditadas. ¿Para que queren convocar para ter máis persoal se non teñen onde mandalo? Haberá que acreditar primeiro as prazas, que foi o que tivo que recoñecer aquí o conselleiro na interpelación do pleno pasado. ¡Terán que solicitar as acreditacións! ¿Cantas acreditacións aumentou a colaboración estreita entre o Goberno Feijóo e o Goberno Rajoy nos últimos tres anos que puideron facelo? ¿Cantas das trescentas e algo que pode haber en Galicia? ¿Cantas aumentaron en tres anos? Dúas; en tres anos, dúas. E hai un problema entre pediatria e medicina familiar, sabémolo todos, ¿a que si? ¡Dúas acreditacións! Pero, é máis, miren: hai un problema en medicina familiar e comunitaria, que supoño que todos sabemos que vén de tempo atrás, porque o sabemos. ¿Sabem, nese período no que colaboraban o Goberno Rajoy e o Goberno Feijóo, que pasou coas prazas acreditadas de medicina familiar e comunitaria? Que baixaron. Había un problema e vostedes baixaron as prazas. ¡Moi intelixente! E agora a culpa é de Pedro Sánchez. ¡Moi intelixente! Sen dúbida, moi intelixente, porque alguén debeu de pensar que baixando as prazas aumentaría o persoal; esta é unha decisión tremendamente lóxica.

¿Queren máis datos? Na última convocatoria MIR, o último goberno que fixo a convocatoria MIR —que, por sorte, xa non foi un goberno do Partido Popular, como non o será tampouco o seguinte— aumentou as prazas convocadas de MIR, tamén para Galicia. ¿E sabe cantas prazas en Pediatría se convocaron? Todas as posibles. ¿E sabe cantas se van convocar o ano que vén? Todas as posibles. Que lles están dicindo, por favor, que acrediten xa, que fai falta habilitar máis para convocar máis. ¿E saben que fixo este goberno coas prazas de medicina familiar e comunitaria? Aumentalas, nun ano, máis do que se aumentaron esas acreditacións en sete anos. Eses son os datos e ese é o aumento. Polo tanto, claro que hai diferenzas dun goberno a outro; hai plantexamentos bastante sensatos.

Claro que, despois, está a lectura real da situación e, despois desa, está o intento de difuminala. Porque aquí hai un goberno que está intentando buscar solucións, e en Galicia atópase cun goberno que só busca escusas. A vostedes non lles importa en absoluto o nivel da calidade da sanidade —¡en absoluto!—, o que lles importa é encontrar escusas. E, por tanto, teñen un goberno que agora lles están dando unhas respostas, e vostedes asumen que ten razón, pero non o poden dicir, porque ¿como lle van dar a razón a un goberno socialista? ¡Por favor! ¡Iso é un desastre! ¡Iso non pode ser! ¿Como vai ser? E estaos poñendo ante a evidencia de que vostedes non fixeron os seus deberes. Acrediten as prazas, fagan o traballo, doten de recursos, indiquen onde, con que titores, con que recursos e en que hospitais, e aí terán un goberno que vai colaborar. Iso é o que nós lles vimos propoñendo e iso é o que está tamén na nosa iniciativa.





Acordemos este proceso. ¡Se estaremos todos de acordo! Nós imos defender iso; defendíamolo co Goberno Rajoy e defendémolo agora co Goberno Sánchez. Ademais, o Goberno actual demostrou e dixo abertamente que ía estar a favor de ampliar esas prazas sempre que as acreditaran en forma. O que non se pode é ofertar prazas que non están acreditadas, e vos tedes sábeno.

Engádolles unha proposta máis que engadimos a través da iniciativa: por favor, non boten fóra de Galicia máis profesionais, ¡non boten máis! Non veñan contar que agora se van poucos. ¡É que xa están case todos fóra! Somos das comunidades que máis profesionais fóra botamos. ¿Por que? Porque somos unha das comunidades que temos unhas peores condicións laborais para os nosos profesionais sanitarios —¡das peores!—, e, por tanto, os profesionais vanse. E en Pediatría os profesionais saben que aquí teñen unhas peores circunstancias. Por tanto, nós o que demandamos é que fagamos un trato facilitador para os profesionais.

E se temos problemas de cobertura de prazas por difícil cobertura, ¿como se cobren os axentes de Policía ou os mestres? ¿Como se fai? Facilitase que algunhas prazas de difícil cobertura teñan melloras despois das promocións internas, nos traslados... Poden tratarse discriminacións positivas en favor de colectivos profesionais para ocupar prazas de difícil cobertura, se é que se quere. E esas son solucións que nós levamos proponendo moito tempo. Por certo, nós non inventamos nada, nós recollemos as propostas que existen, consideramos cales se axustan mellor á nosa visión do modelo e aplicámolas ou propoñémolas cando non temos a capacidade de gobernar. ¡Pero propoñenas os profesionais! Fagan esas cousas, porque llelo están dicindo os profesionais.

Xa sei que acabo de escoitar que o contrato de continuidade este é marabilloso; quéixase todo o mundo, os profesionais non o queren, pero é marabilloso. Claro, ¡que ben, que hai trinta anos non o había! ¡É unha gran mellora con respecto a hai trinta anos! Home, nós agardamos que de hai trinta anos para aquí, certamente, si que se producise algunha mellora, pero tanto como para celebrala aquí como se foran os goles do Deportivo, tampouco. Claro que hai algunha mellora, pero é que é unha mellora moi pequena para o trámite que levamos en tempo.

Por tanto, se vostedes queren ou teñen a intención, de verdade, de facer algunhas propostas, escoiten os profesionais. ¡Se lles están dicindo que hai moito tempo —dixéronllo millóns de veces nesas xuntanzas que magnificamente dirixe o conselleiro— que todo o mundo sabe o que hai que facer! Houbo numerosas ocasións en que fixeron grupos de traballo e comisións de especialización para resolver todos os problemas. Fixeron comisións, recontracomisións, grupos de estudo..., todo; están todos os escritos, os documentos de traballo..., todo, milleiros de veces. Xa se sabe o que hai que facer; pero, claro, logo hai que facelo, e hai que investir e poñer persoal.

Polo tanto, nós facemos unha proposta a través desta moción que vén a iso: a acordar que axilicemos os procesos de acreditación para poder pedir todas as prazas MIR posibles en Pediatría, a acordar que melloremos na medida do posible —en todo o posible— as condicións laborais dos profesionais e que fagamos un proceso extra de contratación, porque se é posible empezar a pensar agora en traer profesionais extracomunitarios —como se trouxo nalgunha



ocasión— doutros países que poidan circular aquí, ¿por que non o imos poder facer con profesionais do resto de España? Se é que esa é a intención. Pero, polo menos, que alguén diga algo sobre algunha intención desas.

Mentres uns buscamos solucións, outros buscan escusas. E é que xa saben que se lles ve bastante o plumeiro. A vostedes non lles gusta a atención pediátrica en primaria, non paran de repetir que é un luxo. E, cando vostedes din de algo que é un luxo, o seguinte que acaban dicindo é que tiñamos servizos por riba das nosas posibilidades. Pois se é un luxo é grazas a que temos grandísimos profesionais e a que temos unha sanidade —contra a que vostedes votaron sempre en contra, por certo— que defende e que promove unha atención que é un luxo. Si, deámoslles a eses profesionais a capacidade de traballar para manter esa calidade porque, se non, acabarámola perdendo, que se cadra é o que vostedes queren.

Nós defendemos algunhas medidas que poden ser, e, dende logo, se hai outras que poden tamén contribuír a mellorar a situación da pediatría, por favor, estamos máis que abertos a pactar sobre elas e a acordar sobre elas, porque é unha solución que non vai ser para hoxe, para mañá ou para pasado, senón que vai ser para longo prazo. Polo tanto, deixen de facer teatro buscando culpables e intenten resolver as situacións, que logo pasa o que pasa e quedan vostedes co cu ao aire como queda o conselleiro cando vai ás reunións do ministerio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Dentro da alarma xeneralizada que hai na sanidade pública, a creada pola ausencia de pediatras é moi importante: non son poucos os concellos nos que se están a realizar mobilizacións demandando pediatras. Agora, desde hoxe, creo que vai haber unha alarma máis, ¿non? É a alarma de saber que, probablemente, para pedir citas vai haber que dicir que se é amiga do deputado do Partido Popular, para que, en vez de que che tarden un ano e medio, igual che teñan que dar a cita en tres meses. (*Aplausos.*) Causa auténtica alarma que se veña aquí dicir... (*A señora Prado Cores amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Igual vostede cre que esta cita non é real, igual vostede cre que vimos aquí con cuestións que nos topamos aí en calquera esquina. Insístolles, se vostedes queren comprobalo, poden poñer unha oficina onde poidan vir as persoas ás que lles pasan estas cousas, e topáranse con esta crúa realidade e coa alarma real das persoas ás que lles pasa. Supoño, se están dispostos a que as persoas vaian de parte dos deputados e deputadas do Partido Popular pedir cita, que podemos ver que pasa a partir de agora. Eu saio escandalizada hoxe de aquí, señor deputado do Partido Popular.

Ben, dicía que non son poucos os sitios onde se están mobilizando os pais, as nais e a cidadanía en xeral demandando ter pediatras para que atendan os seus nenos e nenas, porque tamén os estudos demostran que a atención dos nenos e nenas por especialistas en pediatría mellora, e moito, a calidade asistencial. Non porque os médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria non sexan bos especialistas, pero non son especialistas en pediatría



—é evidente—; non porque os médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria non sexan bos especialistas, pero non son especialistas en cardioloxía ou noutras cuestións.

Entón, podemos falar de mobilizacións en Zas; podemos falar de mobilizacións en Mondariz e en Covelo; podemos falar de mobilizacións en Aldán, en Gondomar, no Salnés, na Illa e en Ribadumia; podemos falar en Ponte Caldelas e na Lama; podemos falar en Viveiro, Barreiros, Mondoñedo e Lourenzá; podemos falar en Trives; podemos falar en Moeche e en San Sadurniño. É dicir, o país está repleto de alarmas pola falta de pediatras, está repleto de alarmas porque en moitas ocasións na porta pon pediatra e resulta que non é un pediatra o que está atendendo os nenos e nenas. Estamos vendo como en moitos sitios hai un único día á semana en que hai unha persoa para atender as cousas máis urxentes, para atender as consultas de saúde dos nenos e nenas, e o resto da semana non hai consulta de pediatras.

E isto responde a unha estratexia premeditada: se non hai pediatras, se estes son escasos, é porque houbo unha decisión premeditada de que esta sexa a situación, houbo unha decisión ideolóxica para que se chegara a este punto, porque se sabía cal era a pirámide dos profesionais que estaban no servizo público de saúde en Galiza, sabíase cal ía ser a súa idade de xubilación e non se quixo facer nada porque se quería chegar a este punto. Queríase poder dicir que non hai pediatras e, entón, non podemos facer nada; que a xente vaia á privada. E queríase chegar ao punto onde chegaron coa presentación do orzamento: queríase chegar a presentar a figura do pediatra de área, que logo recuaron, pero que agora, con este contrato de continuidade, pretenden tamén meter pola porta de atrás.

Non hai pediatras en atención primaria, primeiro, porque non ofrecen condicións estables e moitos dos que había marcharon a outros sistemas de saúde. A maioría, como a súa formación é hospitalaria, cando logo teñen que escoller, escollen as súas prazas nos centros hospitalarios. Logo non acreditaron prazas porque non querían, esa non era a súa prioridade; non convocaron prazas, e logo impuxeron a taxa de reposición que uns crearon e outros non eliminaron. Encontrámonos, pois, nesta situación, para a que, desde logo, hai solucións para o inmediato, que é unha política de contratación que sexa atractiva, que faga que ás persoas lles sexa atraínte vir prestar os seus servizos no servizo público de saúde de Galiza; fidelizar as persoas que están, e, logo, medidas a curto e a longo prazo.

¿Que fai falta para que isto se faga? Primeiro, tomar a decisión política de que se queira que haxa médicos especialistas en pediatría no Sistema público de saúde e, fundamentalmente, na atención primaria. Esa é a primeira decisión que hai que tomar. ¿Tena tomada o Partido Popular?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Desde o punto de vista do BNG non, non ten tomada esa decisión. Como non ten tomada esa decisión, o que está facendo son parches para que pareza que está facendo cando en realidade non está facendo, porque, se quixera facelo, tería xa postas auténticas respostas encima da mesa que no día de hoxe non están.

Imos votar a favor desta iniciativa, e agardamos que o Partido Popular nalgún momento, á parte dalgún parche para que pareza que fai, faga algo de verdade.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Graciñas, señor presidente.

Nós tamén votaremos a favor desta iniciativa porque a situación da atención pediátrica ás nenas e aos nenos galegos en atención primaria é preocupante. Non só non hai pediatras, senón que tampouco teñen un modelo alternativo de xestión da demanda. É máis que previsible que o problema non se vaia arranxar a curto prazo e, por iso, faise necesaria unha planificación da atención.

As nais e os pais queremos algo máis que as solucións improvisadas que se nos están a dar. A formación de pediatras non se realiza nun ano nin en dous, as previsións seguen sendo insuficientes e a precariedade no Sergas non contribúe a fixar especialistas.

Temos unha situación demográfica na que o devalo, a dispersión e o abandono do rural non axudan a ter perspectivas de futuro —o señor Centeno sopra, pero é unha realidade palmaria—. E a desatención pediátrica contribúe tamén ao desleixo polo rural galego. Faríase necesario investir recursos para evitar que as familias con nenos e nenas pequenas abandonen este espazo. Un deles é a atención sanitaria accesible, digna e á altura das necesidades das familias. Nunha poboación dispersa, rural e avellentada como é a nosa o reparto de recursos non se debe facer con base en taxas brutas, se non na equidade, ese concepto bioético que poucas veces consideran. Se non existen servizos para a infancia, o rural carece da menor oportunidade de supervivencia. Deberíase establecer unha especie de discriminación positiva tendo en conta que se carece doutros recursos próximos: hospitais cercanos, comunicacións eficientes, medios de transporte públicos e ocupación laboral para as nais e para os pais nos propios concellos.

Supón tamén un agravio comparativo para os nenos e para as nenas con maiores necesidades de saúde. Cada vez temos máis nenos e nenas con patoloxías crónicas en atención primaria que sobreviven grazas a eses coidados, e sería desexable que estes coidados foran administrados no lugar máis accesible e con maior continuidade, que é a atención primaria.

Nos últimos meses —xa o dicía a deputada Prado— foron moitos os concellos que se organizaron ou que se queixaron da cobertura pediátrica. Que eu coñeza —entre outros—: Cangas, Cuntis, Mondariz, Cariño e Ortigueira, e na última semana eu mesma falei con familias de Zas, Baio e da comarca de San Sadurniño, Moeche, As Somozas e Cerdido. Por certo, algunha delas queixábaseme esta mesma fin de semana porque foron limitadas á hora de expresarse nunha mobilización en Camariñas, cerca do presidente da Xunta; coñécese que ao señor Feijóo non lle interesa que os pais e as nais visibilicen o seu malestar pola ausencia de pediatras.

A sanidade pública galega non ten ningún plan estratéxico para estruturar a atención pediátrica, e prometen unha atención que non poden soste, non poden soste. Tantos anos de



precariedade reventaron as costuras do sistema da pediatría e da atención primaria; non hai nin haberá pediatras a curto prazo nin a medio prazo para cubrir a demanda actual. ¿Que lles dirán aos pais e ás nais que soliciten unha cita?

Tampouco fomentaron alternativas á atención, sen fomentar a autonomía das familias resolvendo os problemas de saúde banais. Isto non se resolve exclusivamente con asistencia-lismo, hai que facer educación sanitaria. ¿De onde pensan sacar os pediatras que lles están prometendo aos alcaldes que se entrevistan con vostedes? Fixeron moitas cousas mal: fracasaron co modelo de atención pediátrica dependente do hospital, e a primaria saben que non ten nada que ver co hospital; botaron contas cos datos da natalidade e esqueceron que a demanda é crecente; non desenvolveron políticas de promoción e de educación para a saúde para que as familias fosen máis autónomas resolvendo pequenos problemas, e, sobre todo, permitiron ter no ostracismo persoas formadas. Porque non coidan das súas profesionais, porque ofrecen miseria a quen investiron tempo, recursos, aforros e enerxías en formarse, e marcharon do país —tamén o dicía o señor Torrado—.

Agora temos un serio problema coa atención sanitaria no primeiro nivel. As nenas e os nenos necesitan recursos, necesitan dignidade e necesitan planificación da atención pediátrica.

Apoiaremos esta moción, sen dúbida. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Miranda.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Eu viña aquí falar de pediatría, pero, ben, sacaron o tema do MIR. Número de prazas: no ano 2014, 5.920; no 2015, 6.017; no 2016, 6.097; no 2017, 6.324; no 2018, 6.513, e no 2019, 6.797. Isto é baixar constantemente o número de prazas de MIR; exactamente, baixalas constantemente. (*Aplausos.*)

Ben, con respecto á taxa de reposición da que falaba a señora Prado, parece que sempre esquece que a taxa de reposición é do ano 2010, e que, casualmente, non gobernaba o Partido Popular.

E falando das nais de Muxía e das nais de Zas, señora Miranda, eu estiven nunha asemblea aberta con nais de Muxía, á que, por certo, se apuntaron as nais de Zas que xa estiveran reunidas comigo, pero estiveron todas alí nun acto aberto a todas as nais que quixeron ir.

E falamos —dicía a señora Prado— de que os especialistas de pediatría galegos marcharon a outros sistemas de saúde. Ben, porcentaxe de nenos atendidos por médicos de familia nas distintas comunidades autónomas: Illas Baleares, 48,9; Castela-A Mancha, 41,1; Madrid, 31,4; Extremadura, Canarias, Andalucía, Murcia, Comunidade Valenciana e Cataluña, roldando o trinta por cento; Navarra, 15 por cento; a Arcadia feliz, o País Vasco, 13,2 por cento; Galicia, 11,9 por cento; Aragón, 10,1; Castela e León, 8,4; Cantabria, 3,6; Asturias 1,7; A Rioxa,



zero. Eu creo que todos os pediatras de España van para a provincia da Rioxa, deben ir todos para alí, porque para outras comunidades dá a sensación de que non emigran, vistas as cifras da Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria.

Polo menos conseguimos que o señor Torrado comezara o outro día e hoxe dicindo que era un problema nacional, xa chegamos ao punto en que é un problema nacional. Caeu do cabalo ou —pode ser tamén— aínda non estaban convocadas as eleccións, e a ministra tiña algo que dicir neste tema.

A consellería pediu en agosto a acreditación de seis prazas de pediatría para este ano, para a convocatoria deste ano, e segue reclamando esas seis para a convocatoria do ano que vén. O que pasa é que dá a sensación de que por parte da ministra non había moito interese en acreditar esas prazas, e ao mellor é o castigo á única comunidade autónoma que ten maioría do Partido Popular en toda España.

Mire: na comisión paralela ou comisión pantasma que montaron os grupos da oposición compareceu unha pediatra. ¿A que non escoitaron falar do que dixo esa pediatra? Compareceu unha pediatra, a doutora María Encina Gallego, e opúxose á figura do pediatra de área, pero tamén dos pediatras itinerantes. Leo o teletipo de Europa Press: «Las plazas itinerantes son plazas políticas, para contentar a los alcaldes de cada localidad, porque da votos, pero no es efectivo. Apuesta por unidades de asistencia supramunicipales que agrupen cupos pequeños y que den a los pacientes y a sus familias continuidad asistencial, aunque sea necesario desplazarse veinte minutos.

*Para esta médica, en la situación actual de falta de especialistas la solución sería redistribuir los pediatras de modo que todos los niños cuenten con un especialista de cabecera de referencia al que poder acudir. «Que todos los niños tengan un pediatra, quizás no tan cerca pero si accesible», ha dicho la facultativa, para quien las familias se desplazan si están contentas con su pediatra, siempre que el tiempo esté dentro de un rango razonable.*

*Del mismo modo, considera que no tienen sentido los cupos de 200 niños. Gallego ha llamado la atención sobre las enormes diferencias de cupo en Galicia y ha reclamado que no superen los 1.000 niños por profesional. Por otra parte, se ha referido a la sobrecarga asistencial actual, derivada de la excesiva accesibilidad del sistema y de la sobrecarga asistencial actual, derivada de la excesiva accesibilidad del sistema y de la sobrecarga asistencial actual, en ocasiones por problemas menores, por lo que ha instado a campañas de sensibilización y de educación del paciente».*

Eu non creo que ningún voceiro dos grupos da oposición, cando recibiu as nais, se atrevera a dicirlles isto. Porque o que están pedindo as nais é un pediatra en cada localidade, non é isto da experta que participou na Comisión.

Esta postura dos profesionais e das sociedades científicas non foi asumida pola Consellería de Sanidade. Si demandada polos profesionais, pero non foi asumida pola Consellería de Sanidade.

O novo contrato —digan o que digan, soamente existe no País Vasco e en Galicia— o que fará será facilitar a fixación de residentes de pediatría e o posible retorno dalgúns que estean fora, inclusive en Portugal.



Con respecto aos puntos da moción, efectivamente estamos de acordo co primeiro punto da moción, pero a axilización da acreditación depende do ministerio, non se pode instar a Xunta de Galicia.

Os recursos dos centros sanitarios para a formación en pediatría son os profesionais actuais, que son os que forman os residentes. Eu non sei, non entendo que quere dicir este punto.

Tampouco sei a que se refiren as prazas da Facultade de Medicina en relación coa formación especializada. Non entendo. Eu creo que a formación MIR ten pouco que ver coa Facultade de Medicina.

En canto ás condicións laborais do Plan especial de contratación, a Consellería ten aprobado o novo contrato de continuidade, convocado ofertas públicas de emprego e asinado o Plan de estabilización.

O grupo de traballo da Consellería está en contacto con representantes dos profesionais de Pediatría de Galicia, avanzando solucións para os problemas que presenta a día de hoxe polo déficit de profesionais.

Eu creo que o Partido Socialista ten que coller a pancarta e ir protestar á porta do Ministerio. Porque esa experta que veu falar á Comisión de investigación da sanidade agora mesmo é membro do Consello Asesor do ministerio e non a nomeou o Partido Popular. E, de paso, poden aproveitar para pedir que o Fondo de Cohesión, que era de 3,8 millóns co Partido Popular, e o Partido Socialista reclamaba que fora de 100, nos orzamentos fallidos do ano 2019 volve ser de 3,8 millóns e non se multiplicou por 33.

E tamén poden pedir... Na axenda do cambio socialista, a parte máis olvidada desa axenda do cambio, señorías, foi a sanidade pública española.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Non será para mellorar a sanidade, xa sei que non o considera, pero universalizar a sanidade e iniciar a reversión do copago si que é bastante mellora da sanidade e está facéndoa o Goberno socialista. *(Aplausos.)*

Por certo, citou con moita vehemencia o señor Núñez Centeno os datos do MIR, pero fixo algo sorprendente, equivocouse e citou os de toda España. Voulle citar eu os de Galicia.

Prazas ofertadas, especialidades en centros de saúde, 2012, 231; 2018, 230. É que citou todo o incremento, ¿sabe que pasa?, que cando incrementa o global pero en Galicia diminúe, é



que todos os demais son bastante listos e os gobernos o están aumentando. (*Aplausos.*) ¡Aquí non! (*Aplausos.*) Pero igual cre vostede que lle estou facendo trampas e non estou citando os de medicina familiar e comunitaria. Non se preocupe, cítollos tamén: 2012, 117 prazas acreditadas; 2018, 110. ¡Menos! (*Murmurios.*)

Xa ve, fíxese, en Medicina familiar e comunitaria —que vostede veu aquí falar tamén diso— había problema de número. Cubríanse todas as prazas porque nunca había vacantes. Hai un problema de número, cóbrense as prazas, ¿decisión do Goberno?, baixar as acreditacións. ¡Fantástico! Isto da lei da oferta e a demanda é fantástico. Se todo o mundo quere algo, baixamos a oferta e a demanda é máis cara. ¿Sabe cal é o problema? Que isto non é un mercado, é a sanidade; jese é o problema!

En Pediatría hai problema de número, solicítanse as acreditacións tarde e pídese unha convocatoria imposible. Por certo, o conselleiro xa recoñeceu que a convocatoria non era de prazas, era de acreditacións, vostede equivocouse, pero non se aumentan. ¿Sabe que ocorrería se vostedes quixeran aumentar as prazas de Pediatría? ¡Que as terían aumentado! ¿Sabe cantas se convocaron o ano pasado? Vinte. ¿E o anterior? Vinte. ¿E o anterior? Vinte. ¡Así que vostedes non moveron un dedo!

Citou aquí as prazas de toda España, ¡claro que aumentan! Porque as comunidades autónomas que, aínda tendo o problema de persoal, intentan resolvelo, aumentan as súas prazas para evitar o problema que hoxe ten Galicia por riba dos demais, que é que ten unha pirámide de poboación nos profesionais sanitarios que se están empezando a xubilar agora, que vai haber un problema moito máis grave do que hai agora pero que non se preparou para solucionar ou polo menos para atenualo, jese é o problema!

Por certo, citou non sei que problema das prazas. Eu reviseino outra vez e non hai nada das prazas da USC na moción. Vostede non está de acordo con apoiar unha cousa que di das prazas, pero é que non está na moción. Xa sei que non queren apoiar a moción, pero polo menos dea argumentos de cousas que están na moción, non vaia ser.

Xa sei que vostedes están de acordo co punto 1, ¿sabe que pasa? —xa sabía que ían estar de acordo—, que o punto 1 é a terceira vez que se somete a votación aquí. ¿E sabe que pasou coas outras dúas? Que as votaron en contra. Están de acordo pero votaron en contra. ¡Que pena! Igual se votamos por puntos queren arrepentirse e votar a favor agora.

E, por último, sobre a cuestión da pediatría permítame un apunte. A pediatría é un problema de nais e de pais, ¡é de pais tamén! Non hai un problema de nais só coa pediatría, é de nais e de pais. (*Aplausos.*)

Permítame apuntar: nós si cremos nun plan de contratación de pediatras, nós si cremos en que hai que coordinarse co ministerio para axilizar a acreditación, que algo ten que ver coa consellería —aquí o recoñeceu o conselleiro—. Nós si cremos que hai que demandar do ministerio que habilite máis prazas unha vez que estean acreditadas. Si cremos nesas solucións. Nós cremos nas solucións da pediatría, vostedes ao final o que van facer é votar en contra de todo e volver ter un problema.





**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Levan así dez anos e teñen a sanidade como a teñen. Rectifiquen, que é o mellor que poden facer para ver se así podemos solucionalo todos. E se o conselleiro non lles deixa rectificar, pactemos entre todos cambiar o conselleiro, que é o mellor que podemos facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Antes de pasar á votación das mocións, saudamos os alumnos de quinto e sexto de primaria do Centro Milladoiro, de Malpica, e tamén os profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, imos votar.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

*Votación da Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**Modificación no desenvolvemento da orde do día**

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Antes de pasar ao punto 4, que é o de proposicións non de lei, vou comentar unha alteración na orde do día que someto á súa consideración.

Dado que ten un problema a conselleira do Mar, propónse que a pregunta que figura en último lugar no apartado de preguntas se formule mañá á última hora da mañá. ¿Non hai inconveniente? (*Asentimento.*) Vale, pois moitas grazas. Entón mañá, á última hora da mañá, formularemos esa pregunta.

E agora pasamos a debater as proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Flora María Miranda Pena e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 41015)*

*Emenda de adición.*

*Débanse engadir dous novos puntos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados co seguinte contido:*

*<<5 bis. Definir, no primeiro semestre de 2019, un novo Plan de atención integral da saúde das mulleres, tomando como referencia o deseñado en 2007 e actualizando as cuestións necesarias, para obter unha estratexia real integral que teña como obxectivo a consecución dunha igualdade real no eido sanitario.*

*5 ter. Realizar, no prazo dos próximos dous meses, unha sesión especial da Comisión 5<sup>a</sup> dedicada á saúde integral das mulleres e as liñas estratéxicas a desenvolver.>>)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 41015)*

*Emenda de adición.*



Engadir un punto máis coa seguinte redacción:

«6. Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do I Plan de atención integral á saúde da muller de Galiza elaborado pola Consellaría de Sanidade en 2007, así como as guías técnicas elaboradas desde 2008. A partir desa avaliación, elaboración do II Plan de atención integral á saúde das mulleres de Galiza.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Quería saudar os nenos e as nenas do Milladoiro, pero vexo que xa están marchando.

Graciñas, señor presidente.

Achégase o 8 de marzo e queremos falar hoxe e sempre da desigualdade de xénero tamén na saúde. Agora que tamén levan *Óscar* os documentais sobre o estigma da menstruación das mulleres da India, queremos asumir un compromiso ético e tamén político coa saúde das mulleres.

A saúde é unha faceta primordial na vida das persoas e non resulta allea ao contexto social. Está asumido que o factor que máis incide na saúde das persoas non é o sistema sanitario, son os determinantes sociais; e nas mulleres estas circunstancias son claramente máis penosas que nos homes. ¿Por que? Pois porque vivimos nunha sociedade patriarcal na que a desigualdade todo o asolaga. Desigualdade económica, laboral, fenda salarial, precariedade, desigualdade de coidados, perda de oportunidades e violencia machista. Neste contexto, a saúde das mulleres parte con desvantaxe. Xunto a isto, está a aculturación das mulleres, ou sexa, a construción cultural que marca a nosa actitude tamén de cara a nós mesmas.

Pero ademais, a abordaxe da saúde, das enfermidades, adoce dun nesgo totalmente androcéntrico. As mulleres vivimos máis pero en peores condicións que os homes. Temos unha peor autopercepción da saúde, temos maior morbilidad, prescribennos máis fármacos e padecemos máis tanto o infra como o sobrediagnóstico; ou tamén, ás veces, un diagnóstico inaxeitado. Existen dinámicas que cuestionan os nosos relatos de malestares, e isto induce a un paternalismo que nos infantiliza e que minimiza a nosa autonomía.

A ciencia está construída sobre os elementos do patriarcado. Estúdanse enfermidades baseándose no xeito típico de presentación nos homes. Falamos dos síntomas nas mulleres como atípicos cando non se axustan ao *gold standard*. Sempre lembrarei a unha muller que atendín no PAC da Estrada, que viña cun infarto e eu —médica feminista— estaba sospeitando que tiña unha crise de ansiedade ata que recompuxen a situación.

O patriarcado determina como somos atendidas, limita a nosa autonomía tomando decisións sobre os nosos corpos, sobre os nosos fármacos, sobre os fillos que decidimos ter ou non ter —mal que lle pese a Casado—. Sufrimos sobre e infra diagnósticos polo nesgo de xénero nas enfermidades mentais e tamén nas somáticas —se é que se poden disgregar—, incluso



na prevención. Medicalízase en exceso a quen máis malestares comunica, ou sexa, as mulleres. As situacións que inducen malestar vital, a falta de cartos, a sobrecarga dos coidados, a perda de oportunidades, ou os episodios de violencia directa trasládanse ao sistema sanitario en forma de síntomas diversos; e moitos casos acaban, desgraciadamente, sendo tratados con fármacos.

A Organización Mundial da Saúde, nunha das súas publicacións, pon en relación determinados procesos das mulleres con situacións de violencia directa ou indirecta, máis aló das lesións físicas que poden causar os golpes. Isto ocorre polo elevado impacto psicolóxico que ten a violencia sobre nós. Cómpre investigar con perspectiva de xénero e reflexionar sobre a necesidade de buscar solucións máis empoderadoras e menos farmacolóxicas, porque se precisa máis feminismo tamén na saúde.

Esquécense as enfermidades que afectan as mulleres de forma exclusiva ou maioritaria. De feito, poucas mulleres coñecemos na historia enfermas máis aló do ollo da princesa de Eboli, do trastorno bipolar de Virginia Wolf, ou das fracturas de Frida Kahlo.

Algunhas enfermidades nas mulleres invisibilízanse, minusvalóranse, invéstiganse menos, diagnósticanse tardiamente. Por iso é preciso falar de patoloxías como a fibromialxia, como a síndrome de hipersensibilidade química múltiple ou como a endometriose.

No ano 2015, neste mesmo Parlamento aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei para mellorar a atención á endometriose, pero hoxe aínda non coñecemos a aplicación deste acordo. Falamos coas mulleres que a padecen e inciden na necesidade de crear unidades multidisciplinares e que se financie publicamente a investigación. Neste momento, só dispoñen de consultas específicas en Vigo, en Ourense e na Coruña; non parece demasiado avance.

As mulleres sufrimos violencias sistemáticas e tamén sistémicas: a machista, a institucional, a derivada dun reparto desigual e con pouca ética dos coidados e tamén a obstétrica. A violencia obstétrica, da que antes apenas se falaba, impídenos ser donas dos nosos partos, infantilízanos e limita as nosas decisións.

No que respecta á violencia machista directa, faise necesaria unha maior sensibilización do persoal sanitario na súa detección, no seu manexo e no seu acompañamento, así como no compromiso da súa denuncia xusto no momento que é menos prexudicial para as mulleres.

Outro ámbito de desigualdade dáse cando asumimos a contracepción sen a necesaria corresponsabilidade dos varóns, dos homes ou dos rapaces. Ou cando afrontamos no propio corpo unha interrupción dun embarazo non desexado, un aborto. Neste aspecto, queremos denunciar tamén outra violencia institucional, cando nos remiten a outras comunidades a abortar, ou incluso cando se cuestiona o dereito de mulleres de entre 16 e 18 anos a tomar esta decisión, cando noutros ámbitos da saúde serían perfectamente libres e capaces de decidir.

As políticas públicas sobre contracepción e información sobre infeccións de transmisión sexual nas mulleres novas tampouco son suficientes. Queremos adolescentes libres, informadas, capaces, autónomas e empoderadas.



As mulleres sufrimos en maior medida a pobreza e a exclusión, porque hai un factor realmente discriminatorio no acceso aos recursos, que é o de ser muller. E se falamos de mulleres migrantes, maior motivo, e, se non, consultemos os informes anuais de Médicos do mundo, e as súas estatísticas sobre a exclusión sanitaria.

As mulleres tamén pagamos coa nosa propia integridade física, emocional, psicolóxica e social os prezos dun reparto desigual dos cuidados. ¡Cantas mulleres renunciaron ao seu proxecto vital por coidar! ¿Que pago lles demos ou como se reflectiu isto na súa saúde global? Recomendaríalles acudir a unha consulta de atención primaria e poderán percibilo.

Debemos construír un modo máis igualitario de abordar a saúde das mulleres, o seu empoderamento, a súa autonomía para ser máis iguais, máis libres, máis saudables e máis felices. Por todo isto, traemos esta proposición non de lei, porque queremos que as profesionais da saúde se formen na súa abordaxe con perspectiva de xénero, incluíndoa tamén nos plans de formación.

Queremos traballar pola eliminación da desigualdade e dos determinantes sociais que a sosteñen. Creemos que hai que fomentar a formación integral e a sensibilización para a detección da violencia machista nos ámbitos máis próximos, por exemplo na atención primaria de saúde. Creemos que debemos facer coñecedoras ás profesionais da saúde dos escasos recursos de atención á violencia machista. Creemos que se deben reequilibrar os cuidados e garantir os dereitos sexuais e reprodutivos mediante redes de centros de orientación familiar, centros de atención á mocidade e garantías de aborto ou de interrupción voluntaria do embarazo en hospitais públicos e sen derivacións a outras comunidades.

Acceptamos e incluímos as dúas emendas, do BNG e do Partido Socialista, de avaliar o grao de cumprimento do Plan de atención integral á saúde das mulleres, das guías técnicas, de redactar un novo plan incluso e de dedicar unha sesión na Comisión 5ª ás liñas estratéxicas.

Isto é todo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Miranda.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Nós, de antemán, imos apoiar esta iniciativa á que, como se explicaba agora, lle temos presentado unha emenda de adición, unha emenda de engádegas, para introducir unha cuestión que para nós viña dalgunha maneira tamén a envolver a batería de propostas que presenta neste caso o grupo propoñente, o grupo de En Marea. Fixémolo finalmente como unha engádegas, como un punto adicional, pero dalgunha maneira viña poñer enriba da mesa esa



cuestión que atravesaba precisamente toda a iniciativa, que é a necesidade de abordar a atención sanitaria que ten que ver coas mulleres dunha maneira integral, dunha maneira que abrangue todos os aspectos que atinxen á vida das mulleres e que teña tamén esa perspectiva de xénero na análise do propio Sistema sanitario público do noso país.

É por iso que nós non acabamos de concibir que haxa que traer a esta Cámara a necesidade de que se avalíe o primeiro plan, que foi elaborado e foi aprobado no ano 2007 por un goberno de sete cabezas, como todo o mundo sabe, aquel goberno bipartito, que aprobou ese primeiro plan de atención integral á saúde das mulleres; que non foi avaliado, que non foi actualizado, a pesar de que as moitas actuacións, os moitos programas que incorporaba na súa redacción —componse de máis de duascenas páxinas—, prevía unha cronoloxía ata o ano 2010. A partir dese momento xa tiña que terse iniciado non o seguimento continuo, senón a avaliación dos resultados obtidos, non só da aplicación do propio plan, senón de todas esas guías técnicas que o acompañaban para a abordaxe con perspectiva de xénero da saúde no noso país e, sobre todo, aquelas cuestións que atinxen directamente á saúde das mulleres.

No ano 2010 —eu mergulleime un pouco na hemeroteca desta Cámara— xa o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preguntaba á Consellería de Sanidade, prevendo que estaba a piques rematar ese I Plan de atención integral á saúde das mulleres, se estaba a elaborar un proceso de avaliación e, sobre todo, se estaba a traballar xa na redacción ou na elaboración do segundo plan. Léolles a resposta, é unha frase, literalmente. Literalmente, é unha frase: «Estamos en proceso de revisión e actualización das guías elaboradas para a implementación nas diferentes áreas».

Despois poden vostedes seguir analizando as sucesivas preguntas que os distintos grupos da oposición, ao longo das últimas lexislaturas, presentaron nesta Cámara, precisamente reclamando que se avaliasse ese plan, que se redactase un novo plan, e tanto no 2018 como no 2019 a resposta vén ser a mesma: que se estaban volvendo a revisar e a actualizar as distintas guías.

Eu creo que esa é unha mostra bastante descritiva de cal é o desleixo máis absoluto e a hipocrisía coa que se actúa cada vez que chegan os 8 de marzo. Aquí todo o mundo vén co lazo, todo o mundo vén co lazo, pero o resto do ano, os 364 días restantes, que é cando hai que traballar, que é cando hai que remangarse e poñer as medidas que son necesarias para mudar as cousas, para cambiar o estado real das cousas, para combater esa violencia permanente, sistemática, sistematizada, é un sistema de dominación social imposto contra as mulleres de maneira secular, case diría milenaria, non se fai absolutamente nada. (*Aplausos.*) Actúase dunha maneira tan sumamente hipócrita que resulta ser absolutamente cansina, e non hai máis que botarlle unha ollada á propia web do Sergas para ver que non hai nin vontade nin intención ningunha de desenvolver o que nós recolleemos como unha emenda de engádegas, que é redactar ese II Plan de atención integral á saúde das mulleres.

Poderíamos poñer máis exemplos. Recentemente, onte mesmo, a Asociación Querendo, que aglutina as mulleres que teñen endometriose no noso país, sacaba publicamente un comunicado, unha enfermidade que afecta única e exclusivamente ás mulleres, sacaba un comu-



nicado de prensa falando da falta de profesionais —iso é xeral, acabamos de velo no debate das mocións—, da carencia de consultas específicas no Hospital de Santiago e no Hospital de Lugo; da falta dunha equipa multidisciplinar que atenda a todas esas mulleres, máis de 30.000 mulleres que teñen endometriose no noso país, ou que puñan de manifesto o que se falaba precisamente antes tamén, esas listas de agarda absolutamente inadmisibles para esas consultas de xinecoloxía que ademais temos que ser sempre moi presente que un dos principais problemas na atención deste tipo de enfermidades que atinxen única e exclusivamente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—xa remato—, ás mulleres, un dos principais problemas é a demora coa que se diagnostican estas doenzas.

Aquí houbo acordos en abril de 2015 que seguen sen cumprir, e van aló catro anos.

Insisto, nós imos apoiar esta iniciativa, pero creo que empezamos xa a sobardar o límite de paciencia colectiva, e o que non imos é a seguir vendo como ano tras ano...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...todo o mundo di que está moi a tope con estas cousas, pero despois, quen ten a capacidade de levar adiante...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...políticas que cambien a realidade, non ten nin sequera vontade de facelo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Dende o noso grupo, independentemente do que ocorra coa emenda, aínda que xa foi explicado que vai ser aceptada, pero, independentemente diso, imos apoiar a iniciativa. Temos presentado nesta mesma lexislatura algunha iniciativa nunha liña moi semellante. Polo tanto, coincidimos plenamente coa idea que se plantexa aquí, dende o Grupo de En Marea, e coa exposición de motivos que se fixo aquí.

Parécenos apropiado porque a realidade é que esta iniciativa plantexa dous planos de debate. Un, que ten un marcado carácter asistencial e a necesidade de ser conscientes de que segue habendo un problema de xénero na asistencia sanitaria; e o outro que é unha cuestión cultural xeral, que afecta tamén á planificación e ás políticas sanitarias.



A sanidade é absolutamente androcéntrica. Está clara e nitidamente pensada de homes para homes. É máis fácil ser atendido se un é home que se un é muller, porque está máis pensada para os homes. Polo tanto, os patróns estándar, ata hai non moito, eran unicamente homes, e aínda hoxe o seguen sendo nalgunhas cuestións, polo tanto, é necesario superar esta situación.

Nun sector androcéntrico, ao que acompañamos de políticas claramente pouco concienciadas da realidade que temos, ocorren cousas graves. Por poñer exemplos, os tempos de espera medios de mulleres superan nun 13 % os tempos de espera media de homes. Non é algo natural, non é unha variación insignificante dende o punto de vista estatístico, é notorio, teñen maior dificultade as mulleres que os homes. Somos inxustamente privilexiados neste terreo, como noutros.

Hai un problema tamén de conciencia. Hai cuestións nas que se ten intentado avanzar e nas que moito se ten avanzado, pero aínda non o suficiente, como certas declaracións amosan, sobre cuestións que afectan especialmente á cuestións nas que hai diferenza notoria de xénero, é evidente, e biolóxica.

En Galicia hoxe séguese incumprindo sistematicamente a Lei de interrupción voluntaria do embarazo, séguese incumprindo. E non hai outra explicación que non sexa asumir que se incumpre porque quen a ten que aplicar non a comparte ideoloxicamente. E isto afecta notoriamente a unha diferenza de xénero, sobre todo, porque hai políticas —políticas en termo conceptual, non persoal, políticas e políticos, se fora en termos persoais—, que non asumen a igualdade entre xéneros, entre sexos, entre persoas e entre calquera cousa que se viva na sociedade, porque non hai dereito a diferenciar en función de cousas que non permiten diferenciar.

E hoxe en día hai cuestións que afectan as mulleres especialmente e que son peor tratadas porque afectan as mulleres; porque existe unha conciencia de superioridade tamén nas políticas sanitarias.

Permítanme dicilo: as declaracións de Pablo Casado son enfermizas, ¡enfermizas! Non hai que ensinalle a ninguén cousas sobre si mesmo, e moito menos lle van ensinar a unha muller que é o que leva dentro. ¡Enfermizas! E ademais estou convencido de que no Partido Popular de Galicia hai moita xente que sente exactamente o mesmo. ¡Enfermizas!

Por contribuír en certa maneira ou por intentar poñer algúns datos que nos deben levar á reflexión de que hai unha realidade que moitas veces non chegamos a percibir, 2/3 das persoas que se presentan ao exame MIR son mulleres, 2/3. Nos 10 primeiros —poderíamos escoller os 100 primeiros, os 250 primeiros, pero os 10 primeiros—... Por certo, moitas felicitacións á Universidade de Santiago que ten formado ao número 1 deste ano, e é un logro de todos. Dos 10 primeiros, este ano 3 son mulleres. Normalmente nunca chegan ao 50 %, apenas nunha convocatoria anterior, non sei se no 2014 ou no 2013, que superaron o 50 %, pero non soen chegar. Nos últimos anos hai moitas máis mulleres, é crecente, ademais, o número de mulleres que se examinan e que preparan o MIR, máis que homes, sen embargo, non chegan.





Enfermería, notoriamente máis presenza de mulleres na formación; e o cen por cento das dez primeiras, se non me fallan os datos deste ano, son mulleres. Hai unha cuestión cultural, conceptual, detrás do feito da formación nunha área ou noutra. Seguen existindo roles que fan predominar a formación masculina en Medicina e a feminina en Enfermería. E non é voluntario de ninguén, pero é unha realidade, seguen existindo; polo tanto, debemos contribuír culturalmente a iso. Hai unha tendencia social e no plano sanitario existe, e como existe, debemos combater contra ela.

Non podemos asumir que hai unhas realidades que xa están superadas. Existen esas realidades e existe unha tolerancia social contra a diferenciación de xénero e contra o concepto de superioridade do home con respecto da muller tamén no eido sanitario. Polo tanto, no plano asistencial debemos entender que as mulleres están en inferioridade e no plano cultural...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...aínda máis. Polo tanto, cando se combinan, temos un grave problema que debemos contribuír a resolver.

Nese sentido, nós imos estar sempre nesta defensa. Contribuiremos, na medida en que sexa posible, a aprobar iniciativas parlamentarias, e dende os gobernos contan sempre coa nosa colaboración.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado Quintela.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes. Moitas grazas, presidente.

A saúde non é soamente a ausencia de enfermidades, senón a existencia de benestar físico e psicolóxico que permita ás persoas desfrutar da vida. O maltrato ten unha repercusión grave sobre a saúde de quen o sofre, e, neste sentido, podemos afirmar que o maltrato afecta gravemente á saúde e que a violencia de xénero é pouco menos que a maior ameaza da saúde das mulleres.

Señora Miranda, vostede basea case toda a exposición da súa iniciativa en informes sobre saúde e xénero dos anos 2006 e 2008. A sociedade e a sanidade pública teñen evolucionado moito desde entón, e responden máis ben pouco, afortunadamente, á descrición que vostede fai no seu texto. Desde entón, hai varios documentos en vigor que non existían antes.

Todo o Sistema Nacional de Saúde ten a Guía de práctica clínica de atención ao embarazo e puerperio, 2014, con fondos do Ministerio de Sanidade, Goberno do Partido Popular.

A Guía de atención a mulleres con endometriosis, tamén do 2014, de novo cun goberno do Partido Popular. O Sergas, ademais, conta cun procedemento de intervención ante casos de



mulleres en situación de violencia de xénero para os profesionais do Sergas e cunha guía informativa para as vítimas sobre os recursos dos que dispoñen. Estes dous documentos foron editados durante a anterior lexislatura; é dicir, cun goberno en Galicia do Partido Popular.

No Sergas cóntase, ademais, con guías técnicas do Plan de atención integral á saúde das mulleres, con protocolos clínicos de enfermidades, entre eles —como vostede nomeaba na súa iniciativa—, protocolos para a fibromialxia e protocolos para a endometriose.

Polo tanto, hai moito avanzado no tratamento específico da problemática da muller no sistema de saúde. Ademais, foi un avance liderado, precisamente, por gobernos sustentados polo partido que eu represento. Non recoñecelo non só é un intento de sacar rédito partidista nun tema moi serio, senón que resta moito valor a unha iniciativa que, precisamente por ese nesgo partidista, parte dunha base errónea.

É unha iniciativa desfasada e, precisamente por iso, redundante, pois as liñas que apunta para resolver o problema son liñas que xa están a ser exploradas polo goberno actual.

Fala de mellor formación, como se non se aprobara hai dous anos o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que garante esa formación a todo o persoal empregado público, e como se non acabara de aprobar un plan formativo sanitario a Axencia Galega do Coñecemento (ACIS). Todo isto, prevención e loita contra a violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, son protocolos de actuación que se están a facer.

Fala dun mellor coñecemento dos recursos para a abordaxe da violencia machista como se non existira o documento de procedemento de actuación do que falaba antes, pero tampouco outro aínda máis completo, que é o protocolo de coordinación interinstitucional ante a violencia de xénero, aprobado pola Xunta en 2017. No apartado dos profesionais médicos, dálles as pautas para a súa coordinación cos servizos sociais, a Administración de xustiza ou as forzas e corpos de seguridade, o que dá complemento ao seu punto número 5.

Fala da mellora na sensibilización da problemática específicas das mulleres ignorando anuncios como o feito hai apenas catro meses, de creación dun grupo de traballo do Sergas para contribuír á concienciación social e colaborar no deseño de actuacións.

Fala da mellor formación como se non se aprobaran programas públicos que, desde logo, dan cumprimento a moitos dos seus puntos. E, sobre todo, fala dunha especie de nesgo continuo no sistema sanitario que deriva en paternalismo cara á atención dos problemas de saúde das mulleres.

Eu preguntome, señora Miranda, como é posible que toda esta discriminación cara ás mulleres que, segundo vostede, existe no sistema sanitario sexa exercida maioritariamente por mulleres. As carreiras universitarias relacionadas coa saúde están claramente feminizadas, e o Sergas está feminizado igualmente.



Mire os datos, señora Miranda. Recomendolle a lectura do Plan de igualdade que se acaba de aprobar no Sergas, non só para que comprobe que o Sergas é un organismo comprometido coa igualdade, senón porque tamén lle pode botar unha ollada a algúns datos.

Mire, o 55 % dos médicos son mulleres, o 61 % dos médicos de urxencias, o 75 % dos pediatras, o 90 % das enfermeiras. ¿Sostén vostede que é un persoal feminino o que infantiliza e invisibiliza as mulleres? ¿Vostede cre ou pensa que calquera facultativo do Servizo Galego de Saúde vai tratar de maneira diferente un cancro de mama ou un cancro de próstata? Personalmente, nunca iso se me pasou pola cabeza.

Por todo iso, señora Miranda, aínda que non compartamos en absoluto o seu diagnóstico, non nos queda outro remedio que darlle un si a algúns dos puntos da súa iniciativa, porque son puntos que, aínda que chegan unha década tarde, non se poden rexeitar, forman parte, dende hai xa moitos anos, das prioridades do noso goberno e van continuar sendo prioritarios.

Por suposto que hai e vai seguir habendo formación; por suposto que hai e vai seguir habendo sensibilización; e por suposto que hai e vai seguir habendo atención especializada ás vítimas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...de violencia de xénero.

Remato xa.

Temos un goberno sensible, implicado e coordinado en temas de igualdade. O que nós solicitamos é que non se baixe a garda e que se siga mellorando e traballando, como está demostrando con feitos e accións continuas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Remato xa, agardando que nos acepten a votación por puntos, xa que, nun tema tan sensible coma este, desde o Partido Popular sempre tratamos de chegar a acordos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Miranda Pena.

**A señora MIRANDA PENA:** Graciñas, señor presidente.

Señora Amigo, se non acabara de ser a médica de máis de 800 mulleres nun cupo de 1.700 persoas, crería que todo é tan idílico. Oxalá toda a atención sanitaria se resolvera emitindo



protocolos, emitindo guías clínicas e emitindo plans. A realidade vai moito máis alá, acabo de coñecerla.

Negar o nesgo de xénero é primitivo e é insensible. Estabamos todas estupefactas na bancada de esquerda. A planificación e xestión do sistema sanitario e a investigación non poden darse desde esa mirada androcéntrica que teñen vostedes. Tamén as mulleres temos mirada androcéntrica, ¡claro!, vivimos nesta sociedade. É necesario incluír a perspectiva de xénero de forma transversal. É necesario, de novo, o feminismo.

As diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes non explican, en ningún caso, as diferenzas que temos en saúde. Cómpre o manexo das desigualdades que si existen para un abordaxe integral e realmente igualitario da saúde. Cómpre tamén considerar o fenómeno da culturación da xénese de malestares, e para iso debemos incidir na educación das nosas nenas.

A posta en marcha do último Plan de atención integral da saúde da muller de Galicia, que suscitaba a emenda por parte dos dous grupos da oposición, definido no ano 2007, é totalmente insuficiente, quedou de manifesto. Faría falta avaliar o seu cumprimento e valorar a necesidade de actualizalo ou incluso de facer un novo.

Ademais, precisamos unha cultura ética de corresponsabilidade social e que a Administración, con sensibilidade —que sabemos que non ten—, interveña con medidas de reequilibrio. Hai que minimizar as consecuencias da desigualdade por razón de xénero que inciden na saúde das mulleres. Debemos desenmascarar a desigualdade e o patriarcado que aínda permanece na nosa sociedade; acabamos de ter unha mostra moi palpable.

Temos que identificalo, temos que visibilizalo e temos que combatalo tamén con medidas correctoras en saúde. E se realmente aspiramos a unha sociedade igualitaria en termos xerais, debemos aplicar a perspectiva de xénero tamén á saúde, para identificar como enfermamos, para coñecer os factores acompañantes, para poder facer mellores diagnósticos, para empregar os tratamentos axeitados a cada caso, para respectar a autonomía das mulleres, para dotarnos da mellor información posible, para a repartición de recursos con equidade, para garantir os dereitos sexuais e reprodutivos e para minimizar os danos de todas as violencias sobre a saúde das mulleres.

Isto é todo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Miranda.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentáronse unha autoemenda do Grupo dos Socialistas de Galicia e outra emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.



(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei. (doc. núm. 41203)

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

«3ª Elaborar un informe sobre os custes da recuperación para o público das autoestradas galegas, así como sobre o seu impacto no desenvolvemento social e económico do país.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 41203)

Emenda de adición.

No punto 1º) da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

«... que estableza, cando menos, un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, independentemente de que sexa laborable ou festivo.»)

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 3º) que terá o seguinte contido:

«3º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno central e lle solicite que:

a) Estableza nas peaxes da AP-9 un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, tanto en días laborais como festivos.

b) Asuma con cargo aos seus orzamentos, da maneira plurianual que se determine, o financiamento das obras de ampliación da capacidade da AP-9, evitando así a suba anual acumulativa das peaxes do 1 % durante vinte anos recollidas no Protocolo asinado pola entón ministra de Fomento Dª Ana Pastor e Audasa o 26 de decembro de 2012.»)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Traemos hoxe unha proposición non de lei que trata de aunar e de propoñer as mesmas medidas en canto a bonificación das peaxes nas autoestradas autonómicas de peaxe —as dúas



que hai— e tamén na autoestrada AP-9, cunha situación —creo que todos compartimos— manifestamente mellorable, por non empregar algún adxectivo máis groso.

Emendamos a iniciativa porque entendemos que o marco no que foi redactada no seu momento quedou claramente superado polo sorprendente xiro que experimentou a oposición do presidente da Xunta de Galicia no último pleno, no que asistimos a unha serie de demandas relacionadas coa redución das peaxes para asumir o traspaso da AP-9, traspaso aprobado por unanimidade neste Parlamento en varias ocasións, traspaso aprobado no Congreso dos Deputados en Madrid no mes de decembro e que agora parece que ten algún que outro atranco, algunha que outra contraindicación, que debe ser subsanada antes de asumir esa transferencia.

Na nosa iniciativa orixinal, falamos dunhas autoestradas autonómicas que, como sabemos, son as únicas da rede autonómica de estradas desta comunidade autónoma que teñen peaxe, a AG-57, entre Puxeiros e Val Miñor, e a AG-55, entre A Coruña e Carballo. Son as únicas, insisto, pese a que hai unha demanda xa longa no tempo, antiga polo tanto, de diversos concellos, tanto das áreas metropolitanas de Vigo como de Coruña, que veñen demandando que se eliminen eses peaxes para desconxestionar as carreteras convencionais e tamén para aumentar a competitividade. Iso a sabendas de que hai outras autoestradas autonómicas nas que o Goberno galego vén pagando o que se vén denominando peaxe en sombra, sabendo ademais que a propia Lei de estradas de Galicia, a Lei 8/2013, contén xa esa previsión no artigo 32, no que di que «nos treitos de estradas onde se establece un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso a Administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan a reducir ou anular» —insisto, anular— «o pagamento directo pola persoa usuaria».

Por iso na nosa proposición orixinal o que pediamos era que o Parlamento de Galicia instase a Xunta de Galicia a presentar no prazo de seis meses estudos precisos para proceder a liberar esas peaxes desas dúas autoestradas, e ademais establecer de xeito inmediato unha serie de bonificacións que nós concretamos agora na nosa autoemenda, o que vén a ser que se estableza cando menos un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, independentemente de que sexan laborables ou festivos. Evidentemente, isto duplica a bonificación que existe no marco actual do convenio da Xunta de Galicia coa concesionaria. Digo que o duplica porque evidentemente o 25 % de desconto facilmente se deduce que é a metade do 50 % que nós propoñemos nesta proposición non de lei.

E, ademais, debemos facer referencia ás declaracións da señora conselleira para dicir que non se pode liberar a peaxe por restar financiamento á sanidade ou á educación —aspectos fundamentais, como é sabido e ninguén discute—. Así se nos dixo na resposta parlamentaria número 42.914. Pero convén recordar neste Parlamento que os ingresos por peaxes das autoestradas galegas, que son da orde de 14-15 millóns de euros ao ano, é moi inferior ao gasto anual da Xunta de Galicia en propaganda e publicidade, que é de máis de 20 millóns de euros. Polo tanto, cabe pensar que se poden reducir partidas que non afectan necesariamente nin á educación nin á sanidade nin á dependencia. Hai outros sitios, onde hai cantidades superiores ao que son estas peaxes na súa totalidade, onde se pode recortar. E ademais tamén



dixo que as autoestradas galegas son as que posúen as tarifas máis baixas. Afirmación que se contradí analizando as peaxes que teñen. Hai algún tramo das autoestradas galegas, como, por exemplo, entre Baiona e A Ramallosa, ou entre A Ramallosa e Nigrán, ou entre Baiona e Nigrán, no que o custo por quilómetro supera os 20 céntimos, que é superior a calquera dos tramos da AP-9, incluída a ponte de Rande neste caso.

E fálase bastante, e con razón, da alta rendibilidade —por non dicir escándalo rendible— da concesionaria da AP-9. É certo que os seus beneficios son escandalosos. Pero tamén conviría botar algunha conta moi sinxela para decatarse de que o beneficio do 31 % é idéntico ao que obtén a concesionaria das autoestradas de Galicia, o 31 % en ambos casos. No caso da AP-9 falamos de que se dispón dun beneficio de 44 millóns de euros sobre uns ingresos de 140, o 31 %; e, no caso das autoestradas galegas, de 4 millóns e medio sobre 14 millóns e medio. Polo tanto —insisto—, a porcentaxe é idéntica en ambos casos.

Indo á segunda parte da nosa autoemenda, a relativa á AP-9, pedimos que se estableza a mesma redución —insisto, a mesma redución— que pedimos para as autoestradas competencia da Xunta de Galicia; é dicir, un 50 % de desconto nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, tanto en días laborables como festivos. Isto supera tamén o marco, non o actual —que a AP-9 non ten este marco nin de lonxe— pero si o que está establecido para as autoestradas galegas. E ademais pedimos que o Goberno do Estado asuma cos seus orzamentos, da maneira plurianual que se determine —tampouco dicimos nesta proposición que se pague en tres anos nin en cinco nin en sete, senón que se determine como se realiza—, que se financien as obras de ampliación de capacidade da AP-9, evitando desta maneira a suba anual acumulativa do 1 % que todos coñecemos; que tentarei explicar, aínda que vou moi xustino de tempo, que tamén ten moito que ver, por non dicir que o ten todo que ver, co protocolo que asinou a ministra Ana Pastor no ano 2012, no que non só non se corrixiu senón, como lerei —se me dá tempo—, que se mellorou a condición da concesión da autoestrada AP-9.

Quixera recordarlle á Cámara que este grupo parlamentario mantén con respecto a isto idéntica postura á que mantivo xa no pleno do 9 de maio do ano 2017, é dicir, hai bastante máis de ano e medio, na que propoñiamos no punto 2 que se asumiran con cargo ao orzamento as obras de ampliación da capacidade da AP-9 referidas no protocolo asinado no ano 2012, evitando así a suba anual acumulativa do 1 %. É dicir, é idéntica redacción. Esta proposición non de lei non foi aprobada neste Parlamento. E tamén lles teño que dicir, señorías, que soamente tivo os votos a favor do Grupo Parlamentario Socialista, posto que o Partido Popular se opuxo, porque daquela, evidentemente, gobernaba o señor Rajoy en Madrid —agora parece ser que podemos reclamarlle ao Goberno do Estado que asuma esas obras—, pero tamén é certo que tanto o Bloque Nacionalista Galego como En Marea se abstiveron nesta proposición.

E chegamos así a ver o que pasa coas actuais peaxes da AP-9. E aquí o pecado orixinal está permanentemente, ou case permanentemente —para que vexan que tamén pode ter certa capacidade de autocritica—, practicamente de forma íntegra no Partido Popular; posto que, en primeiro lugar, todos sabemos quen ampliou ata o 2048 a concesión desta autoestrada; todos sabemos quen suprimiu a rebaixa das tarifas do 7 %, obra e gracia do señor Montoro



como ministro do Reino de España —do Goberno de España, perdón— no ano 2012 mediante un real decreto lei; e quen subiu o IVE do 18 % ao 21 %. Quen aumentou o 1 % o convenio do ano 2011, iso si, foi un goberno socialista, así de claro. Pero ¿quen, no ano 2012, revisou ese convenio e o mellorou introducindo cláusulas que nunca prexudican a concesionaria senón que máis ben a benefician?

E agora, de repente, o Partido Popular descobre a letra pequena do convenio de Ana Pastor do ano 2012. Veulles a luz de repente.

Señorías, voume permitir ler o que di o Real decreto 104, do ano 2013, asinado pola ministra Ana Pastor. Téñeno vostedes no *Boletín Oficial do Estado* do 12 de febreiro do ano 2013. Di: «*Para el restablecimiento del equilibrio económico-financiero, el Ministro de Fomento, junto con Audasa, antes del mes de octubre de 2016 calcularán el saldo conjunto resultante de la aplicación del sistema de compensación correspondiente*». E di máis adiante: «*A fin de determinar si la sociedad concesionaria queda equilibrada económico-financieramente en su totalidad, se comprobará que el saldo conjunto resultante se hace cero antes de terminar el período concesional*». E engade: «*Aprobará una actualización extraordinaria de tarifas que garantice que antes de terminar el período concesional el saldo conjunto resultante de la compensación se hace cero*». É dicir, se a empresa nalgún teórico escenario perdese cartos na concesión, o Goberno podería autorizar unha suba extraordinaria de peaxes. ¿Quen asinou este convenio? Ana Pastor. ¿Quen gobernaba no Goberno de España nese momento? Mariano Rajoy. Entón, que cadaquén aguante a súa responsabilidade.

Eu confío en que sexamos quen de chegar a un acordo unánime. Insisto —diciáo o noso voceiro hoxe pola mañá defendendo a transferencia en materia de tráfico— en que non estamos indo contra un goberno de ningún signo político, porque non sabemos quen vai gobernar despois das eleccións xerais do 28 de abril. Do que estamos convencidos é de que isto é bo para Galicia, é bo para a axenda propia desta comunidade autónoma e de que, polo tanto, deberíamos ir máis alá do curtopracismo político e pedirlle ao Goberno do Estado que asuma esas obras na súa totalidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Boas tardes, señorías.

O noso grupo vai apoiar esta iniciativa do PSdeG porque estamos en contra de que se establezan peaxes en vías de comunicación estratéxicas para o desenvolvemento social e económico do noso país. Calquera acción nese sentido parece lóxicamente positiva, aínda que non suficiente.

Levamos tanto tempo pagando peaxes que ás veces nos esquecemos da anomalía que supón a existencia de autoestradas explotadas por empresas privadas, isto é, de tramos privatizados





na rede de estradas explotados por grandes grupos do *lobby* bancario e construtor que converten en negocio privado o que debería ser unha infraestrutura pública de transporte por estrada.

Porén, situacións como as operacións de compra e venda de empresas ou o rescate polo público de autoestradas privadas en quebra recórdannos que as autoestradas de peaxe son anomalías privatizadoras do mesmo tipo que os colexios e os hospitais privados concertados co público. Porque son infraestruturas de propiedade pública que se privatizan a través dunha concesión, negocio privado explotando servizos públicos. Porque a mobilidade é un dereito máis da cidadanía que o Estado ten a obriga de proporcionar.

Debemos rematar coa especulación dos servizos públicos porque atenta contra os intereses da cidadanía, porque supón a utilización da Administración para o beneficio privado e vai en contra do propio desenvolvemento económico do país. O que é beneficioso para a cidadanía é contar con vías de comunicación que dinamicen o desenvolvemento social e económico e non que se utilicen esas vías para dinamizar os beneficios económicos de grupos de investimento, que están obtendo indecentes beneficios pola xestión dunhas infraestruturas ben sinxelas de xestionar dende a Administración. E fan que as traballadoras, transportistas e a cidadanía en xeral saian prexudicadas, tendo que escoller entre pagar abusivas peaxes ou utilizar as vías convencionais perdendo competitividade, calidade de vida, saturando de tráfico as estradas convencionais que atravesan as distintas vilas do país e expoñéndose máis á violencia viaria.

Estes meses, nos que o debate sobre as peaxes está no centro, cómpre ser rigorosos e buscar as mellores fórmulas para poder contar coa mellor rede de estradas posible para o noso desenvolvemento sen condenar a copagos a cidadanía, sen que as maiorías sociais sexan novamente as que afrontan os custos sobre esa máxima cacico-neoliberal de socialización de perdas e privatización de beneficios.

Por outra banda, temos que atender tamén a outra cuestión importante cando falamos de infraestruturas, que é a sinistralidade viaria e o papel que xogan as vías de alta capacidade. En Galicia saltaron todas as alarmas no tocante á sinistralidade e á mortalidade na rede de estradas. Coa chegada de Feijóo á Xunta rómpese unha tendencia dunha década de baixada continuada da sinistralidade e mortalidade, sendo o 2011 o ano no que se racha esa tendencia, chegando a incrementarse a sinistralidade nun 40 % na actualidade. E aquí hai moitas cuestións para analizar. Un dos motivos polos que a rede viaria galega non é segura ten que ver con que contamos con multitude de vías principais que pasan por zonas altamente poboadas, tendo medias de intensidade de vehículos moi altas. Neste senso van os manuais da Dirección Xeral de Tráfico. E si que ten que ver co tema da utilización das vías rápidas, porque se temos unhas autovías gratuítas a xente non colle carreteras, que son moito máis perigosas. E continúo. Nese camiño, as autoestradas galegas teñen moito que aportar, polo que facilitar o seu uso tamén favorece a redución da sinistralidade.

E, para rematar, nós engadimos unha emenda de engádegas que insta a Xunta de Galicia a elaborar un estudo que determine os custos e os beneficios de recuperar a totalidade das autoestradas galegas para o público, para poder poñelas ao servizo da xente e que deixen de



estar ao servizo do beneficio privado. Pedimos só un estudo, que é o mínimo se se ten interese en tomar as mellores decisións para a cidadanía, pois coas peaxes que está pagando a cidadanía galega estanse enriquecendo moito uns poucos. Estes días coñecemos o informe de Fomento, que di que, de completar a concesión da AP-9 ata o 2048, grazas ao regalo de Aznar, as galegas terán pagado ata dez veces a autoestrada. E é evidente que iso é un mal negocio para Galicia, polo que, cando menos, elaborem os estudos.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Falamos moito nesta tribuna —e máis que habería que falar— das autoestradas de peaxe estatais, da AP-9, e tamén da AP-53. Desta falamos menos aínda que talvez deberíamos falar máis.

Respecto da AP-9, un día como hoxe hai que volver falar da estafa da transferencia frustrada, que ten os seus responsábeis en gobernos e partidos estatais que demostraron sobradamente que non están polo labor. E ao mellor nisto tamén teñen que ver os movementos accionariais que estamos vendo nos últimos tempos. Parece que non se pode tocar a AP-9 porque aí hai intereses moi grandes. E tamén sabemos xa que a batalla por conseguir a transferencia vai ser unha batalla longa.

Tamén falamos moito do incremento abusivo das peaxes, que trae causas de múltiples tipos, pero, entre elas, os convenios. Parece que agora están vostedes discutindo quen ten máis culpa no incremento das peaxes, se o convenio de Ana Pastor ou o convenio de Xosé Blanco. Os dous teñen responsabilidade e culpa nestes incrementos abusivos que estamos sufrindo ano tras ano —máis do 40 % nos últimos anos—.

Falamos tamén da necesidade de redución das peaxes e de bonificacións. O BNG trouxo aquí unha proposta no pasado pleno que non saíu adiante porque non a apoiaron nin o Partido Popular nin o Partido Socialista. E propoñiamos unha rebaixa xeral do 30 %, que é a mesma que se aprobou para as autoestradas rescatadas madrileñas. Desde logo, pensamos que esa rebaixa xeral se debe acompañar tamén de bonificacións para uso habitual e por distintos motivos. E, desde logo, non estamos de acordo con esa proposta ridícula que fixo a Xunta de Galiza, a súa conselleira de Infraestruturas, que propón unha rebaixa, unha bonificación, do 20 %, porque iso xa existe. Xa existe a bonificación do 25 % na viaxe de volta con pago con telepeaxe no mesmo día, iso non é ningunha novidade.

E tamén queremos hoxe lembrar, e lembrarlle ao Goberno central, o compromiso que ten que cumprir da supresión da peaxe de Redondela, que para iso houbo o pasado sábado unha manifestación multitudinaria da xente de Chapela, da xente de Teis, da xente de Redondela e de Vigo contra este abuso.



Temos que falar, desde logo, tamén das autovías autonómicas —por certo, mal chamadas moitas veces vías rápidas ou corredores—. Son vías de alta capacidade. E vemos que hai comarcas no país, concretamente Vigo-Valmiñor e A Coruña-Carballo-Bergantiños, que aínda teñen autovías de peaxe de titularidade autonómica que están sufrindo unha discriminación, unha inxustiza, respecto doutras comarcas do país onde hai autovías tamén destas características que non teñen peaxe. Estamos a falar, por exemplo, do Morrazo, do Salnés, da Barbanza ou da autovía que conecta Santiago con Brión. A realidade é que estas comarcas sofren unha discriminación porque teñen unha barreira, un obstáculo para a mobilidade, para a conectividade e para a competitividade tamén das empresas. Non é xusto, é unha barreira para o desenvolvemento económico e para a equidade, que é prexudicial, sobre todo, para as persoas con menos recursos, que supón un elevado custo para as empresas do sector do transporte, para os traballadores e traballadoras, para as viaxes aos postos de traballo e equipamentos públicos. E, ademais, ten un efecto moi negativo na mobilidade das estradas convencionais, co incremento de tráfico, co incremento da inseguridade viaria e co impacto negativo que tamén ten na calidade de vida das persoas que viven na contorna desas estradas, en travesías, en núcleos de poboación. Son zonas moi habitadas que soportan o tráfico con todos os perigos, as molestias e os riscos que isto supón.

E tamén, desde logo, hai que falar dos beneficios millonarios da concesionaria, do grupo Itínera, que é a mesma concesionaria da AP-9 e tamén da AP-53. O Goberno galego ten a posibilidade de eliminar esas peaxes, pode facelo. O BNG, desde logo —xa o defendeu noutras ocasións—, está a favor dese estudo para eliminar as peaxes tanto na AP-9 como nas autovías galegas. E tamén propoñemos rebaixas de carácter xeral e bonificacións en todas esas autoestradas. Parécenos que é un acto de xustiza para as persoas residentes nesas comarcas e que é un primeiro paso para conseguir o obxectivo definitivo, que é a transferencia, a xestión galega e a eliminación das abusivas peaxes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

A Xunta de Galicia, como titular das autoestradas de peaxe A Coruña-Carballo e Puxeiros-Valmiñor, activou xa en 2010 rebaixas nas peaxes para os usuarios habituais por primeira vez na historia da autonomía —e xa con crise económica e baixada de ingresos, con orzamentos menores—. Cando gobernaba o Bipartito, que eran épocas, ademais, de orzamentos moito maiores, pois non se facía ningún tipo de rebaixa. É dicir, este Goberno é o primeiro que fai ese tipo de rebaixas.

Estableceu, polo tanto, unha rebaixa do 25 % na viaxe de volta no día, o mesmo que demandamos para a AP-9 e a AP-53. É dicir, non pedimos ningunha outra cousa en Madrid que



non esteamos xa facendo en Galicia. No ano 2018 máis de cen mil viaxes se beneficiaron desta bonificación, cen mil. A maiores destes descontos, para itinerarios recorrentes está prevista a implantación neste ano 2019 de novas bonificacións que favorezan o uso nocturno destas autoestradas. Consistiría en establecer, a partir de xullo de 2019, unha bonificación do 50 % aplicable todos os días da semana a todos os vehículos que circulen en horario nocturno, e para todos os vehículos, non só os transportistas.

E polo que respecta á eventual liberalización de peaxes, habería dúas fórmulas: ou ben peaxes na sombra ou rescate. En ambos os dous casos contra os orzamentos; polo que ao final, señora de En Marea, pagámolas todos, (*Murmurios*.) teñamos coche ou non, págaa o usuario, teña coche ou non, porque as pagamos cos orzamentos de todos os galegos. E eu ánimoo, señor Álvarez, a que nos orzamentos de 2020 presente unha emenda dicindo de verdade, e con cifras de verdade, de onde saca os cartos; non con esas que manexa, que non son verdade, son de publicidade.

Di tamén que a Xunta dedica fortes cantidades todos os anos ao pagamento de peaxes en sombra. Pero, claro, isto ten que xustificarse e ten que dicirnos por que. Porque son compromisos que deixou a pagar, a deber, o Goberno bipartito. Son esas hipotecas as que estamos pagando agora. E déixannos menos liberdade para facer outras infraestruturas ou para facer outro tipo de rebaixas. Mire, todas esas débedas que deixaron vostedes son 3.000 millóns de euros en hipotecas de concesións e 270 millóns en obras feitas e para pagar polos que veñan. Esas son as débedas que deixaron vostedes e que temos que pagar agora. Esa é a razón pola que se paga tanto en peaxes, porque cando gobernaban vostedes deixábanos a deber. Agora este Goberno fixo máis de douscentos quilómetros de vías de alta capacidade libres de peaxe e pagadas, ¡pagadas!, non para que pague o que veña.

Pero, miren, autoeméndanse con temas da AP-9. Claro, son vostedes expertos en chegar a acordos con estas concesionarias. Pero, miren, acabamos de librarnos dun convenio, non do Goberno central, non de Madrid, un convenio que firmou o Bipartito de Touriño —PSOE e BNG—, que facía que tiveramos que pagar os galegos case 400 millóns de euros ata o final da concesión en peaxes dunha autoestrada estatal. Este non é de Madrid, nin de ministros, este é do Goberno bipartito. Vostedes, en lugar de rebaixar as peaxes, fixeron que cos orzamentos e cos cartos de todos os galegos pagamos unha autoestrada estatal, as peaxes dunha autoestrada estatal.

E, claro, ponse a xustificar, dedica a metade do tempo a xustificar o convenio do que o propio señor Blanco, en decembro do 2017, recoñeceu —está en todos os medios, podo darllo logo— que o 1 % era cousa súa. O que non explicou é que era o 1 % acumulativo cada ano, iso non o explicou. Comparábo coa subida do IVE e coa subida do 1 % en tres anos, fixo, non acumulativo, para Pontevedra-Vigo —para a volta, para rebaixalo—. A diferenza é que uns son vinte anos acumulativos, que ademais son para pagar unhas obras, e o outro é reordenar o tramo de maior custo e repartir durante tres anos só —e fixo— o custo para igualar esas peaxes e facelas máis igualitarias. Igual que o pedimos agora para Redondela, e por iso estamos pedindo as firmas para Redondela. Creo que é bastante distinto falar do 1 % acumulativo, recoñecido polo propio señor Blanco como seu, que vai custarnos 1.400 millóns de euros, fronte a unha cousa que é para compensar entre tramos o tramo máis caro, que era Pontevedra-Vigo, e só tres anos e non acumulativo.



En calquera caso, quería adiantarlle —por se non o sabe aínda— que xusto esta tarde está presentando o Grupo Popular as emendas á Lei de transferencias da AP-9 no Congreso dos Deputados, a través do noso deputado, o señor Celso Delgado, para que quede clara a nosa postura gane quen gane as eleccións. Aí está recollido todo o que dixox, evidentemente, o outro día o presidente da Xunta, e inclúe algunha das que vostede inclúe na súa autoemenda.

Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa. Están xa presentadas esas solicitudes no Congreso dos Deputados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, señor presidente.

Grazas, señora Torregrosa, polo apoio do seu grupo. E, como xa lle avancei, non imos aceptar a emenda, no sentido de que desvirtúa o contido fundamental da nosa, e non porque non consideremos que merece un debate sosegado e específico sobre o que vostedes propoñen.

Señor Bará, vostede inverteu a tónica co señor Fernández Prado, no sentido de que non sei o que van facer ao final, se van votar a favor, se van votar en contra ou se se van abster. Cousa que tampouco quedou clara pola mañá cando o señor Fernández Prado interveu na Proposición de lei sobre transferencias en materia de tráfico. Ao final parece ser que non era nin si nin non senón todo o contrario.

Señor Fernández Prado, recórdame vostede a anécdota que contaba o alumnado dun instituto no que eu dei clase respecto doutro profesor, ou profesora, que, cando os alumnos lle facían unha pregunta, sempre empezaba dicindo: «*Efectivamente, eso no es así*». Vostede di: «Vai presentar o noso grupo parlamentario no Congreso dos Deputados unha serie de emendas á Lei de transferencias que inclúen parte do que vostedes propoñen, e entón imos votar que non». ¿A ver quen entende isto?

Mire, isto élle ben pintoresco. A cuestión —para que quede clara dunha vez— é que eu na miña primeira intervención asumín a parte de responsabilidade que tivo un exministro de Fomento socialista en asinar ese convenio. Ao que vostedes se negan sistematicamente —e imos ter que facer un buzoneo por Galicia adiante— é a asumir que a señora Ana Pastor ratificou ese convenio. Porque se o convenio era lesivo, señor Fernández Prado, para o interese público, o que tiña que facer era denunciar ese convenio. (*Aplausos.*) Para iso existe esa posibilidade. ¿Fixo iso a señora Ana Pastor? Non. (*Aplausos.*) ¿Fíxoo o Goberno do señor Rajoy? Tampouco. (*Aplausos.*) ¿Que fixo? Poñer cláusulas adicionais para permitir unha subida extraordinaria de peaxes no caso de que fora necesario para que o equilibrio económico e financeiro da empresa quedase garantido. ¿Que lle garantía o equilibrio á empresa?, ¿o convenio do ano 2011 ou o convenio do ano 2012? ¿Lembra vostede como celebraban os seus a sinatura dese convenio e como dicía o señor conselleiro —naquel momento Hernández,



conselleiro de Infraestruturas— que por fin, grazas ao impulso decidido de Ana Pastor, se ían poñer a facer as obras que estaban asinadas no convenio perverso do señor José Blanco? ¿Lembra vostede eses títulos grandilocuentes nos que celebraban con grandes alharacas — non en torno a unha fogueira, porque ese aspecto tribal xa o tiñan medianamente supe- rado— a sinatura do convenio? (*Murmurios.*) Iso é o que fixeron vostedes. Fixeron unha celebración exhaustiva dese convenio e ademais —insisto— non retocaron o convenio de 2011, melloráronlle as garantías á empresa do equilibrio económico e financeiro. E iso ten un pai e unha nai: o señor Rajoy como pai e a señora Ana Pastor como nai.

E non me vou meter en máis conflitos porque, evidentemente, *eso no es portarse bien con la gente con la que se convive.*

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Par- lamentario Popular.

(*O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguintes emendas a esta proposición non de lei.*)

*Emenda núm. 1, de adición.*

*Débase engadir un punto 4 co seguinte texto:*

*4. Que se realice un informe, de acordo coas persoas profesionais do Imelga, sobre as necesidades que os equipos do Imelga detectan en materia de adecuación de espazos e de medios técnicos axeitados para a mellor realización do seu traballo e, especificamente, sobre aqueles medios e infraestruturas que redunden nunha redución da vitimización secundaria en caso de vítimas de violencia de xénero e menores; e, conforme a dito informe, que se deseñe, antes de finais de 2019, un plan para acometer as melloras necesarias.*

*Emenda núm. 2, de adición.*

*Débase engadir un punto 5 co seguinte texto:*

*5. Que se mellore a coordinación entre o Imelga e os distintos ámbitos de intervención nos casos de denuncias de violencia de xénero —forzas e corpos de seguridade, fiscalía, xulgados—.)*



*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Julia Rodríguez Barreira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Que se dote dos medios precisos para que o tempo de emisión dos informes das Unidades de valoración integral de violencia de xénero do Imelga sexan adecuados á actividade que se desenvolve*
- 2. Que se dote cos profesionais que requira a organización territorial do Imelga, de xeito consensuado coa súa dirección, e consonte as necesidades concretas en cada caso, tendo en conta o número de poboación correspondente á demarcación da subdirección e o seu volume de traballo”.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Antes falábase da perspectiva de xénero na sanidade, e esta iniciativa —aínda que o que recolle a convocatoria do Parlamento desta PNL fala doutra cousa, só especificamente do Imelga— fala da perspectiva de xénero na xustiza. E por iso de que o 8 de marzo celebramos o Día mundial da muller con concentracións na rúa pois a min gustaríame invitar a todos os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular —e que o fagan extensivo ao seu partido— que participen nese día. E, ademais, que participen tamén esta fin de semana. O día 3 de marzo hai unha manifestación en Lugo precisamente para exixir que sexa efectiva e real a igualdade de xénero entre as mulleres e os homes. E ao mellor, se vostedes fosen, pois estaría ben que nos desen así a todos esas leccións que vostedes sempre nos dan de igualdade.

A xustiza, igual que a sanidade, é maioritariamente feminina, é feminina na súa actuación pero non nos resultados, ás veces, polo que vou explicar. Os únicos que poden xulgar, que poden procesar, que poden interpretar as normas son as xuízas e os xuíces; e fano a través dunha forma, que son as sentenzas. As sentenzas pódense criticar, é lexítimo; incluso criticar negativamente, tamén é lexítimo facer críticas negativas. Incluso na sentenza do ano pasado da Audiencia Provincial de Pamplona —esa que coñecemos como «la sentencia de La Manada»—, nesa sentenza, unha parte dos feitos probados din o seguinte: «los procesados conocieron y aprovecharon la situación de la denunciante en el cubículo al que la habían conducido para realizar con ella diversos actos de naturaleza sexual». A descrición é impecable, a propia vítima e os forenses dixeron que non houbera violencia de ningún tipo pero si intimidación —alomenos así o dixo a vítima—. Houbo cinco homes descoñecidos para ela que, de maneira consciente, provocaron unha situación que intimidou a esa muller, e aproveitaron esa situación para ter acceso sexual a esa muller sen o seu consentimento.



E isto non ocorreu na sentenza de La Manada, non se viu así, pero si ocorreu a pasada semana nunha sentenza de tres maxistradas da Audiencia Provincial de Madrid que condenaron tres homes por agresión sexual porque durante unha noite —que as propias maxistradas definiron na sentenza como «sórdida»— violaron unha rapaza de 18 anos con discapacidade intelectual. E esas maxistradas din que non houbo violencia pero si intimidación ambiental.

Cando se len os feitos probados desta última sentenza un ve que coincide practicamente cos feitos probados da sentenza de La Manada, pero logo os resultados son diferentes, os fallos son distintos. E ¿por que hai tan distintas interpretacións xurídicas? Unha ditouse sen perspectiva de xénero e outra con perspectiva de xénero. Aí está a clave. Por iso esta proposición non de lei, porque ten un último fin, e é precisamente favorecer que as sentenzas teñan esa perspectiva de xénero. E ten un fin máis próximo, máis competencia do Goberno galego a través do traballo que fai o Instituto de Medicina Legal. E vou intentar explicalo.

O fin último é favorecer que as sentenzas sexan xustas, imparciais, equitativas —como todas as sentenzas— e que sexan ditadas con perspectiva de xénero. E ¿como se pode facer? Pois identificando eses estereotipos negativos que implican un prexuízo, unha preconcepción colectiva e individual tamén das xuízas e dos xuíces que traballan na xustiza sobre as capacidades e os roles das mulleres. E o certo é que, para erradicar eses estereotipos negativos sobre as mulleres que existen nas resolucións xudiciais, hai varias fórmulas, hai varios mecanismos, varias medidas, como utilizar a linguaxe que non considere as mulleres obxectos —e hai especificamente unha resolución do Parlamento Europeo que así o di, do ano 2008—; nesa mesma liña está atender as recomendacións da Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica, que di que ten que ser clara, igualitaria, non sexista, respectuosa, sintacticamente correcta e de redacción eficaz; a aplicación da Lei do Estatuto da vítima, do ano 2015, que recolle o que se chama o Convenio de Istambul, do ano 2014; e a aplicación da psicoloxía forense experimental. E este é o obxectivo máis próximo desta proposición non de lei.

Hai dúas tendencias, dúas doutrinas xurisprudenciais, agora mesmo sobre a mesa. Unha busca que a vítima sexa crible —as vítimas de violencia machista— e que o seu testemuño sexa idéntico dende que comezou o procedemento ata que rematou. Se non hai contradicións, se é perfecto dende que comezou ata que rematou o procedemento, ese testemuño —segundo esta interpretación— é real, é certo e é o que vale. Por outro lado, hai outra doutrina que se basea na psicoloxía forense experimental e que di que a memoria non é simplemente algo mecánico que se repite de maneira mecánica, senón que é algo que se activa e que se reconstrúe, e que ademais está sometida á influencia de terceiras persoas. De maneira que, dende o principio ata o final, o testemuño vai variando. Poden influír factores de fóra e pódense cometer erros. Por iso protexer ese primeiro testemuño é fundamental.

Pensen vostedes nunha muller que acaba de sufrir —como nestes dous exemplos— unha agresión sexual, que ten que ir prestar declaración á comisaría, que despois vai ser explorada por un médico ou unha médica, ou á inversa; que logo vai ir ao xulgado de instrución, uns días despois, para volver contar exactamente o mesmo, e que «x» anos despois vai ir a xuízo a volver contar o mesmo. Non vai ser a mesma versión porque é practicamente imposible. Ese primeiro testemuño é fundamental.





E aí entra o Instituto de Medicina Legal de Galicia, que depende da Dirección Xeral de Xustiza e, polo tanto, está encadrado en Vicepresidencia e Consellería de Presidencia. Presta asistencia técnica aos xulgados e ás fiscalías, fai informes de medicina forense e, ademais, hai unha intervención dos psicólogos no servizo de clínica no que están incluídas as unidades de valoración. Este Instituto de Medicina Legal de Galicia ten a súa sede central en Santiago, aquí en Compostela, e ten sete equipos, un en cada capital de provincia, outro en Santiago, outro en Ferrol e outro en Vigo.

E, para a psicoloxía forense experimental, erradicar estes estereotipos negativos sobre as mulleres é fundamental, evidentemente, e atende a este primeiro testemuño —como dicía antes— como o máis veraz e o máis certo sobre o que ocorreu en cada momento, fundamentalmente porque é o máis próximo ao que acaba de suceder e tamén porque evita que haxa influencias exteriores que fagan que vaia cambiando esa versión. E evita, así, que exista calquera tipo de contradición polo camiño que faga que ao final no xuízo ese testemuño non valla porque é contraditorio co que se dixo con anterioridade.

Os forenses e as forenses emiten un informe e remíteno á autoridade xudicial. E este informe é o documento básico para fundamentar sentenzas que non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres. Pero para iso é necesario que eses informes se emitan de maneira rápida dende que se fixo ese primeiro testemuño, porque é o máis veraz, e que o número de equipos sexa suficiente. E non é así. Non é así nin en Pontevedra nin na Coruña. Así o din eles mesmos, os profesionais que alí traballan e as profesionais que traballan. E, ademais, aínda que sabemos que o número de asuntos na comunidade autónoma non vai xustificar un equipo exclusivo dedicado a isto, si estaría ben que, polo menos, estudásemos a posibilidade de que existise, porque entón os informes serían inmediatos e potenciaría que ese testemuño —o que se considera a máis veraz— fose o utilizado nos informes e evitar nas sentenzas eses estereotipos negativos sobre as mulleres que consideran que, cando unha muller cambia a versión testifical, está mentindo.

E por iso fixemos esta proposición non de lei. O fin é axudar a que estas resolucións xudiciais conteñan perspectiva de xénero, aplicando a psicoloxía forense experimental. E, para iso, pedímoslle ao Goberno que o tempo de emisión dos informes por parte do Imelga se reduza e, como máximo, sexa de quince días dende o primeiro testemuño da muller; que se dote de máis profesionais os equipos de Pontevedra e da Coruña e que se equiparen na ratio á dos outros equipos que xa existen; e que se estude a posibilidade da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia.

Pode parecer algo abstracto ou algo estraño. Non o é, porque estamos a falar de que, cando logo nos medios de comunicación, ou sen ser nos medios, simplemente cando nos atopamos con sentenzas como a de La Manada, e —permítanme a expresión— con votos particulares «vomitivos» como o de La Manada, todos nos rasguemos as vestiduras.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** E os profesionais e as profesionais do mundo da xustiza din que ao mellor desta maneira iso non ocorrería. E creo que xa é necesario que algo se faga.



Gustaríanos que votasen a favor. Na xustiza máis do 70 % das persoas que traballan son mulleres; e das que toman as decisións —as que ditan as sentenzas— nos xulgados pequenos, máis do 62 % son mulleres. Algún día practicamente todas serán mulleres, pero cambiar a perspectiva de xénero e introducila nas sentenzas non é cuestión de que sexan mulleres ou sexan homes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** É cuestión de que neste Parlamento fagamos algo que sexa algunha vez produtivo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Si, efectivamente, a xustiza é un dos eidos onde máis hai que camiñar nesa necesaria perspectiva de xénero. E concordamos en que un instrumento que particularmente pode axudar a evitar sentenzas machistas é o Imelga, precisamente a través desas valoracións psicosociais. E, como vostede mesma propón na súa iniciativa, para que a xustiza preserve o seu carácter de servizo público con dignidade debe ter medios dignos, debe ter máis persoal, máis orzamento, e nós engadimos que tamén investimento en infraestruturas e mecanismos necesarios para garantir que eses informes psicosociais se fagan correctamente.

Pois ben, un destes medios fundamental é o Imelga. Xa explicou vostede que é o Instituto de Medicina Legal de Galicia e a especial importancia que ten no referido especificamente á violencia sobre as mulleres. Por iso consideramos fundamental a necesidade de reforzar esas unidades, as que máis carga de traballo teñen do Imelga, relacionadas non só con procedementos de familia e, especificamente, de violencia machista, senón con menores tamén. E non nos chega, por suposto, cos reforzos puntuais para ir intentando reducir esa lista de agarda, porque non é suficiente.

Concordamos nas reivindicacións profesionais do persoal do Imelga, que teñen reclamado, por unha parte, ese reforzo de persoal que vostede traslada ao Parlamento nesta iniciativa; senón tamén previr aínda máis esas infraestruturas que permitan unha mellor atención para reducir esa vitimización secundaria que se produce no proceso xudicial. E por iso facemos esa emenda de engádegas, sabendo que é redundante, porque é algo que está no Pacto de Estado, no que hai compromisos, pero aínda a xustiza non remata de dotarse de todos os medios que se necesitan neste eido, tanto de salas específicas para nenos, nenas e vítimas, como de instrumentos que permitan a gravación de actos procesuais e, consecuentemente, a redución da necesidade de que, por exemplo, no caso de menores acudan a edificios xudiciais.

Mesmo se ten producido, por esa falta de persoal, o feito de ter que acudir a equipos externos para poder facer este tipo de valoracións, polo cal concordamos absolutamente nesa nece-



sidade de máis persoal. E tamén na necesidade de comarcalización dos servizos do Imelga —e creo que foi vostede mesma a que trouxo unha iniciativa que o Partido Popular votou en contra— e no crucial que é esa intervención rápida nos procesos de violencia de xénero, nos procesos de abuso sexual infantil, e sobre todo que a intervención sexa de inmediato e que se preserve ese carácter de primeiro testemuño. Porque evidentemente —como vostede mesma tamén explicou— a memoria non é algo que quede estanco senón que se vai perdendo, que se vai reconstruíndo e que é influenciábel polos distintos elementos que poidan concorrer despois.

Polo tanto, concordamos absolutamente e imos votar a favor da proposición non de lei, independentemente de que se acepten ou non as emendas, que son simples engádegas e nas que tamén incluímos esa necesidade de coordinación entre todas as instancias para protexer ese primeiro testemuño. Porque moitas veces poden producirse intervencións innecesarias pola falta de coordinación entre as distintas instancias que interveñen no proceso xudicial.

O labor do Imelga, tanto no abuso sexual infantil coma nos casos de violencia de xénero, é preciso para esas valoracións, tanto psicosociais coma as valoracións integrais. Nos menores, por exemplo, é fundamental ese testemuño, porque moitas veces a única proba de cargo é ese testemuño do ou da menor. A pericia psicolóxica neste caso é fundamental. E, segundo esa doutrina que vostede explicou da psicoloxía forense experimental —creo que o dixen ben—, é necesario preservar ese primeiro testemuño, que tamén evita, por suposto, maior sufrimento a un menor ou a unha menor. E nos casos de violencia de xénero, o mesmo; e tamén para evitar esas sentenzas machistas a posteriori.

Polo tanto, trátase de dispoñer de máis medios, dispoñer de salas específicas, maior coordinación dos profesionais, garantir que esa intervención primeira poida facerse en condicións, poida facerse axilmente, e evitar ese proceso de revitimización que obriga, ás veces por descoordinación, a facer unha serie de intervencións que non son necesarias.

Imos votar a favor da súa proposición non de lei, téñanse en conta ou non as nosas engádegas, que veñen redundar no mesmo, na necesidade de medios que garantan a preservación dese primeiro testemuño nos casos de violencia de xénero. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Vilán, referireime logo a esta cuestión do Imelga, que é o obxecto da súa proposta. E, por certo, gustárame recoñecer o excelente traballo que fan os profesionais do Imelga, que é fundamental para o bo desenvolvemento da Administración de xustiza. Pero antes, e en referencia precisamente a estas consideracións que vén de facer sobre a perspectiva de xénero no ámbito xudicial, vou ler algo que recolle vostede na súa iniciativa. Di: «Escoitamos



e lemos que as sentenzas en xeral, e cando afectan as mulleres en maior medida, son machistas, androcéntricas e ditadas por persoas sen formación en perspectiva de xénero».

Ben, nós cremos que, se nalgunha medida nalgunha sentenza existe algún sesgo deste tipo, hai que traballar loxicamente para erradicalo. Pero en ningún tema —e neste menos— cremos que é boa a exaxeración. E con este tipo de consideracións creo que mandamos ás vítimas unha mensaxe de perda de confianza no sistema xudicial, de perda de confianza na independencia, no sometemento exclusivo ao imperio da lei, que debe rexer a actuación xudicial dos xuíces. E, por tanto, nós cremos que o sistema xudicial dispón de recursos para corrixir esas disfuncións que se poidan dar. Vostede mesma vén de referirse a unha sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, e o propio Tribunal Supremo vén de aplicar a perspectiva de xénero recentemente. E poñer en cuestión multitude de sentenzas que a diario se ditan en materia de familia, de violencia de xénero e que dan resposta a feitos e a circunstancias inxustas que afectan a tantas mulleres no noso país parécenos unha exaxeración.

Dicía vostede que lle iamos dar leccións de igualdade. Non, leccións de igualdade non lle imos dar, pero cremos que a exaxeración e inventar cousas nun tema tan importante coma este tampouco é bo. O señor Torrado véñse de referir hai un momento na súa intervención ao feito de que nos exames MIR acadan os homes os mellores resultados, coma se isto fora unha cuestión de xénero, obviando que os exames MIR son unhas probas tipo test de 250 preguntas que son anónimas, que van identificadas cun código de barras e, por tanto, non é posible que o examinador considere a condición do xénero da persoa que se examina. Creo que hai que ser rigorosos e creo que non hai que inventar cousas nin levar todo á exaxeración nun tema coma este. *(Aplausos.)*

Vostede, señora Vilán, ademais desta apreciación na súa iniciativa, recolle isto, e na parte dispositiva di: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia, tendo como fin último axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais conteñan perspectiva de xénero a través da aplicación da psicoloxía forense experimental,...».

Ben, se malo é que poñamos en cuestión a independencia xudicial, agora esta consideración, ou esta proposta que vostede nos fai, vén poñer en cuestión a independencia dos profesionais do Imelga, que deben estar sometidos na súa actuación unicamente a consideracións científicas. E dígolle isto porque a nós non nos corresponde valorar ou determinar como se deben valorar as probas ou os feitos nunha resolución xudicial. Tampouco nos corresponde a nós determinar como se deben elaborar esas probas e como se deben emitir os informes e os dictames dos profesionais do Imelga.

Existen evidentemente diferentes metodoloxías no ámbito da pericia médica forense. Vostede, señora Vilán, referiuse á psicoloxía forense experimental, pero non nos corresponde a nós determinar se o primeiro testemuño é máis veraz que os outros ou se a persistencia no tempo é un indicador de fiabilidade. Tampouco nos corresponde a nós establecer os protocolos que deben seguir as entrevistas para a elaboración destes informes. Son cuestións técnicas, señora Vilán, que ao noso entender están no marco da independencia que debe rexer a actuación dos profesionais do Imelga. E por iso o noso grupo, o Grupo Popular, ten pre-



sentada unha emenda na que suprimimos este encabezamento da parte dispositiva da súa iniciativa.

E no que se corresponde co resto dos puntos plantexan que os informes do Imelga se emitan nun prazo non superior a quince días desde o primeiro testemuño da muller. Eu voulle ler o que di a Memoria do Imelga 2017, a última coñecida: «A realización da pericia obriga na maior parte dos casos ao recoñecemento ou consulta, dos suxeitos que hai que valorar, nunha ou varias citas sucesivas, á realización de probas complementarias, valoración documental existente no procedemento e investigación bibliográfica...», e segue. A vostede non lle escapa seguramente cal é o procedemento, o funcionamento dos forenses e da actuación dos forenses. E seguro que vostede contempla que o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga dependerá das circunstancias de cada caso. E haberá casos nos que se poidan emitir os informes nos primeiros quince días e haberá outros nos que non. E, por tanto, condicionar o traballo dos profesionais ou as probas complementarias ou as valoracións que consideren oportunas é, sen dúbida, o que vostedes pretenden, condicionando o prazo de emisión destes informes.

Pero nós estamos de acordo en que se dote o Imelga dos medios precisos para que o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración integral de violencia de xénero sexan axeitados á actividade que se desenvolve. E por iso así o recoñecemos e recolleemos na nosa emenda.

Respecto da dotación de máis profesionais dos equipos de Pontevedra e da Coruña, pois dígolle o mesmo. A memoria do Imelga reflicte que diminuíu a valoración médica das lesións en relación co 2016 —respecto da de 2017, que é a que coñecemos— e que se incrementou a valoración integral da violencia de xénero. E tamén nos dá conta de que as pericias en clínica forense diminuíron en 2017 nun 5 % precisamente pola despenalización das faltas, que afecta nunha medida moi importante a tramitación xudicial dos accidentes de tráfico.

Por tanto, a dotación dos profesionais ¿debe vir así como vostede indica? Pois non, haberá que valoralo en cada ámbito territorial, en coordinación coa dirección do Imelga, e determinar cales son as necesidades en función da carga de traballo e tamén da poboación. E iso é o que recolleemos tamén na nosa emenda, que esperamos que considere.

Plantexa tamén, no terceiro punto, que se estude a creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Xa remato, señor presidente.

Non sería coherente centralizar estas unidades porque xa existe en cada subdirección do Imelga un equipo de unidades de valoración integral, e ademais hai numerosos acordos neste Parlamento, tanto en comisión coma en pleno, en relación coa comarcalización destas unidades de valoración. A comarcalización dos servizos do Imelga, especialmente as unidades



de valoración forense, recollémola incluso nunha resolución do debate do estado da Autonomía nunha transacción que formalizamos e que alcanzamos con vostedes.

Por todo isto, nós, nese afán de acadar un acordo nun asunto tan importante coma este, esperamos que acepten a nosa emenda e poidamos chegar a un acordo neste punto.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Dicía a señora Rodríguez Barreira que non estaba de acordo con esa afirmación de que proliferaban sentenzas machistas. Mire, nós dicimos máis, non é só que proliferen as sentenzas machistas, e que non son, como dicía vostede, deslices ou disfuncións, é que a xustiza é profundamente machista, o sistema é profundamente machista. Eu diría máis: é tamén clasista e reaccionaria.

Todos os debates que levamos tendo sobre violencia contra as mulleres e a súa resposta institucional, unha vez tras outra, poñen de relevo a insuficiencia de medios, a escaseza dos orzamentos, a falta de formación especializada e os fallos do sistema, de todo o sistema, que, como dixemos, é estruturalmente machista.

A conclusión é que estamos ante un problema de dimensións descomunais para o que as institucións non están á altura para darlle resposta. Na loita contra a violencia machista non pode haber excusas, e é preciso poñer todos os medios necesarios, comezando polos orzamentos. Por iso o BNG insiste unha vez tras outra —e farémolo todas as veces que faga falta— para que se dedique o 1 % do orzamento da Xunta á loita contra a violencia machista.

Un dos puntos críticos das políticas de prevención e loita contra a violencia machista é precisamente a chamada violencia institucional. E tamén é, señoras e señores do Partido Popular, violencia institucional que un dirixente político diga que: «*El maltratador es aquella persona que no se porta bien con las mujeres*». Isto tamén é violencia machista. *(Aplausos.)* Suñoño que terán algo que dicir sobre estas cuestións.

E por iso non é ningunha exaxeración. Nós dixemos e utilizamos o slogan de que «a Manada é o sistema». O sistema é a Manada.

Unha das razóns —isto está máis que sobradamente demostrado— pola que unha grande parte das mulleres agredidas non denuncian é que as que denuncian pasan por unha auténtica carreira de obstáculos, é precisamente a desconfianza respecto das institucións, e con-



cretamente respecto da Administración de xustiza. E máis alá dos lazos, máis alá dos minutos de silencio, son necesarios cambios profundos e decisións valentes para cambiar o sistema e, concretamente, a resposta xudicial, que xa digo é un dos colos de botella, un dos problemas críticos desta cuestión.

Por iso desde o BNG defendemos propostas que entendemos que son necesarias, que son urxentes, como por exemplo que haxa unha unidade de violencia machista na Dirección Xeral de Xustiza. Miren, isto non custa tanto, pero permitiría, por exemplo, supervisar, facer seguimento e impulsar o cumprimento das leis. Pedimos xulgados especializados en violencia contra as mulleres en todas as cidades e tamén a comarcalización. Pedimos infraestruturas dignas para todo o procedemento xudicial. Pedimos formación en materia de violencia contra as mulleres, de violencia machista, para todas as persoas, para todo o persoal que intervéñe no procedemento xudicial. Pedimos asistencia integral ás vítimas, tal como establece a lei, non é ningunha cousa extraordinaria. E pedimos máis medios nos xulgados, como, por outro lado, tamén piden os propios xuíces. Eu teño aquí unhas declaracións que fixo á prensa o xuíz de Betanzos, que precisamente incide nestas cuestións. Di que non hai especialización, que non hai formación, que ten que atender unha media de sete e oito xuízos, e entre un e outro ten que atender as vítimas e tomar decisións sobre a marcha sen practicamente apoio. Esta é a realidade, precísase eficiencia, precísase axilidade, precísanse medios para que non se tarde seis meses en emitir un informe, que é o que está pasando.

E precísanse máis medios no Imelga, isto é tamén evidente. É unha reivindicación eu creo que unanimemente recoñecida. Precisamos da dotación de máis persoal, de máis profesionais de medicina forense e psicoloxía forense. Pero isto non é suficiente. Unha das claves é a formación específica en materia de violencia de xénero que agora non hai por parte dos profesionais do Imelga. E tamén precisamos, necesitamos, equipos forenses especializados en violencia de xénero, que tampouco hai neste momento.

Polo tanto, o BNG vai apoiar esta proposición non de lei porque nos parece que é un paso adiante en todas estas reivindicacións que acabo de expoñer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer, en nome do meu grupo, o apoio de En Marea e do BNG.

Señora Rodríguez Barreira, efectivamente, vostedes respectan a independencia xudicial, só fai falla recordar aquelas declaracións do 19 de novembro do ano pasado, cando o seu portavoz no Senado, o señor Cosidó, dixo literalmente: «*Controlaremos la Sala 2ª del Tribunal Supremo desde detrás*». *(Aplausos.)*



Efectivamente, así foi, propuxéronlle o que hoxe é o presidente da Sala 2ª, que agora mesmo está en sala, probablemente celebrando ese xuízo do Procés. Vostedes querían manipulalo e, polo tanto, manipular o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Sala 2ª do Tribunal Supremo —esa mesma Sala 2ª—, tendo en conta que ía haber un xuízo, o que se está a celebrar agora mesmo. Vostedes, efectivamente, si que respectan a independencia xudicial.

Esta iniciativa non vai diso, e hai que ler o que se pide. Primeiro, en ningún momento na miña intervención utilicei a expresión «sentenzas machistas», en ningún momento; de feito, o que se pon na iniciativa —e vouno ler tal cal está— é: «Nos últimos tempos asistimos a un movemento de críticas basicamente negativas a algunhas sentenzas penais por non seren ditadas con perspectiva de xénero,» —non di machista— «o caso de la Manada é paradigmático». «Escoitamos e lemos que as sentenzas en xeral» non é que nós asumamos, senón que escoitamos e lemos, non se asume. «E cando afectan ás mulleres, en maior medida son machistas, androcéntricas e ditadas por persoas sen formación en perspectiva de xénero».

Iso é o que pon aquí, pero escoitamos e lemos non é «controlaremos a Sala 2ª por detrás», e queremos crer que iso non se vai facer ou que non se ten feito nunca no noso sistema democrático.

Hai que ler o que se pide. O que se pide é axudar eficazmente a que as sentenzas sexan ditadas con perspectiva de xénero, non obrigar a que sexan ditadas dunha maneira ou doutra, iso é non ter entendido nada. A psicoloxía forense experimental claro que é científica, por suposto que é científica. Nós non inventamos absolutamente nada.

E precisamente porque vostedes teñen o apoio dun partido político que pide a derogación da Lei de violencia de xénero, non inclúen vostedes no texto, exclúen, quitan dun plumazo, a referencia á perspectiva de xénero que vén na nosa proposición non de lei. Non sei se vostede falou con Vox previamente para facer a súa emenda, que, evidentemente, imos rexeitar porque cambia radicalmente o sentido desta proposición non de lei, e nós non necesitamos, o Partido Socialista non necesita, falar con Vox para facer as súas iniciativas. *(Aplausos.)*

Por último, con relación á emenda de En Marea, como de hoxe para mañá temos tempo, cremos que aporta á nosa proposición non de lei orixinaria e aceptamos o punto 4. É certo que necesitan eles mesmos, e así o din, infraestruturas que sexan eficaces. E quizais cremos que o punto 5 se podería introducir nalgún dos outros puntos que veñen na nosa iniciativa.

Escoiten máis os profesionais e as profesionais do Imelga, sobre todos aos que traballan en Pontevedra e na Coruña, á propia dirección do Imelga...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...e de aí poderán saber que esta iniciativa non é inventada e é absolutamente certa.

Grazas. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

¿Queda pendente a transacción? ¿Queda pendente unha transacción? ¿Dinos algo mañá?

Vale, grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44588)*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo para que, unha vez estudada a práctica desenvolvida nos Estados membros da Unión Europea en materia de xestación subrogada, e tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social deste asunto, así como a dimensión transfronteiriza e as súas implicacións no exercicio dos dereitos humanos que a UE garante, este elabore un marco normativo homoxéneo no ámbito da Unión Europea, que deberá garantir o respecto da dignidade da muller e o interese superior dos menores, así como solventar a problemática da filiación dos menores concibidos baixo esta práctica en países alleos á Unión Europea.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

Soaralles esta iniciativa porque unha ben semellante foi presentada e defendida polo BNG neste Parlamento en xullo de 2017. A razón de que volvamos traela á Cámara, de que volvamos traer ao Parlamento este debate, é que volven tamén ao ataque as voces que defenden a regulamentación e a legalización dos ventres de alugueiro no Estado español e, por extensión, na Galiza.

E aquí quixera determe na primeira consideración que queríamos poñer enriba da mesa, desde o BNG, hoxe. Non se trata dun debate promovido polas mulleres da Ucraína ou de Rusia, dos Estados Unidos ou de Tailandia que son usadas como xestantes para defender os seus dereitos, senón que se trata dun debate introducido e promovido con entusiasmo e urxencia polas axencias internacionais, os bufetes de avogados e as parellas contratantes, que



atopan dificultades —e cada vez máis— para inscribir as crianzas mercadas a través do alugamento dun útero.

Isto pon de manifesto que detrás deste debate está o inmenso e lucrativo negocio que envolve os ventres de alugueiro a nivel global. Non é estraño que se abra e reabra permanentemente nestes momentos o debate sobre a súa regulamentación no Estado español a través dos medios de comunicación e determinados partidos políticos.

Vivimos nun contexto neoliberal, que sacraliza a liberdade individual, promove o libre mercado sobre calquera ámbito e non soamente sobre a economía, senón da sociedade mesma. Unha sociedade de mercado na que ter diñeiro lexítima —ou iso cren— para acceder a bens, servizos, recursos, para materializar vontades, desexos, mesmo en contra dos dereitos colectivos máis elementais. E a maternidade e a paternidade son iso, un desexo, lexítimo absolutamente, mais cuxa satisfacción non pode ser rexida pola lóxica do mercado, vulnerando dereitos colectivos.

O Parlamento Europeo advertiu xa en 2014, no seu informe anual sobre dereitos humanos e a democracia no mundo, que o ventres de alugueiro constitúen unha práctica contraria á dignidade humana das mulleres, xa que o noso corpo, o seu corpo, e as súas funcións reprodutivas son empregadas como materia prima, e insta a que sexa prohibida esta práctica internacionalmente por implicar a utilización do corpo con fins financeiros, ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento.

Falamos de persoas. Ás veces parece que non, pero falamos de persoas, tanto as mulleres que son reducidas a un corpo xestante como as crianzas resultado da sinatura dun contrato de compravenda que oscila o seu custo entre os 50.000 e os 240.000 euros, dependendo do país.

¿Viron algunha vez un contrato de alugueiro de ventres? Porque nesa idea absolutamente dulcificada e banalizada do que supón alugar un útero rara vez se fala disto. Non é doado atopar un, pero tamén é verdade que non é imposible, entre outras cousas, porque as axencias e os lobbys difunden mensaxes moi controladas a respecto destas practicas e as súas consecuencias.

A partir do momento da sinatura do contrato, as mulleres perden a posibilidade de adoptar calquera tipo de decisión sobre os seus corpos en virtude das cláusulas do mesmo, desde a alimentación, o estilo de vida e hábitos até a posibilidade de manter relacións sexuais ou non durante o embarazo, pasando, por suposto, pola posibilidade ou non de interromper voluntariamente o seu embarazo. E non me invento nada.

Sei que pode parecer unha distopía, é dicir, unha sociedade ficticia, absolutamente indesexábel, máis propia da sociedade dalgunha novela saída da mente de Huxley, pero non, miren, a principal asociación española a prol da legalización destas prácticas promoveu unha iniciativa lexislativa popular, que está accesíbel na rede, na que di literalmente no artigo 5.4: «Se a muller xestante por subrogación» —que fora de eufemismos é o corpo alugado— «se acolle á interrupción voluntaria do embarazo prevista nas causas que recolle o artigo 14 da Lei orgánica 2/2010, de interrupción voluntaria do embarazo e dereitos sexuais e repro-



ditivos, deberá devolver calquera cantidade que tivese recibido dos proxenitores subrogantes» —que traducido á linguaxe non eufemística son a parte que contrata— «e indemnizalos polos danos e prexuízos causados».

Se eu vou a un concesionario, merco un vehículo e o concesionario non mo dá, a min téñenme que indemnizar. Aquí o que se lle chama a iso é altruísmo por compensación.

Para garantir que as condicións do contrato se cumpren, na Ucraína, que é agora mesmo a capital europea do alugueiro de ventres, existen inmobles nos que se monitoriza e vixía con cámaras as mulleres durante as 24 horas do día. Ademais, as axencias venden este control como reclamo publicitario. Parece increíble pero non o é. Miren o que di unha das axencias máis importantes de alugueiro de ventres na Ucraína: «As nosas donantes, saudables, mozas e moi atractivas —porque ademais de alugar o útero, polo xeral tamén son donantes de óvulos— son un grande orgullo para a nosa clínica. As nais de alugueiro están baixo o control e tutela dos coordinadores durante 24 horas ao día. Por iso, a clínica e responsable non só do estilo de vida, senón tamén da alimentación e exames médicos necesarios para a súa tranquilidade». A súa, da persoas que contrata.

Hai contratos premium que garanten a selección do sexo da crianza e a posibilidade de elixir a muller-útero —porque ademais de clasismo hai un racismo rampante: prefírense mulleres caucásicas—, a diagnose xenética preimplantacional, determinar se vai ter ou non algún tipo de enfermidade no transcurso da propia xestación, ou a posibilidade de repetir o proceso dúas ou máis veces se o produto-bebé posúe algún tipo de malformación, discapacidade ou simplemente non se produce o embarazo a primeira vez; repetición que se fai coa mesma muller ou con outra.

Eu tráíolles o artigo 4, selección da xestante e honorarios, dun contrato tipo en California, que, non sei se o saben, foi o primeiro país no mundo que regulamentou esta práctica.

«Artigo 4. Selección da xestante e honorarios. A axencia axudará os pais intencionados» —de novo a linguaxe aséptica, eufemística completamente, para desnaturalizar e deshumanizar todas estas prácticas— «axudará as persoas que contratan a selección da futura xestante, o cal se baseará nas súas preferencias explícitas. Os pais intencionados terán pleno dereito a aceptar ou rexeitar unha posíbel xestante, sexa cal for a causa.

No caso de que as persoas que contraten seleccionen unha xestante e esta non comezase o ciclo de medicación durante os 90 días desde a data en que as persoas que contratan contrataron os servizos da axencia, entón a axencia resérvase o dereito de poñer esa xestante á disposición doutros clientes. Isto é unha fábrica e aquí non se perde un euro.

Desde o BNG afirmamos con absoluta rotundidade que estamos diante dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos e dignidade das mulleres, tratadas, como poden comprobar, como se fósamos gando. Por iso rexeitamos con clarezza que se trate dun debate, como se pretende limitar ou presentar a través dos medios de comunicación e por parte de determinadas forzas políticas, como se estivésemos a falar dunha técnica de asistencia para a reprodución ou da garantía da maternidade e paternidade en modelos de familia diversos.



Na realidade, falamos da satisfacción do desexo de reproducir o modelo tradicional de familia nuclear, baseada en crianzas coa mesma carga xenética que as persoas proxenitoras, que sexa teu. Ter descendencia biolóxica non pode ser concibido como un dereito, é un desexo absolutamente lexítimo, pero nunca pode superporse ese desexo ou interese particular á salvagarda do ben común e á igualdade das mulleres. É aberrante escoitar a un presidente da Xunta de Galiza dicir que o alugamento de úteros está ligado ao problema estrutural da natalidade. Están recollidas as declaracións do ABC.

Dixo o presidente da Xunta: «É certo que estamos ao borde de formulacións éticas, máis a ética ao longo dos séculos vaise axustando. As formulacións éticas do século XVIII non son as do século XXI.» Poñer mulleres pobres de países en desenvolvemento a parir para satisfacer os desexos da clase media de occidente é bastante decimonónico, señorías. *(Aplausos.)* Reducir a existencia das mulleres á capacidade de reprodutiva e converternos en incubadoras é absolutamente medieval.

Hoxe traemos o debate de novo a esta cámara para que o Parlamento de Galicia se posicione en contra da legalización, regulamentación e banalización desta práctica, por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas mulleres do sur, empobrecidas e vulnerábeis, máis tamén para que calquera reforma que se leve a cabo vaia encamiñada a disuadir e impedir esta práctica non só no Estado español, senón e sobre todo, como reclaman as institucións e o movemento feminista internacional, a nivel global.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, acabo de escoitar unha manifestación que como xurista non podo deixar pasar. Acábase de dicir aquí que a xustiza é machista, clasista e reaccionaria. Só podo subscribir esa afirmación se nos referimos á actual ministra de Xustiza, e eu engadiría: e ademais é homófoba, porque unha ministra que nunha conversa cun xuíz condenado por prevaricación, e coa hampa policial, dixo que prefería tribunais de homes e non de tías, ¡de tías! *(Aplausos.)* Esa ministra de Xustiza tan feminista que se senta no Consello de ministros e ministras, esa ministra que forma parte dese goberno tan feminista e que dixo que lle parecía boa idea que se contratasen prostitutas para sacarlle información a políticos e empresarios. Esa ministra que mirou cara a outro lado cando uns compañeiros estaban —imos dicilo suavemente— xogando con menores, favorecendo a explotación sexual de menores.

Señorías, se queren dicir que a xustiza é iso, só a ministra de Xustiza, pero por desgraza a ministra de Xustiza non representa, nese sentido, a todos os profesionais que traballan na xustiza, nin xuíces, nin maxistrados, *(Aplausos.)* nin ningunha persoa que traballa na xustiza en España. O Grupo Parlamentario Popular non vai consentir que se faga esa afirmación tan xenérica sobre todo o persoal e sobre toda a xustiza deste país.



Ben, hoxe debatemos a mesma proposición do BNG que trouxo a debate o 11 de xullo de 2017, ¡exactamente a mesma! Tanto a exposición de motivos como a proposta de resolución é unha copia-pega; un copia-pega que trae o Bloque Nacionalista Galego —di a señora Rodil— non porque estea de actualidade. ¡Home!, a verdade é que é bastante oportunista, señora Rodil, que, xusto no momento en que hai un número importante de familias españolas que non poden saír de Ucraína cos seus bebés, Bloque rexistre a mesma iniciativa que rexistraron en xuño do 2017 e que debatemos en xullo do 2017. ¿Pensa que o Partido Popular vai ter un posicionamento distinto? Non, mire, a nós caracterízanos a coherencia. (*Murmurios.*)

Eu xa sei que é difícil, é difícil, é difícil, pero nós temos coherencia e presentamos a mesma emenda que presentamos no seu día. Certamente, este problema das familias en Ucraína que se está producindo no mes de xaneiro, produciuse no mes de agosto. ¿E que fixo o Goberno? Pois o Goberno no mes de agosto fixo o mesmo que fixo agora en febreiro, un parche. Dicar: imos deixar que se inscriban estes que teñen o problema, pero nin un só máis. Non imos admitir que ningún bebé que veña doutro país por xestación subrogada poida inscribir a súa filiación en España. Sucedeu en agosto, 69 familias; sucede agora en xaneiro, 39 familias, e seguimos.

Nós consideramos que hai que ter unha regulación máis ampla que a que se ten, porque hai países da Unión Europea onde se permite. Dígame, señora Rodil, ¿vostede que fixo aquí? Falou todo o rato de intercambio económico, de que eran mulleres en países subdesarrollados, citando a Estados Unidos polo medio, non sei. Pero, ¿a vostede que lle parece o modelo portugués? ¡Claro!, xa sei que para vostedes Estados Unidos é un país en desenvolvemento; outros temos outra opinión. Pero dígame ¿cal é a súa opinión do modelo portugués? Gustaríame sabelo.

Pois ben, xa que hai diferentes regulacións no mesmo espazo Schengen, que temos unha gran permisividade no Reino Unido, Portugal ou Grecia e prohibición absoluta en Holanda, Alemaña, Francia, Italia, Suíza, Austria, Finlandia ou España, pasando por unha indefinición legal en Irlanda, República Checa ou Chipre. Tendo en conta que en España o Tribunal Supremo ten dito unha cousa e a contraria; ten prohibido a inscrición da filiación dun neno e despois permitir a de outro. Tendo en conta que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ten dito en casos concretos que tanto Italia como Francia —nos dous casos, no Labassee e no Campanelli—, que o estableceron no seu estado de orixe, tanto en Italia como en Francia, foron máis aló do que permitía a súa marxe de discrecionalidade, polo que en ambos se ignorara o dereito dos nenos ao respecto á súa vida privada, violando o artigo 8 do Tratado.

Eu non sei se son vostedes europeístas ou non ven máis alá do Telón de Grelas, pero somos Unión Europea, e como somos Unión Europea, hai estes problemas; e como hai estes problemas, hai que resolvelos na Unión Europea. En Galicia non temos competencia. As Cortes Xerais tampouco teñen competencia para resolver estes conflitos de dereito internacional privado, señora Rodil. Por tanto, nós o que queremos é que o Parlamento Europeo se manifeste.

Non é unha cuestión fácil. Vostede sabe que a Conferencia de La Haya leva cinco reunións, a última en setembro, e teñen prevista outra para agora, para febreiro, porque non son capaces de chegar a un acordo pola complexidade do asunto.



Eu non sei, supoño que como vostedes o resolveron nunha asemblea do Bloque, dicindo ¿a favor ou en contra?, como fan vostedes... Pois mire, nós non, nós non. Non é unha cuestión de a favor (*Murmurios.*) ou en contra.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Nós queremos unha regulación para este asunto. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Nós non imos entrar no fondo do asunto. Queremos que haxa unha regulación clara porque neste momento, señora Rodil, non a hai. E se en La Haya non son capaces os vinte expertos que están traballando nese informe, non creo que...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...o Bloque Nacionalista Galego teña capacidade para vir aquí e dicirnos o que están debatendo na Unión Europea moitas persoas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...con moito coñecemento porque isto excede de moitas cousas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Unha cousa máis, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non. Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Só lle digo unha cousa: pensen no interese superior dos menores, aos que vostedes non citan na súa iniciativa nin na exposición de motivos nin na proposta de resolución. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora VILÁN LORENZO:** A señora Paula Prado sabe ben que eu podería coller os papeis e levarllos aí perfectamente. Marchou o que acaba de facer o comentario. Pero a deputada Paula Prado sabe ben que eu podería coller os seus papeis e levarllos, non entendo moi ben a que veu ese comentario.

Nós imos votar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós imos votar a favor...

**O señor PRESIDENTE:** Fíxeno eu, señora Vilán. Dixen que lle...



**A señora VILÁN LORENZO:** Non, non foi vostede, presidente. Foi despois de que falase vostede. (*Murmurios.*) Non, non, dá igual, dá igual. Xa marchou o deputado que fixo o comentario, entón, dá igual.

**O señor PRESIDENTE:** Vamos ao debate.

**A señora VILÁN LORENZO:** Efectivamente. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, xa está. Silencio, é un tema serio. Silencio, por favor. (*Próncianse palabras que non se perciben.*)

Xa está, xa está. É un asunto que non ten transcendencia. Quedáronlle os papeis e díxenlle que os viñeran coller. Nada máis. Acabouse o debate. ¡Por favor!

**A señora VILÁN LORENZO:** Claro, efectivamente.

**O señor PRESIDENTE:** Vamos a este tema que é un tema serio, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Efectivamente, é un tema serio, e como é un tema serio que fala de úteros, eu creo que hoxe é imprescindible citar a alguén que no seu tempo libre é xinecólogo, ou parece selo, e que di: *Creo que es bueno que las mujeres sepan lo que llevan dentro. Es bueno conocer que lo que llevan dentro es una vida autónoma.* O señor Casado, que é o seu xefe, a parte de ser —vouno dicir así— un absoluto ignorante porque non levan unha vida autónoma, levan unha vida dependente; precisamente por iso está dentro do seo materno, depende da vida da nai.

Á marxe diso e das consideracións de cada cal, nós imos votar a favor desta iniciativa porque estamos en contra dos ventres de alugueiro. Non se chama nin maternidade subrogada, nin maternidade por substitución, nin ningún eufemismo parecido, é alugar o útero dunha muller para poder crear un fillo ou unha filla para outras persoas. Niso é no que consiste. Biologicamente, de momento, non é posible subrogar a maternidade; de momento, polo menos. Por iso non se pode chamar maternidade subrogada.

Legalizar os ventres de alugueiro vulnera, por un lado, os dereitos fundamentais desas mulleres, a súa dignidade e a súa integridade física e moral. E, por outro lado, vulnera tamén os dereitos dos fillos ou das fillas, ese interese superior do menor do que falaba a señora Prado, e así o di o Comité dos dereitos dos nenos de Nacións Unidas, que vulnera os dereitos desas crianzas.

Ademais, a maiores prexudica a aquelas mulleres que son máis novas, máis pobres, con maiores necesidades económicas, porque son elas as que van asumir a carga —literal e fisicamente— de levar esa vida dependente dentro de cada unha delas para unhas terceiras persoas. ¡A historia está chea de mulleres que fixeron iso para satisfacer os desexos de familias *pudientes!* *El cuento de la criada* creo que lles soa de alguén. Os nenos roubados durante a ditadura franquista creo que tamén nos debería soar de algo. E as nodrizas que amamantaban os fillos e as fillas das señoras que se dedicaban a outras cousas creo que tamén nos soa.



E a ninguén se lle escapa que calquera posibilidade de elección individual, sexa dunha muller ou sexa dun home, ao longo da vida está determinada pola posición socioeconómica de cada un, e neste caso, nos casos dos ventres de alugueiro, especialmente. Non existe —como ben dicía a señora Rodil— un dereito á paternidade ou á maternidade, e así nolo di o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nunha sentenza do 24 de xaneiro de 2017. Esa sentenza á que se refería a señora Prado, do caso Campanelli, efectivamente di: «Non hai un dereito a ser pais. Aceptar deixar a eses nenos cos pais adoptivos suporía legalizar a situación de feito creada por aqueles con violación de regras importantes do dereito italiano». Iso foi o que dixo o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos no ano 2017. Porque o desexo dunha persoa a ter un fillo non se pode materializar aplastando os dereitos fundamentais dunha muller e os dereitos dun neno. (*Aplausos.*) Non pode ser así, non pode ser así. É sinxelo.

No ano 2017, o Comité de Bioética de España rexeitou os ventres de alugueiro, e fai referencia á nulidade deses contratos que o Tribunal Supremo dixo reiteradamente en 2014 e en 2015. Ademais, recentemente, a finais do ano pasado, o Observatorio de Bioética e Dereito da Universidade de Barcelona volveu reiterar ese rexeitamento polas situacións de vulnerabilidade que crea para esas mulleres e para esas crianzas. Non é unha técnica de reprodución asistida nin é unha forma de colaboración reprodutiva, é a explotación de mulleres que economicamente necesitan eses cartos a través da utilización do seu corpo por outras persoas.

Imos votar a favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Nós tamén, por suposto, imos apoiar esta iniciativa porque concordamos que esta práctica dos ventres de alugueiro é a comercialización extrema dos corpos das mulleres e tamén —aquí se mencionou— dos nenos e das nenas, non só das mulleres, tamén dos nenos e das nenas. Se tanto se defende o interese superior do menor, tamén haberá que pensar que se está comprando e vendendo nenos e nenas.

En realidade, todo este debate, por desgraza, leva moito tempo falseado na maioría dos medios de comunicación, porque as imaxes coas que nos bombardean constantemente son familias idílicas, só se pon o foco nestas familias, futuras e moi felices, pero ocúltase sistematicamente a situación que viven as mulleres xestantes, que son as principais afectadas, como aquí se mencionou, vixiadas, controladas, moitas delas tendo que compartir un espazo como se fora un cárcere. Moitas veces, cando falamos desta cuestión, é verdade que a realidade supera a ficción. Moitas veces, por desgraza, a realidade déixanos imaxes escalo-friantes como é este tema, na nosa opinión.

Concordamos en que o punto de partida fundamental é defender dereitos e desexos. A paternidade e a maternidade son desexos lexítimos, pero son desexos que non poden garantirse





se estes entran en colisión con dereitos fundamentais das mulleres. Para nós aí está o debate fundamental. Non se pode falar en abstracto. ¿Estas mulleres que condicións teñen? Porque a pesar da demagogia que se fixo, falando aquí de Estados Unidos, sabe perfectamente a señora Prado cales son estas mulleres xestantes, de que países son a gran maioría e, sobre todo, que condicións económicas teñen. Sábeno perfectamente, como para facer —na miña opinión— esa demagogia.

É mentira que estas mulleres se lucren e gañen grandes cantidades de diñeiro. Quen realmente se está lucrando desta práctica son empresas, son *lobbys*, que son moi potentes. Só hai que ver un exemplo, como foron as feiras que fan, como se fora unha feira de mulleres, onde se din absolutas barbaridades. Hai pouco tivo lugar unha feira en Madrid, e eu preguntome que pasaría se houbera unha feira de venda de órganos. Obviamente, non estaría permitido. E eu preguntome, se esta práctica é ilegal no noso país, ¿por que temos que aguantar que haxa un escaparate, un *stand*, privilexiado para empresas que están defendendo prácticas que non son legais no noso país?

Como digo, estas empresas, os avogados, as clínicas de fertilidade, as clínicas que ofrecen o pac completo, gañan moitos millóns. E a porcentaxe de diñeiro que vai para a muller xestante e a porcentaxe de diñeiro que vai para estas empresas, obviamente é aberrante.

Sobre todo, nós concordamos en que non podemos falar de liberdade nun contexto como o actual, de libre mercado, de desigualdades extremas —como dicía—, cando as mulleres que exercen esta práctica son mulleres con baixos recursos económicos, para non regularizar os ventres de alugamento e regularizar a desigualdade, porque, obviamente, é pór prezo a un desexo que non debería ser a custa dos dereitos e dos corpos das persoas con menos recursos.

Como digo —insistimos—, nós falamos das mulleres, dos corpos das mulleres, pero tamén dos nenos e das nenas. E teño que dicir que a emenda do Partido Popular e a propia intervención a nós parécennos intolerables. (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min parécenme intolerables e voulle explicar por que.

Creo que non é un insulto dicir a palabra intolerable. A min, persoalmente, paréceme intolerable, e explícollo. ¿Como pode falar con tanto cinismo de que non se pode legislar, de que non hai competencias, cando o presidente Feijóo fixo declaracións nos medios de comunicación falando de regularizar esta práctica? Nese momento non lle preocupou en absoluto dicir as súas opinións. Ían debatelo no partido, no seu congreso. Este debate, de feito, unha das primeiras organizacións que o puxo enriba da mesa, ademais das empresas, foi o Partido Popular, e non foi o Partido Popular de Murcia, foi o Partido Popular andaluz e o partido Popular de Galicia, con Feijóo e con Tellado. A hemeroteca está aí para revisar. Daquela si tiñan opinión.

Ao mellor tiña que intervir aquí Feijóo e dicir que opina desta proposición non de lei. Non diga que non se pode falar desta cuestión porque é unha cuestión moi complexa e que hai que estudar, cando para dicilo nos medios de comunicación non tiveron absolutamente ningún problema e non lles parecía esta unha situación en absoluto complexa; daquela era moi simple.



Entón, eu creo que non ten moito sentido que veña utilizar un argumento que para o único que serve é para darlle unha patada para adiante; para dicir que non se pode facer absolutamente nada porque non nos podemos posicionar.

Por certo, nesta Cámara moitas veces temos debates para instar tanto o Congreso dos Deputados como tamén a outras institucións europeas, este tampouco é un motivo co que poñan argumentar, porque moitas veces temos iniciativas que piden e que exixen a outras instancias que se tomen determinadas decisións. Obviamente, eu creo que non teñen unha posición consensuada e din iso, pero entón, polo menos, falen con claridade e digan que non o teñen claro, que hai diferentes opinións no partido sobre esta cuestión, pero non diga que a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego non ten sentido, porque nós entendemos que si que o ten, e que teñen todo o dereito a traer unha iniciativa como esta para falar dun tema fundamental.

E vou rematando con que, realmente, onde temos que poñer o centro é en defender a vida en liberdade das mulleres, en liberdade con recursos, pero non a liberdade de mercar e comprar todo o que se nos ocorra. O libre mercado vai dando pasos axigantados de mercantilizar absolutamente todos os espazos da nosa vida, tamén o noso corpo, e nós cremos que aí é onde temos que pór unha das barreiras fundamentais. Co corpo das mulleres non se pode seguir negociando, nin cos dereitos que temos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

¡Como imos opinar nós, xentes do Bloque, militantes nacionalistas, de algo, sen pedir permiso para poder opinar, para poder pensar, para poder debater, para poder presentar iniciativas con absoluta liberdade! (*Aplausos.*) É que nos queren levar a un modelo de sociedade, en paralelo coas posicións que expresaba a señora Prado, da que eu, sinceramente, ¡paren o mundo porque baixamos!, ¡baixamos!

Temos todo o dereito e lexitimidade do mundo para ter unha posición política clara a respecto das cousas, debatida, formada, feita pública, ademais, moito antes de iniciar este debate no Parlamento galego. A que non temos clara é a do Partido Popular, porque a señora Prado veu aquí, nunha fuxida cara adiante absolutamente, para non dicirnos que pensa, para ocultar a súa ideoloxía —moito tememos— de defensa de modelos e prácticas de explotación dos corpos das mulleres para criar (*Aplausos.*) nenos, bebés, produtos, para outros, para outros, sexa na Galiza, no Estado español ou en calquera lugar do mundo. ¡Paren o mundo, porque polo menos as militantes do BNG baixamos!

Non sei se é porque non nos queren dicir o que pensan, que iso sería un exercicio de cinismo e hipocrisía absolutamente, ou porque resulta incómodo e molesto, moi molesto e moi in-



cómodo, nas filas do Partido Popular. Ese é o problema, que hai persoas aí sentadas que estou segura de que non comparten en absoluto a intervención que fixo hoxe a portavoz do Partido Popular.

Nós estamos absolutamente en contra da posición que intenta manter, nesa fuxida cara adiante, a portavoz do Partido Popular, e entendo que, por extensión, tamén o conxunto do grupo do Partido Popular, que é intentar crear realidades pola vía dos feitos consumados. Como hai explotación de mulleres para este tipo de prácticas na Ucraína ou en Grecia ou no Reino Unido... —podemos falar dos casos do Reino Unido, de como se van a países como Ucraína, precisamente, porque non hai mulleres británicas que queiran prestarse a esas prácticas, de acordo cos datos que ofrece o Ministerio de Sanidade do Reino Unido, podemos falar deses casos se queren—, vostedes queren crear realidades pola vía dos feitos. E nós, nese sentido, non estamos para nada de acordo, en defensa, primeiro, dos dereitos das mulleres e dun modelo de sociedade baseado en valores, en defensa do ben común e dos dereitos colectivos, non da mercantilización para satisfacer desexos individuais, particulares.

Antes falábase aquí dos nenos e facíase referencia ás declaracións do máximo líder, amado líder, do Partido Popular, o señor Casado, que nos di que xa a partir das primeiras semanas de xestación é unha vida autónoma. A ver que lles parece a vostedes isto, de acordo cos seus parámetros e valores de escala ética, que non teñen por que ser os meus. ¡A ver que lles parece! Isto é un contrato dun ventre de alugamento, conseguímolos grazas a unha traballadora, avogada de dereitos humanos, Nuria López, que fixo un traballo de investigación brutal para destapar todo o que hai detrás destas axencias. Entre outras cousas, sinálase cal é o sobrecargo se tes un embarazo xemelar, que en procesos de inseminación artificial é bastante habitual, pero tamén cales son as cotas que debes pagar para reducir eses embarazos. Redución de embarazo múltiple: de trillizos a mellizos ou de mellizos a fillo único, ten un sobrecusto de mil euros. Redución de embarazo de trillizos a fillo único, 1.500 euros.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** A decisión, por suposto, non a toma a muller xestante, senón as persoas que contratan o alugamento dese corpo.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Unha única cuestión. O Partido Popular, no último congreso nacional —creo que se chama así—, incorporou aos seus estatutos o voto por conciencia. Naquelas cuestións non incluídas nos programas electorais que atenten directamente contra os seus valores e os seus principios éticos —insisto, non teñen por que ser os meus—, permíteselles...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...a liberdade de voto.

Non imos aceptar a emenda. Voten libremente. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá as dez da mañá.

Boa tarde.


*Suspendese a sesión ás sete e trinta e oito minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

